

AUNIOS

Nº 10

MAIO 2005. Día da Letras Galegas

As Illas nas Rutas Xacobeas

ASOCIACION CULTURAL-GASTRONOMICA

Pineiróns




REVISTA "AUNIOS"

Dedica o seu nº 10 ás

CAMIÑOS DE SANTIAGO: AS ILLAS NAS RUTAS MARÍTIMAS

Como Asociación Promotora do Camiño de Santiago e, debido a que a maioría dos seus membros son grandes afeccionados ao mar, queremos dedicar



Illas de Onza. Ruta Marítima Atlántica

este nº 10 da nosa Revista ás Illas que engalanan, adornan e embelecen a nosa costa e que foron testemuñas mudas, pero moi activas, da nosa historia e das numerosas singraduras que se fixeron coa teima de buscar unha entrada marítima cara a Compostela.

Catro son as Rutas que teñen como fondo a costa e o mar:

- Ruta Marítima Arousa – Ulla
- Camiño do Norte. Dende Ribadeo
- Camiño Inglés. Dende Ferrol e a Coruña
- Camiño de Fisterra – Muxía.

1º.- Ruta do Mar de Arousa – Ulla

Discorre ao longo da ría de Arousa para, despois de remonta-lo río Ulla, chegar a Pontecesures dende onde se seguirá a andaina cara a Santiago a pé polo Camiño Portugués.

Foi a Ruta marítima mais empregada e diso dan boa referencia histórica as numerosas incursións, de todo tipo, que se levaron a cabo por ela ao traveso dos séculos e que obrigaron á construción, ao longo das súas marxes, de "Fachos" de aviso, Castelos – Fortalezas para


a defensa, emprazamentos comerciais e zonas de construción e reparacións navais.

É unha Ruta de interesantísimo valor por mor das diferentes historias particulares dos pobos que a limitan, pero, coidamos que queda un pouco curta e deberíase ampliar cara ao sur, seguindo a singradura que fixo o Apóstolo, na súa derradeira viaxe, ao carón das Illas Atlánticas no seu barco de pedra dende Palestina antes de meterse pola ría de Arousa. É dicir, a Ruta Marítima debería comezar en Galicia na desembocadura do río Miño, na Guardia, e seguir polo Atlántico pasando polas Illas Cíes (sen esquecerse da Ría de Vigo e das illas de Toralla e San Simón); Illas de Ons (sen deixar atrás a ría de Pontevedra coas súas illas de San Bartolomeu e Tambo) e xa entrar pola Illa de

Sálvora na ría de Arousa cara ao río Ulla, visitando as Illas de Rúa, Toxa, Arousa e Cortegada.

2.- As Rutas do Norte: Camiño do Norte

O Camiño do Norte ven percorrendo a costa norte da Península Ibérica dende Irún e recala en Galicia por Ribadeo. Parece ser que ata mediados do século X foi un dos Camiños máis empregados e seguro, aínda que a súa vertente marítima non o era tanto.



Ilotes de Cabo Vilán. Camiño Fisterra – Muxía

3.- A Ruta do Noroeste. Camiño Inglés

Era unha ruta empregada polos peregrinos que viñan do norte de Europa e das illas de Gran Bretaña e Irlanda. Resultaba máis cómoda, rápida e ata económica que os Camiños terrestres, pero tamén contiña moitos riscos e perigos.

Illa de Santa Cruz. Camiño Inglés



Aínda que os portos de arribada eran os do norte, principalmente, Ferrol e Coruña, temos que pensar que moitas destas peregrinacións marítimas preferían achegarse a Compostela por costas máis tranquilas e, comercialmente, máis frecuentadas como eran as das Rías Baixas.

É por iso que nesta Ruta non podemos esquecernos de estudar esas illas que, seguro, serviron de refuxio, apoio loxístico e ata de aprovisionamento como son: A Coelleira na mariña lucense; As Gabeiras na praia de Doniños (Ferrol); a de Santa Cruz, na praia de Mera (Coruña). as Sisargas en Malpica; as Lobeiras, na ría de Corcubión; a da Creba, no interior da ría de Muros; para chegar á de Sálvora protexendo a ría de Arousa, como as máis importantes desta Ruta Norte – Noroeste.

4.- Camiño de Fisterra – Muxía:

Xurde este Camiño na Idade Media por mor de que moitos peregrinos, despois de honrar ao Apóstolo seguían viaxe ata Fisterra co fin de complementar a visita cara a Virxe da Barca en Muxía e Santa María en Fisterra.

Hoxe podémola establecer como unha ruta máis que é escollida e seguida por moitos peregrinos


para facer un Camiño, tanto na idea de ir de Santiago ata a costa, Fisterra – Muxía – Laxe; como ao contrario, comezando a peregrinaxe nestas costas cara a Compostela e visitando lugares tan interesantes historicamente, ao carón dos xa mencionados de Muxía e Fisterra, outros como Cee, Corcubión, Santa Comba, Negreira,...

Nesta costa ao final ou principio da peregrinaxe, segundo como se mire, teremos interesantes Illas nas súas proximidades como: As Sisargas en Malpica; as Lobeiras, na ría de Corcubión; a da Creba, no interior da ría de Muros.


Coidamos que as Illas que poboan o noso litoral tiveron unha fonda importancia, ao longo dos séculos, en todas as incursións marítimas que se fixeron a Galicia e contribuíron de xeito importante a formar a historia desta comunidade, en especial, das zonas costeiras.

Nestas páxinas intentaremos, coa axuda dos nosos colaboradores, dalas a coñecer e contar algunha parte das súas interesantes historias.

Illas Sisargas. Camiño Fisterra – Muxía



Illas Cíes. Camiño Marítimo Atlántico





TRAMUNDA DE TAMBO, A SANTIÑA DA SAUDADE

Por: Pablo Pérez Fernández

GALICIA, TERRA DE SANTOS

Tense dito que en Galicia – o país do solpor onde o astro rei se agocha cada día, onde acaba a terra e comeza o mar infindo – hai santos a mancheas. Esparexidos por toda a xeografía galega, pódense contar por milleiros. Algúns – ¿abondos? – permanecen achantados na telúrica raizame orixinaria da súa bisbarra, acoutados polas balizas abafantes dun vago e impreciso devir existencial, incapaz de esborrallar as fronteiras lugarexas.

E non están todos os que son. Aínda que tamén é posible que non sexan todos os que están. Na boscaxe e nas tebras do tempo pasado ás veces mestúranse con tanta forza a historia, as lendas e as tradicións que non resulta doado separar e deslindar os seus campos.

Indiscutiblemente as lendas non son historia probada no senso científico da expresión. Pero non por iso son algo secundario, carecente de valor. Teñen, alomenos, un valor testemuñal. Son un xeito, unha forma, unha maneira viva, expresiva e manifesta, de amosar as preocupacións e inquedanzas das xentes dunha época concreta ou dun lugar preciso e determinado. É por iso polo que un amigo meu dicía que: *“as vidas histórico – lendarias dun alto número de santos galegos tiveron e mantiveron durante longos anos nas leiras das nosas avoas o mesmo valor catequético cás escenas bíblicas esculpidas neses coros e retábulos que aínda hoxe xeran en nós tanta e tan grande admiración”*.

Se nos mergullamos nos eidos dos santos galegos, atoparémonos con abraiantes e rechamantes sorpresas, recubertas e revestidas dunha maxia singular. Da súa vida, da súa historia e da súa lenda xurde un calado segredo que nos convida a camiñar polos seus enigmáticos vieiros na procura dunha luz que nos alume ao longo do noso acontecer existencial.


UNHA MONXA DE POIO

Viviu fai moitos séculos, cando tres cuartas partes da península ibérica estaban baixo a dominación musulmana. Chamábase Tramunda ou Trahamunda; mesmo como se

fose “traída do outro mundo”. Din os eruditos que este nome – raro en Galicia – é de orixe xermánico e parece que significa “protector forte”, “protector áxil ou rápido”.

Contan que nacera no outeiro de San Martiño, unha aldea pertencente á parroquia de San Xoán de Poio, fronte á fermosa e paradisíaca illa de Tambo na ría de Pontevedra. De feito, o seu sartego atópase nun recanto da capela do Cristo, na igrexa dese mosteiro de Poio.

Contan tamén que, dende moi nena, acostumaba a erguerse cedo. Gustáballe contemplar a fermosura do amencer, cando as primeiras raiolas do sol bicaban as ondas e os paxaros ceibaban ao vento os seus harmoniosos rechouchíos. Moitas mañanciñas, baixaba ata a praia, camiñando paseniñamente, degustando e gorentando con pracenteira fruición o milagre marabilloso do ceo, da terra e do mar.



Sartego de Santa Tramunda. Mosteiro de Poio

Alí, fronte por fronte, erguíase aquela pequena illa, que tiña forma circular. Era unha illa que sempre lle producía asombro, fascinación e abraio indescribible. Tambo era para ela unha illa misteriosa, chea de enigmas e lendas, ategada de segredos. Da ermida e do mosteiro que había nela e que despois sería lazareto ou malatería, fluían e dimanaban uns halos sobranceiros que lle producían no seu corpo de nena un arrecendo e unha roibén extasiantes a máis non poder.

Xa mociña, adoitando levar unha maneira de vida senlleira nos camiños da virtude, entra como monxa no mosteiro das freiras que había na súa aldea de San Martiño. Alí transcorren os primeiros anos da súa mocidade nun devir tranquilo, sereno e apracible, arroupada polo agarimoso, dilixente e exemplar rebulir das súas irmáns monxas. Dedicadas as labouras hortícolas e culinarias, mesturaban a súa xeira cos cantos e rezos que a regra lles impuña, agardando cobizosamente a data para poder dar o brinco ao pombar que tiñan en Tambo.

Deste xeito, sinxelo e natural, candorosamente xuvenil, ían pasando os días da súa apracible e plácida existencia. Pódese dicir que no corazón daquela rapaza e na súa faciana, sempre radiante e risoña, brincaban, ledas, a felicidade e a ledicia. E, cando algunha sombra noxenta tentaba anubrirlle o sorriso, abundaba con ollar para a illa dos seus embruxos feiticeiros. Debruzada na pequena fiestra da súa cela, era quen de albiscar os seus recendos engaiolantes. Con pracer e deleite gorentaba os misterios infindos daquelas belezas da creación e non podía menos que ollar cara ao ceo e alabar ao Creador. Satisfeita e ditosa, retornaba despois aos seus quefaceres habituais, espallando no seu derredor unha mancha de bonanzas e sosego.

CATIVA DOS MOUROS

Nun dos moitos asaltos que fixeron os mouros polas terras e as costas galegas, as hostes do cuarto soberano omeia, Abderramán II, chegaron á illa de Tambo e á beiramar de Poio. Alí colleron prisioneira a Tramunda, xuntamente coas outras compañeiras. Non lle valeron bágoas nin saloucos. Os mouros botáronas enriba das súas naos e leváronas cativas para Córdoba, capital do califato.

Contan que alí, naquela fermosa cidade, ategada de beldade e de artístico primor, o encanto e a beleza de Tramunda non pasaron desapercibidas. Moi axiña o califa namorouse dela e propúxolle entrar a formar parte do seu harén de mulleres escolleitas, seleccionadas para vivir nos seus palacios, acuguladas de fastosidade e de luxo e arrodeadas dunha pompa suntuosidade endexamais imaxinadas.

Tramunda rexeita a proposta do califa. Nin as xoias e adobíos, nin os tesouros e alfaias, nin as festas, os rebulicios e todos os encantamentos palacianos e cortesáns son quen de trocar a súa firme e rexa vontade. Non lle producen

ningún atractivo. Non lle provocan ningún feitizo, ningún encantamento. Ela non quere outra coroa máis ca seguir sendo aquela freira virxe de sempre e para sempre.

Cando o califa mouro se viu rexeitado nos seus desexos, cambiou radicalmente os seus sentimentos máis íntimos e persoais. O seu intenso amor desembocou de súpeto nun enfado, un cabreo e unha arrotada descomunais. Colleu un enfado tan grande e unha perrencha tan monumental e desenfreada que mesmo o levaron a actuar con implacable anoxo e con asaño rancoroso e vingativo.

Dende aquel momento, Tramunda tivo que aturar os ferros e as cadeas do cárcere, sufrindo e soportando dolorosas torturas. Despois introducírona nunha cova onde non podía entrever a luz do sol. E, por último, levárona a un presidio – baluarte e metérona nunha cela – calabozo que tiña unha pequena xanela pola que lle entraba aire

fresco e pola que podía albiscar un anaquiño de azul do ceo. Contan que alí, no peitoril daquela fiestra, pousaba case todas as tardiñas, ao solpor, unha pomba branca que lle viña facer doce compañía.

A FORZA DA SAUDADE

Debeu ser alí polo mes de xuño. Tramunda xa non lembraba canto tempo levaba naquelas cadeas, lonxe, moi lonxe da súa benquerida terra. Poida que once anos ou aínda máis. O caso é que unha noite comezaron a chegar ata a súa cela unha especie de cantigas e aturuxos, envoltos nun murmuro engaiolante. Era moi semellante ao que producían as fogueiras e as cacharelas que adoitaban acender as xentes na súa terra a noite de San Xoán. Alomenos iso foi o que lle pareceu a ela.

Fascinada e enfeitizada por tan rumoroso e pracenteiro son, ergueu

ao ceo as fontenlas dos seus morriñentos ollos, ategados de nostalxia e señardade. Soñando coa súa terra e coas súas xentes, nunha gozosa aberta existencial de ledicia e de pas, ficou apraciblemente durmida.

¿Foi somentes un soño ou foi realidade? O certo é que, cando espertou, non podía dar creto aos seus ollos. Estaba alí na illa dos seus amores, no seu Tambo benquerido. Abofé que si. Aquela eran a illa pola que tanto suspiraba sempre e que tanto botara de menos. Chegar ata alí voando polo ceo estrelecido da noite percorrendo un camiño de estrelas. Non había dúbida. Os seus desexos máis fortes, as súas arelas máis ardentes estaban a materializarse. Deus escoitara os seus rogos e facía realidade os seus soños.



Mosteiro de Poio

Como proba demostrativa e para que non lle quedasen dúbidas, na súa man estaba aquela póla de palmeira que un anxo collera no xardín que circundaba o baluarte no que estivera presa. Era o sinal inequívoco de que non estaba a soñar, de que as cousas estaban a ocorrer verdadeiramente.

Reposta da sorpresa, puxo os pés no adro, na beira do mosteiro que na illa mandara construír San Fructuoso e pousou a póla da palmeira na terra. De súpeto aquela pola milagreira enraizou e, pouco a pouco, foise trocando nunha exuberante e frondosa árbore, bandeante ao vento e coroada dunha aposta e vistosa cimeira. Dise que esta árbore foi case milenaria. Non secou deica os derradeiros anos do século dezaseis. Foi no verán do ano 1578 cando un lume pavoroso, un incendio devastador, devorou toda a vexetación da paradisíaca illa, deixándoa cuberta de cinza e de borralla. Convertida nun seco e pedroso ermo, a noutrora fermosa illa tardaría moitos anos en volver a acadar o seu pasado verdor e a súa antana frondosidade.

¿Cantos anos viviu aínda Tramunda? Non o sabemos. Din que tempo despois de chegar á illa de Tambo, volveu o seu pequeneiro mosteiro de San Martiño e que alí morreu “deixando o val enchido co arrecendo dos seus feitos e milagres...” O seu corpo recibiu honrosa sepultura no mesmo mosteiro de San Martiño.

AVOGOSA DA MORRIÑA E DA SAUDADE

Moi axiña o sartego de Tramunda converteuse nun centro de romaría e peregrinaxe. A el peregrinaron moitísimos galegos durante séculos. A data da súa festa, o 14 de novembro, era sempre un acontecemento senlleiro para toda a bisbarra e máis alá. Aquela monxa santiña era considerada por todos como avogosa da morriña e da saudade.

En efecto, se lle botamos unha ollada o diccionario, atopamos que a morriña é: “nostalxia por algo que esta ausente”, “doenza moral que senten algunhas persoas ao acharse lonxe da súa casa, terra ou patria”. Trátase, pois, dun sentimento fondo, provocado pola lembranza, que enchoupa o espírito e manca o corazón, facendo que as persoas vivan coa rexa esperanza de voltar á súa terra e coas súas xentes.

Pola súa banda, a saudade vén sendo algo semellante. É un “sentimento inexplicable e impreciso, que non se sabe de onde vén, nin se alcanza a onde vai, nin se

comprende o que se persigue”. Trátase a miúdo dunha “mágoa especial que se sente pola ausencia de persoas ou cousas...” Dun xeito semellante ao da morriña, fai xermolar tamén nas persoas unha rexa e forte esperanza de voltar, de atopar de novo o agarimo señardoso do seu berce.

A morriña e a saudade son sentimentos propios de todos os seres humanos. Pero todos sabemos que para os galegos son máis ca un simple e nó sentimento. Son o noso selo particular de identidade. Constitúen esa impronta indeleble, definitiva de nosa maneira de ser e de estar no mundo, da que Tramunda foi un claro exemplo.

* * * *

O tempo foi pasando porque a historia non se detén. Pasaron os anos e tamén os séculos. Pouco a pouco, o pequeno mosteiro de San Martiño foise quedando baleiro, sen freiras que o habitasen. Entón, o Xeneral dos beneditinos, Frei Alonso del Corral ordenou trasladar os restos mortais da Santa ao mosteiro de Poio onde hoxe repousan.


Compre subliñar que en recordo e lembranza desta Santa e para facer perdurar a súa memoria, os beneditinos colocaron, no seu día, unha palma, unha folla de palmeira nos escudos da fachada frontal do mosteiro e no da esquerda do pórtico.

No ano 1934 a súa festa foi tamén trasladada para o día 25 de xuño co gallo de celebrala unida a de San Xoán. Un ano despois, ao carón do seu sartego, foi colocada unha vizosa pero tenra e doce imaxe da Santa, obra do escultor Parcero, que cobrou por facela a cantidade de 8.000 pesetas.

Dende estas datas, Santa Tramunda, - vestida de monxa, con hábito negro, e tendo na man dereita unha palmeira, testemuña do seu milagreiro retorno á terra nai - recibe as pregarías e os agradecementos de tantos e tantos que se achegan a ela, invocándoa como avogosa da morriña e da saudade.

A petición, formulada no seu día por Ramón Cabanillas ao Goberno, de que fose declarada patroa oficial da Aviación española, pode parecer unha

anécdota curiosa. Pero non cabe dúbida de que é un feito significativo, revelador do cariño, a veneración e a devoción que as nosas xentes senten cara a esta Santa, á que Deus lle concedeu a privilexiada mercé de retornar voando á súa illa e á súa terra.



Illa de Tambo

Á VISTA DAS ILLAS DE ONS NAUFRAXIO DUN BUQUE ROMANO


Por: José M.^a Mosquera G.

En 1985, o autor destas liñas depositou no museo provincial de Pontevedra tres cepos de chumbo, de 200 Kg de peso cada un, que servían para lastrar e facer firme a áncora no fondo do mar. En dous destes cepos obsérvase claramente os desgastes producidos polo uso continuado dos mesmos, mentres que o terceiro aparece intacto, tratándose, por tanto, dos cepos correspondentes ás áncoras de babor e estribor e da chamada áncora de “la esperanza” ou tamén de “la misericordia”, normalmente situada a popa para utilizala nos casos de extremo perigo, ao fallar as dúas primeiras áncoras na súa misión de manter firme a situación da nave.

Cinco anos despois, nas inmediacións do Cabo Udra, este mesmo autor descubre un pecio do que parece ser unha nave romana, consistente en dúas cubertas duns corenta metros. Ambas cubertas permanecen separadas perpendicular unha á outra, polo que se deduce que, ou ben ambas pertencen a unha soa nave que, ao desaparecer o costado, caeu a superior sobre a baixa e despois foi deslizándose ata quedar na posición actual, ou ben se trata de dúas naves que se arremeteron coa táctica do esporón e, despois do combate, ambas afundíron...


O pecio está cuberto por area grosa e só poden verse algunhas partes cando as correntes producidas polos temporais son favorables ao varrido da area que o cubre. Non foi posible coñecer a manga da nave, pois ao estar as cubertas ladeadas lixeiramente a unha banda, un borde está cuberto pola area, aínda que por estimación pode que teña entre catro e cinco metros de envergadura. Ambas cubertas

están impermeabilizadas con pez e perforadas por anélidos mariños, servindo tamén de hábitat ideal ás chirlas que se presentan en ringleiras compactas. Algúns anacos do mesmo despréndense da nave ao quedar desenterrada, o que nos leva a considerar que se o pecio aínda existe é gracias á cubrición conservadora dunha espesa capa de pez e á succión que a area grosa produce. Mostras desprendidas destes anacos de pez, mesturados con cortiza de carballo, sarmientos de vide e pelo de cabalo para darlle consistencia, foron enviados á Universidade de Santiago por mediación do museo provincial co obxecto de analizalos ao carbono 14 e así poder coñecer a data da nave.



O pecio pode corresponder a unha nave romana de guerra, posiblemente unha “nave longa” do tipo galera “birreme”. Se é así, a importancia do mesmo é enorme, non só por aportar a proba física de que os romanos navegaron por estas costas galegas, senón tamén porque se trataría da única nave de guerra romana atopada no mundo xa que non se atopou ningunha a pesar de que as escuadras romanas e púnicas enfrontadas perdían centenaes delas nos seus combates navais. Ao atoparse só pecios de naves comerciais, deste achado poden obterse

interesantes datos comparativos sobre o arte da construción naval e a súa evolución. Aínda se ignora a maneira de como se distribuían os remeiros para conseguir manter a boga con remos de gran tamaño e peso nas diversas condicións do mar. As grandes naves atopadas no lago Nemi, pertencentes á época de Calígula, fixéronse a imitación das





de guerra para ser empregadas en xogos náuticos imitando combates navais. Aparte de todo tipo de luxos que se ofrecían aos invitados, como eran os baños de auga quente, columnas de mármore, etc., observouse, por exemplo, que xa dispoñían dun grado industrial elevado pois os metais parecen soldados como si se empregase autóxena; os bronzes responden ás esixentes normas DIN, presentando porcentaxes de níquel,

metal descoñecido en Italia, etc. Cando se atoparon, instaláronse en grandes edificacións e constituíron un gran atractivo turístico e consecuentemente económico, ata que na Segunda Guerra Mundial foron completamente destruídas polo fogo ocasionado polos bombardeos americanos. Curiosamente, xunto ao achado das naves atopáronse, entre outras moitas pezas, unha áncora de madeira pero co cepo de chumbo, o que permitiu coñecer a función deste último elemento, xa que a pesar dos moitos atopados polos buzos ignorábase cal era a súa utilidade específica na nave.

Na publicación "GALLECIA 6" de 1.980, aparece un estudio do arqueólogo Fernando Alonso Romero sobre a historia e a arqueoloxía naval en Galicia no que se destaca: "... o feito de que en Galicia non se fixera investigación desta índole e que se non se subsana esta falta haberá <espoliación> e os < investigadores estranxeiros > terán un paraíso inmenso... O único reseñable que se fixo aquí foi a construción das naves BORNA (idade de bronce) e BREOGAN (celta) realizadas polo grupo español de arqueoloxía náutica experimental... En Inglaterra xa non se cuestiona que tiveron un gran comercio naval polo Atlántico con fenicios, gregos e romanos. En Galicia, increíblemente, isto está por demostrar... Que é necesaria a colaboración da Armada e dos arqueólogos navais... Esta área de investigación naval non ten máis limitacións que as económicas ou a falla de comprensión por ignorancia."

Se realmente o pecio é dunha galera romana, a pregunta que debemos formularnos é a seguinte ¿Pertence ás naves do periplo de Julio César polas nosas costas ? O tempo entón o dirá se é que aínda existe para ese entón.



ASOCIACIÓN CULTURAL - GASTRONÓMICA "Pineiróns"

A nosa andaina vai xa polo sétimo ano. Non foi doado chegar ata aquí e realizar, de xeito satisfactorio, o número de actividades que nos propuxemos; unhas veces a dispersión dos socios, outras o conseguir axudas para realizalas e as máis por non ter o tempo libre necesario, obrigou a desistir dalgunhas. O que si tivemos sempre claro e así o fixemos, é que todas foran de carácter grauíto.



Membros de Pineiróns esperando para entrar pola Porta Santa

Temos que resaltar que a nosa Asociación sufriu uns pequenos cambios na súa Directiva por mor de adaptar os nosos Estatutos á nova Lei de Asociacións, así o Vocal encargado de Biblioteca, Actividades e Coordinador da Revista AUNIOS, Celestino Pardellas de Blas, pasou, coas mesmas responsabilidades, ao cargo de Vicepresidente e no posto de Vocal 2º entrou a socia Mª de los Ángeles Mayán Braga.

Este pasado 2004 as actividades estiveron dedicadas, na súa maioría, ao Xacobeo, as razóns son obvias, primeiro porque era Ano Santo e segundo porque quixemos aportar o noso gran de area a este evento ao ser a nosa Asociación Promotora do Camiño de Santiago.

ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2004


- Diferentes Peregrinacións : Ruta Marítima, Camiño Portugués e Ruta Muxía – Fisterra.
- Edición da Revista AUNIOS no seu nº 9, dedicada ao Xacobeo
- Biblioteca Itinerante, por varios colexios e entre Asociacións
- Exposicións Fotográficas.
- Viaxes culturais: Condado – Monçao, Caurel, Parque Nacional das Illas Atlánticas, Amarante, Costa da Morte, Festa da Anunciada a Baiona,...
- Celebración na Illa de Ons da Festa dos Maios
- Actividades diversas con outras Asociacións Culturais e de Veciños

- Organización de varias charlas, presentación de libros, diaporamas, ...

De entre as actividades realizadas e debido ao pouco espazo dispoñible, imos a tratar de xeito resumido: A peregrinacións, a viaxe a Amarante. A festa dos Maios na Illa de Ons e a edición da revista AUNIOS nº 9.

AS PEREGRINACIÓNS

Este ano decidimos organizar a peregrinación a Santiago dende tres puntos e Camiños diferentes. O primeiro foi, como ben sendo habitual tódolos anos pola nosa afección ao mar, navegando dende A Guarda ata Pontecesures. A segunda pola Camiño Portugués, realizada en varias etapas durante os fins de semana dos meses de maio e xuño. Despois a grande maioría que participou na Ruta Marítima e practicamente todos os do Camiño Portugués nos concentramos en Pontecesures e dende alí dirixímonos cara a Santiago. Xa por último e como colofón, no mes de Agosto, fixemos unha Ruta especial que ía bordeando a costa dende o Santuario da Nosa Señora da Barca en Muxía ata Fisterra.




Faro de Fisterra

VISITA A AMARANTE

Dentro das nosas actividades culturais-gastronómicas realizadas á longo dun ano, nos sentimos na obrigación de resaltar a visita a unha das cidades portuguesas que acollen maior número de peregrinos que realizan a viaxe a Santiago.

Referímonos a Amarante, cidade distante de Oporto, cara o interior do país, sesenta km. Belísimo lugar, nacido no século XIII e fundado por un relixioso que alcanzaría a santidad: San Gonzalo. Patrón do lugar, a súa tumba se venera no mosteiro que leva p seu nome. Algún camiño de Santiago, que viría do sur, pasaría moi preto de Amarante e os peregrinos desvíábanse para ver e oír ao predicador Gonzalo.

A cidade está bañada por el río Támega que ten o seu nacemento en la provincia de Ourense. Conxuga río y serras. Profundamente relixioso, de lo que da fe la gran cantidade



Vista de Amarante

de mosteiros e igrexas que poden encontrarse, tanto en la cidade como nos seus arredores. El románico é o estilo arquitectónico que domina a rexión amarantina.

Sufriu os ataques franceses (dos que quedan pegadas) que arrasaron, practicamente, toda a cidade. Foi reconstruída, aínda cando se conservan antigos inmobles e estreitas rúas.

Lugar de gran tranquilidade, con xentes moi afables e posuidor dunha extraordinaria gastronomía. As súas carnes e viños (verde e maduro) teñen fama mundial.

Nós puidemos disfrutar, a pesar do mal tempo que nos acompañou, de todo o bo, que é moito, que encerra o lugar.

Unha das circunstancias que máis nos impresionou ha sido o coñecer que o río Támega, saca a relucir, as veces, a súa impetuosidade, o que ocasiona grandes inundacións na parte baixa da cidade, quedando numerosos inmobles somerxidos baixo a auga, máis de dous metros. Hai lápidas que recollen as datas de tales sucesos e a altura á que chegou a auga.

Unha belísima viaxe que, seguramente, volverá a repetirse pero coa garantía do tempo.

FESTA DOS MAIOS

Este ano, de novo, o día 1 de maio celebramos na Illa de Ons a Festa dos

Maios. A declaración da Illa como integrante do Parque Nacional provocou que tivéramos que traer da península o material para confeccionalo.

Outro inconveniente foi o tempo. Os días anteriores ao 1º de maio, a chuvia e o estado da mar, non facilitou a afluencia de turistas, pero iso non foi motivo para non cantalo, contando cunha nutrida afluencia de illáns.

Temas de actualidade galega e nacional, do Parque Nacional no seu conxunto e de Ons na súa maioría, formaron as coplas que, cantadas polos socios e dirixidas polo Presidente da Asociación, fixeron saltar as risas dos oíntes e posteriormente os seus aplausos.

REVISTA AUNIOS Nº 9


Con temática específica sobre o Xacobeo e sobre os costumes, lendas, historias,..., dos pobos que a circundan. Sobre a Ruta Marítima tocáronse os Periplo de Julio César por augas

de Galicia a cargo de J. Mª Mosquera. As lembranzas da Illa de Ons de Manolo Feijut e José Posada. As rutas do Estaño de Javier Fernández. A festa dos Maios na Illa de Ons do profesor Julio Santos. O xeito na tradición pesqueira Marinense por Manuel Torres. O Viacrucis da ruta marítimo-fluvial a cargo de Estanislao Fernández de la Cigoña. E o remate da Ruta Marítima das illas maiores e do rito da Santa Compañía en Ons realizada ao longo de varios capítulos por Tino Pardellas.

Xa específicos sobre temática Xacobeo temos os artigos de Pepy Clavijo, Año Santo e Compostela. Castro Lupario, un fito no Camiño de Calo Lourido. Oda a Santiago de Pablo Pérez. Unha explicación ao éxito milenario do Camiño Xacobeo de Luís Giadás.

De temática varia Teresa Moure escribiu sobre o Programa escultórico de San Tomé de Piñeiro. Lino Pazos sobre as Sereas de Beade. José Manso sobre a Escola en Santana. Miguel Besada sobre o Andoriña. Laureano Mayán sobre Santa María do Porto de Marín. Manuel Chazo falounos das Rutas de Fisterra.

A parte poética estivo a cargo de Joaquín Cobo co seu Recuncho Literario e a Gastronomía por Xavier Barreiro coa Refrenda á Lamprea.



ASOCIACIÓN CULTURAL - GASTRONÓMICA "Pineiróns"

A nosa andaina vai xa polo sétimo ano. Non foi doado chegar ata aquí e realizar, de xeito satisfactorio, o número de actividades que nos propuxemos; unhas veces a dispersión dos socios, outras o conseguir axudas para realizalas e as máis por non ter o tempo libre necesario, obrigou a desistir dalgunhas. O que si tivemos sempre claro e así o fixemos, é que todas foran de carácter grauíto.



Membros de Pineiróns esperando para entrar pola Porta Santa

Temos que resaltar que a nosa Asociación sufriu uns pequenos cambios na súa Directiva por mor de adaptar os nosos Estatutos á nova Lei de Asociacións, así o Vocal encargado de Biblioteca, Actividades e Coordinador da Revista AUNIOS, Celestino Pardellas de Blas, pasou, coas mesmas responsabilidades, ao cargo de Vicepresidente e no posto de Vocal 2º entrou a socia Mª de los Ángeles Mayán Braga.

Este pasado 2004 as actividades estiveron dedicadas, na súa maioría, ao Xacobeo, as razóns son obvias, primeiro porque era Ano Santo e segundo porque quixemos aportar o noso gran de area a este evento ao ser a nosa Asociación Promotora do Camiño de Santiago.

ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2004

- Diferentes Peregrinacións : Ruta Marítima, Camiño Portugués e Ruta Muxía – Fisterra.
- Edición da Revista AUNIOS no seu nº 9, dedicada ao Xacobeo
- Biblioteca Itinerante, por varios colexios e entre Asociacións
- Exposicións Fotográficas.
- Viaxes culturais: Condado – Monçao, Caurel, Parque Nacional das Illas Atlánticas, Amarante, Costa da Morte, Festa da Anunciada a Baiona,...
- Celebración na Illa de Ons da Festa dos Maios
- Actividades diversas con outras Asociacións Culturais e de Veciños

- Organización de varias charlas, presentación de libros, diaporamas, ...

De entre as actividades realizadas e debido ao pouco espazo dispoñible, imos a tratar de xeito resumido: A peregrinacións, a viaxe a Amarante. A festa dos Maios na Illa de Ons e a edición da revista AUNIOS nº 9.

AS PEREGRINACIÓNS

Este ano decidimos organizar a peregrinación a Santiago dende tres puntos e Camiños diferentes. O primeiro foi, como ben sendo habitual tódolos anos pola nosa afección ao mar, navegando dende A Guarda ata Pontecesures. A segunda pola Camiño Portugués, realizada en varias etapas durante os fins de semana dos meses de maio e xuño. Despois a grande maioría que participou na Ruta Marítima e practicamente todos os do Camiño Portugués nos concentramos en Pontecesures e dende alí dirixímonos cara a Santiago. Xa por último e como colofón, no mes de Agosto, fixemos unha Ruta especial que ía bordeando a costa dende o Santuario da Nosa Señora da Barca en Muxía ata Fisterra.




Faro de Fisterra

VISITA A AMARANTE

Dentro das nosas actividades culturais-gastronómicas realizadas á longo dun ano, nos sentimos na obrigación de resaltar a visita a unha das cidades portuguesas que acollen maior número de peregrinos que realizan a viaxe a Santiago.

Referímonos a Amarante, cidade distante de Oporto, cara o interior do país, sesenta km. Belísimo lugar, nacido no século XIII e fundado por un relixioso que alcanzaría a santidad: San Gonzalo. Patrón do lugar, a súa tumba se venera no mosteiro que leva p seu nome. Algún camiño de Santiago, que viría do sur, pasaría moi preto de Amarante e os peregrinos desvíábanse para ver e oír ao predicador Gonzalo.

A cidade está bañada por el río Támega que ten o seu nacemento en la provincia de Ourense. Conxuga río y serras. Profundamente relixioso, de lo que da fe la gran cantidade



Vista de Amarante

de mosteiros e igrexas que poden encontrarse, tanto en la cidade como nos seus arredores. El románico é o estilo arquitectónico que domina a rexión amarantina.

Sufriu os ataques franceses (dos que quedan pegadas) que arrasaron, practicamente, toda a cidade. Foi reconstruída, aínda cando se conservan antigos inmobles e estreitas rúas.

Lugar de gran tranquilidade, con xentes moi afables e posuidor dunha extraordinaria gastronomía. As súas carnes e viños (verde e maduro) teñen fama mundial.

Nós puidemos disfrutar, a pesar do mal tempo que nos acompañou, de todo o bo, que é moito, que encerra o lugar.

Unha das circunstancias que máis nos impresionou ha sido o coñecer que o río Támega, saca a relucir, as veces, a súa impetuosidade, o que ocasiona grandes inundacións na parte baixa da cidade, quedando numerosos inmobles somerxidos baixo a auga, máis de dous metros. Hai lápidas que recollen as datas de tales sucesos e a altura á que chegou a auga.

Unha belísima viaxe que, seguramente, volverá a repetirse pero coa garantía do tempo.

FESTA DOS MAIOS

Este ano, de novo, o día 1 de maio celebramos na Illa de Ons a Festa dos

Maios. A declaración da Illa como integrante do Parque Nacional provocou que tivéramos que traer da península o material para confeccionalo.

Outro inconveniente foi o tempo. Os días anteriores ao 1º de maio, a chuvia e o estado da mar, non facilitou a afluencia de turistas, pero iso non foi motivo para non cantalo, contando cunha nutrida afluencia de illáns.

Temas de actualidade galega e nacional, do Parque Nacional no seu conxunto e de Ons na súa maioría, formaron as coplas que, cantadas polos socios e dirixidas polo Presidente da Asociación, fixeron saltar as risas dos oíntes e posteriormente os seus aplausos.

REVISTA AUNIOS Nº 9


Con temática específica sobre o Xacobeo e sobre os costumes, lendas, historias,..., dos pobos que a circundan. Sobre a Ruta Marítima tocáronse os Periplo de Julio César por augas

de Galicia a cargo de J. Mª Mosquera. As lembranzas da Illa de Ons de Manolo Feijut e José Posada. As rutas do Estaño de Javier Fernández. A festa dos Maios na Illa de Ons do profesor Julio Santos. O xeito na tradición pesqueira Marinense por Manuel Torres. O Viacrucis da ruta marítimo-fluvial a cargo de Estanislao Fernández de la Cigoña. E o remate da Ruta Marítima das illas maiores e do rito da Santa Compañía en Ons realizada ao longo de varios capítulos por Tino Pardellas.

Xa específicos sobre temática Xacobeo temos os artigos de Pepy Clavijo, Año Santo e Compostela. Castro Lupario, un fito no Camiño de Calo Lourido. Oda a Santiago de Pablo Pérez. Unha explicación ao éxito milenario do Camiño Xacobeo de Luís Giadás.

De temática varia Teresa Moure escribiu sobre o Programa escultórico de San Tomé de Piñeiro. Lino Pazos sobre as Sereas de Beade. José Manso sobre a Escola en Santana. Miguel Besada sobre o Andoriña. Laureano Mayán sobre Santa María do Porto de Marín. Manuel Chazo falounos das Rutas de Fisterra.

A parte poética estivo a cargo de Joaquín Cobo co seu Recuncho Literario e a Gastronomía por Xavier Barreiro coa Refrenda á Lamprea.





HOMENAXE ÓS PIONEIROS INVESTIGADORES DA ILLA DE ONS

Por: M.ª Jesús Otero Acuña

Presidenta da AA.VV. "Illa de Ons" e autora do libro: "Illa de Ons. Privilegio de la Naturaleza"

Comezamos unha nova etapa na Illa de Ons coa declaración, xunto coas Cíes, Sálvora e Cortegada, como Parque Nacional, un distintivo que, coído, debería traer melloras, non só no que á parte natural se refire, senón a todo o seu conxunto de peculiaridades.

Sabemos que a Illa de Ons puido estar habitada dende as épocas paleolíticas por mor dos achados arqueolóxicos atopados e que, en tempadas máis ou menos longas, houbo diferentes hábitats, pero só temos documentos escritos de doazóns reais (899 – 1019) e diferente documentación a partir do século XVI en que, dun xeito pouco claro, pasou a mans particulares.

Estes documentos aínda están pouco estudados e custódiense nos arquivos de: xulgados, municipais, parroquiais; en museos, bibliotecas monacais,

Agás referencias feitas por diferentes autores nos últimos séculos (XVIII – XIX), podemos considerar como os precursores en dar a coñecer esta Illa, ós autores que a partir de principios do século XX investigaron e escribiron sobre aspectos etnográficos, históricos, pesqueiros, fauna - flora, arquitectónicos, medio ambientais,...., desta Ons, daquela, descoñecida.

Por iso quero, dende estas liñas, darlles unha homenaxe, dándoos a coñecer, falando da súa biografía e citando algún parágrafo da súa obra. Por orde cronolóxica falarei de: Álvaro das Casas (1934); Salustiano Portela Pazos (1954); Staffan Mörling (1960 - 2004); Santiago Castroviejo (1965); Fernando Alonso Romero (1978 – 1982) e Pedro de Llano (1981).

Considero a estes autores persoas que levaron a cabo un laborioso traballo de campo, froito do cal a súa obra é o reflexo de moitas das que se publicaron posteriormente, e que de moito me serviu para a realización do libro <Isla de Ons: Privilegio de la Naturaleza> que saíu do prelo en 1998.

Deixo no tinteiro algúns autores ben coñecidos pero dos que descoñecemos a súa obra como é o caso do profesor Carro Otero; daqueles que os seus traballos están inéditos ou son posteriores ós anos oitenta como: María Castroviejo Bolibar, Ana Liste, Estanislao Fernández de la Cigoña, Fariña Jamardo,..., e unha serie de grupos, a maioría estudantes de varias universidades, que fixeron ó longo dos últimos anos, traballos de investigación en diferentes eidos, sendo os últimos publicados (2003) "Atlas de aves nidificantes de los archipiélagos de Cíes y Ons" e "Anfibios y reptiles del Parque Nacional", con autores das facultades de bioloxía das Universidades de Santiago e A Coruña.



Derradeiro piorno de madeira. Barrio de Pereiró, Illa de Ons

ÁLVARO DAS CASAS

Naceu en Ourense en 1901 – 1950. Estudou en Valladolid Filosofía e Letras e nesa universidade exerceu de profesor auxiliar ó obter a licenciatura. En 1930 e ata o

“Dou por certo que este é un dos recantos galegos onde mais supersticións perviven.”

E pasa a describir moitas delas:

“ Ás preñadas, pra que desocupen logo e ben, bérranlle, báténlle e póñenlle na testa un sombreiro ou pucho de home”. “Para curar a erisipela, lavan a faciana con sangue de cresta de galiña”. “Para tirar unha berruga espichan unha babosa e déixana secar enriba da berruga, mais nun ano o doente non debe pasar por onde foi topada a babosa que o curou” ...

“ David Otero, de 60 anos, víu unha raíña penteándose na fonte do Gaiteiro; cobríase cunha capa de prata, tiña na testa unha croa de brilantes e o pente relocíalle como si fose de vidro”. ...

Casa Illán. Illa de Ons



1936 ocupou unha cátedra no Instituto de Noia. Nesa mesma etapa funda en Compostela a revista “Alento”.

Polas súas ideas tivo enfrontamentos con sectores nacionalistas e académicos.

Boa parte da súa obra foi editada por Nós e Lar. Escribiu teatro, prosa, ensaio, monografías,...

Á Illa de Ons chegou no ano 1932 co fin de pasar uns días co seu amigo o torreiro D. Antón Bruno. Na súa estancia de 10 días e fascinado polo singular carácter etnográfico illán, recompilou unha chea de datos de tipo antropolóxico que máis tarde plasmaría nun traballo titulado “*Illa de Ons*” que publicou na revista Nós no seu número 131 – 132 do ano 1934.

“ILLA DE ONS” – Revista NÓS – n.º: 131 – 132.

T. II, Santiago 1934

Destacar o comezo cando fala:

“Con todo é dos recantos máis atraentes e de mais fondo intrínseco do noso país, e si co esta papeleta esperto anceios do seu estudio xeolóxico, histórico e xeográfico completos, penso que xa teño conquerido dabondo”.

Dedícalle unha boa parte ás supersticións, lendas, contos e, en especial, ás cantigas populares.

Fala do pouco festeiros que daquela eran os illáns, aínda que fai unha boa relación do seu cancionero:

*Ao pasar as Illas de Ons
acórdacheme meniña,
agora que van pasadas
coma si nunca che víra.*

*Catorce voltas fixemos
para montar o Centalo,
e quixo a Virxe do Carmen
que viñésemos pra o Curro.*

*De noite fumos ao Faro
unha miniña e mais eu;
ela non sabía nada;
todo o traballo foi meu.*

*Adeus as illas de Ons
con ventanas e vidreiras,
non me pesa de mais nada
senón das mozas solteiras”.*

SALUSTIANO PORTELA PAZOS

Naceu en Cotobade (Pontevedra) 1877 – 1976. Estudou Humanidades no Seminario de Tui e Filosofía, Teoloxía e Cánones na Universidade Pontificia de Santiago. Tamén realizou estudos na Universidade Literaria e na Escola de Maxisterio.

Foi académico de número da Real Academia Gallega e membro do Seminario de Estudos Galegos. Estivo de párroco de San Andrés de Valongo (Cotobade) e posteriormente segundo mestre de cerimonias da Catedral de Santiago, Canónico, Canónigo tesoureiro e Déan da basílica compostelá e presidente do seu Cabido.

Namorado de Galicia, puxo todo o seu talento ó servizo da cultura galega con importantes obras, destacando “O Cañón de Pau” que foi premiado polo concello de Santiago no 1909.

No que respecta á Illa de Ons, escribiu na revista Cuadernos de Estudios Gallegos o traballo “*Apuntes para la historia de la isla de Ons*”, magnífico traballo de investigación sobre a historia desta Illa dende a prehistoria.


“APUNTES PARA LA HISTORIA DE LA ISLA DE ONS”. Cuadernos de Estudios Gallegos, n.º: XXVII, Santiago 1954.

Este traballo de Salustiano Portela foi clasificado por moitos autores como un: “*Importante índice para a realización dun profundo estudio sobre a historia da Illa de Ons*”, pois realiza unha interesantísima exposición histórica con abundancia de datos sobre os séculos que van dende o XVI ata principios do XX, froito de horas de traballo nas bibliotecas da Catedral de Santiago, Museo de Pontevedra e algún que outro arquivo parroquial. É sen dúbida algunha a obra guía de tódolos actuais investigadores desta Illa.

Sobre este traballo resaltarei as palabras que, ó igual que Álvaro das Casas, dedica á importancia de Ons: “*No podemos resistir a la tentación de suponer y admitir como indudable el que esta isla – una de las que entre las de las Rías Bajas mayor interés despierta, por su amplitud,*

historia, riqueza del suelo y de la situación más comprometida, cerca de la playa de la Lanzada, no lejos de la desembocadura de la de Villagarcía de Arosa, a la vista desde la entrada de Vigo y de Marín - . . .”

E tamén á parte na que conta o intre histórico no que a “Junta Provincial de Armamento y Defensa de la



Provincia de Santiago” (1810) decide fortificar a Illa de Ons, para previr as posibles incursións marítimas dos franceses, construíndo unhas baterías de defensa.

Debido o alto custo que estas obras ían traer, deciden:

“*Dividir la parte cultivable de la isla en doscientas parcelas, valorando cada una en 2.000 reales, y entregándolas a títulos de <acciones de primera clase>, a quienes las pretendieran. De la parcelación encargóse el ingeniero señor Cossío, quien la realizó sin demora, y seguidamente comenzó la suscripción. . .”*

Considero importante esta parte do traballo porque, como descendente daqueles primeiros poboadores, pode que exista algún documento que permita ós herdeiros daqueles primeiros accionistas solicitar a propiedade dos terreos que foron adquiridos naquela data.

E quero rematar, co último parágrafo da súa obra na que volve a insistir en:

“*Ninguna de las islas de las rías bajas despierta interés y curiosidad mayor que la de Ons, principalmente para los investigadores.*”

STAFFAN MÖRLING

Estudante sueco da Universidade de Lund no 1960 e que grazas a unha axuda de dita universidade baixo o <Fondo para as Actividades dos Investigadores non Graduados>, chegou a Galicia para investigar as embarcacións tradicionais.

Quedou engaiolado por esta terra, sobre todo pola Illa de Ons onde pasou unha longa tempada estudando a súa típica embarcación, a Dorna, (1964), e onde casou coa illán Josefa Otero.



Dornas e galeón varadas na praia das Dornas. Illa de Ons

En Bueu ficou, pasando a exercer de mestre de Inglés na Escola Naval Militar de Marín ata a súa xubilación hai uns anos.

Persoa moi preocupada pola historia e a etnografía galega, fixo e participou ó longo dos últimos 40 anos en infinidade de charlas, conferencias, congresos,..., sobre etnografía mariñeira e galega en xeral.

Na súa obra "As embarcacións tradicionais de Galicia", ó carón do estudio de tódalas embarcacións tradicionais galegas fai unha descrición etnográfica da Illa de Ons.

"AS EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA",
Consellería de Pesca, 1989.

Interesantes as letras expostas no pé de foto da praia de Curro con máis de trinta dornas e un galeón varadas e repousando sobre a area:

"A illa de Ons era moito máis ca un concepto meramente xeográfico. Era unha completa comunidade rural galega, que, sobre a base dunha economía de grande abastecemento, coa agricultura, a gandería, e a pesca como principais fontes de ingresos, e dunha marcada cohesión social cara ó exterior, chegou ata mediados dos anos sesenta sen moita intromisión allea.

Perduraban na illa usanzas e costumes, que en

moitos lugares non sobreviviron ós tempos da guerra civil e que eran recordos vivos da Galicia aldeá de tan frecuente aparición nas obras de Ramón del Valle Inclán. <O romance arcaico case visigodo>, como este definía a fala popular galega, non era moi difícil de entender nen de imitar para quen chegaba á illa con coñecementos de latín.

O aspecto da praia de Curro, con trinta e catro dornas, manifestaba a dependencia de Ons destas

embarcacións, dependencia que foi exclusiva ata pasada a primeira metade do século XX. Enriba da foto, á esquerda, os restos da residencia do antigo dono da illa e o almacén de salga."

Tamén interesante é o xeito de definir, con poucas palabras, o seu primeiro día de saída ó mar en Ons para a pesca do polbo á Liña:

"Mata-lo polbo e deixalo na cadeira, atende-la liña dunha banda, atende-la outra, comproba-la situación cunha ollada e corríxila nuns momentos de voga enérxica; a xornada na dorna hai que vivila para comprende-lo movida que é cando pican os polbos..."

SANTIAGO CASTROVIEJO BOLIBAR

Naceu en Moaña (Pontevedra) en 1946, estudou bioloxía na Universidade complutense, onde tamén realizou o seu doutoramento e deu clases de botánica ata 1974. Ingresou no Consello Superior de Investigacións Científicas como colaborador científico. No 1986 obtivo a praza como investigador e dende 1990 é profesor de investigación. Foi director do Real Jardín Botánico de Madrid (1984 – 1994).

Cytisus insulares, Illa de Ons



É especialista en taxonomía e ecoloxía de plantas vasculares, en especial, da rexión mediterránea. Dirixiu 19 teses doutorais e publicou arredor de 150 traballos de investigación.

Entre as contribucións máis valiosas está a dirección do proxecto <Flora Ibérica> onde realiza dende 1981 un

labor de investigación das plantas vasculares que crecen espontaneamente na Península Ibérica.

A finais dos anos 60 realiza na Illa de Ons unha profunda tarefa de campo do que sairá máis tarde o traballo para a súa Licenciatura.

A obra é interesantísima pola cantidade de datos sobre vexetación e flora que aporta así como a posición exacta de cada unha das especies.

“LA VEGETACIÓN Y FLORA DE LAS ISLAS ONS Y ONZA”. Trabajo de Licenciatura. 1970.

Debido ó seu carácter científico vou só a resaltar algunha parte da súa obra que, por diferentes motivos, considero interesante como é o caso do seu comezo: “ *El estudio de la flora es fruto fundamentalmente de las visitas de carácter científico realizadas a las islas en diferentes época. El trabajo está realizado desde distintos puntos de vista: mediante la herborización directa de las diferentes especies en el campo y su posterior clasificación en el laboratorio; siguiendo el método de BRAUN – BLANQUET en líneas generales, porque dada la pqueñez de la isla, se entrecruzan y es muy difícil separar unas comunidades de otras, por esto no se pasa de la unidad sistemática Alianza.*”

O traballo realízao diferenciando diferentes comunidades:

“*Como resultado de estas visitas y de la interpretación de la fotografía aérea, han resultado las siguientes comunidades: Comunidades psammófilas de los arenales; Comunidades de las malas hierbas de cultivo; comunidades de las zonas de monte; Comunidades del roquedo costero y comunidades de los pinares.*”

Con referencia ás diferentes comunidades nas que clasifica a flora e vexetación da Illa, quero facer fincapé na que corresponde ás zonas de monte. Nela fálanos da utilización que o illán fai do terreo e no que o lume nunca sería ben recibido. Dato importante para calar a todos aqueles que consideraron ós illáns como responsables do lume que arrasaba a Illa, pola falla de vixilancia, durante o verán:

“*En ambas isla la mayor parte del terreno que no está cultivado, se encuentra recubierto por lo que los paisanos llaman <monte> que aprovechan para cortar y echar de cama al ganado, es por esto por lo que pocas veces se puede encontrar la vegetación característica de esta zona completamente desarrollada, ya que tienen que cortarla mientras es relativamente joven porque de lo contrario llegaría a ser demasiado leñosa e incluso molesta.*”



Antigo cortello. Barrio de Canexol. Illa de Ons

De todas formas la vegetación correspondiente a esta zona está perfectamente caracterizada e individualizada y forma sin duda una asociación independiente de las demás, que por sus características y por las especies que la forma la homologa con la ALIANZA ULICION NANAE, Duvigneaud, 1944.

A segunda parte do traballo e bastante extensa e dedícaa á : *“Relación de las especies herborizadas en las islas de Ons y Onza, con cita de los lugares donde fueron observadas.”*

FERNANDO ALONSO ROMERO

Naceu na Coruña (1944). Estudou Filosofía e Letras na universidade de Salamanca onde en 1974 presentou a súa tese doutoral *<Relaciones atlánticas prehistóricas entre Galicia y las islas Británicas y medios de navegación>*. Realizou unha reconstrucción ideal das antigas embarcacións de coiro empregadas durante a prehistoria para navegar polas costas atlánticas.

Ten unha interesante obra dedicada ó mar, ós mariñeiros e ás súas embarcacións.

Sobre a Illa de Ons realizou dende 1978 varios

traballos, destacando: “Proyecto de estudio sobre el pasado y presente de la Isla de Ons y su planeamiento futuro”, 1978; “Los orígenes del mito de la Santa Compañía de las Islas de Ons y Sálvora”, 1981; “Proyecto: Una alternativa de futuro para la Isla de Ons”, 1981; e “O ocaso da cultura popular na Illa de Ons”, 1982.


“PROYECTO DE ESTUDIO SOBRE EL PASADO Y PRESENTE DE LA ISLA DE ONS Y SU PLANEAMIENTO FUTURO”, Isla de Ons, Agosto de 1978

Das súas obras dedicadas á Illa de Ons quixen destacar o proxecto elaborado en 1978 no que, xunto con outras persoas preocupadas pola Illa, realiza unha serie de exposicións ante o perigo que podería traer o despoboamento que se estaba a realizar por aquelas datas.

Propoñen ofrecer ante o ICONA, como organismo que daquela administraba a Illa, unha alternativa de solución co propósito de evitar:

“1.- Que la isla pueda convertirse en un emporio turístico en manos de especuladores. 2.- Que la Isla pueda ser utilizada como base militar. 3.- Que la isla se convierta exclusivamente en una reserva natural. 4.- Que la isla se convierta en su totalidad en una reserva de caza, a no ser que ésta se limitase

a la zona prevista por ICONA en el Proyecto de 1976. 5.- que la isla pueda ser adquirida por particulares. 6.- Que la isla se convierta en un paraje natural abandonado, expuesto a la degradación por los visitantes ocasionales



- a. vivanda
- c. corte
- d. cortello
- a. alpendre

Casa-vivanda e construcións adxetivas no lugar de Curro

irresponsables. 7.- Que en la isla se efectúen repoblaciones inadecuadas que pudieran dañar o reducir los numerosos campos de cultivo, por desgracia actualmente abandonados. 8.- Que en la isla se creen industrias. 9.- Que la isla se utilice como fondeadero de petroleros, o almacén de combustibles, maquinaria u otros productos. 10.- Que en la isla se edifiquen hoteles, casinos e edificios privados. 11.- Que aumente el número de los campos de cultivo abandonados por falta de mano de obra o dificultades de trabajo. 12.- Que se desperdicien o ignoren las actuales fuentes de energía no contaminante de las que dispone la isla: viento, agua y sol. 13.- Que se explote irracionalmente la riqueza pesquera y marisquera de la isla. 14.- Que los actuales colonos de la isla se vean forzados a abandonarla.”

Interesante enumeración de problemas feita no ano 1978 sobre a Illa, á que seguen 25 propostas de solución e 20 plans de estudo para levar a cabo e que remata dicindo: “No basta con conservar la naturaleza, debemos saber utilizarla para poder sobrevivir sin autodestruirnos”.

PEDRO DE LLANO

Naceu na Coruña (1947), cursou os estudos de arquitectura na Escola Técnica Superior de Madrid e exerce na actualidade en Santiago.

Foi un profundo investigador e divulgador de temática relacionada coa arquitectura popular.

Polo seu principal libro “Arquitectura popular en Galicia” publicado no 1981, recibiu o Premio da Crítica Galega en 1982.

Sobre a Illa de Ons realizou un magnífico traballo de investigación sobre a súa típica arquitectura mariñeira, na que pretende centrarse no intento de buscar unha posible vía de avance na análise da arquitectura popular ante a ausencia de investigacións en dito campo.

Escolleu Ons porque era un espazo no que as súas características xeolóxicas, climatolóxicas, económicas e culturais permitían definir unha arquitectura local perfectamente diferenciada; era unha área cunhas características moi definidas en función das súas particulares condicionantes.

“ONS, A ARQUITECTURA DUNHA COMUNIDADE DESAPARECIDA” Cuadernos de Estudios Galegos, Coruña, 1981.

O libro ten dúas partes. Na primeira fala da Illa, das súas características, da xente e da economía illán; na segunda entra xa a tratar o hábitat, os factores que inciden na súa caracterización e a evolución da casa – vivanda, para de seguida tratar as características construtivas, as fachadas, as aberturas ó exterior, os elementos construtivos, a súa distribución interior,..., e remata coas construcións complementarias e os piornos.

Vou distinguir varios pés de debuxos que poden servir de resumo do exposto no libro:

“As casas-vivanda aparecen espalladas sen orde pola ladeira interior da Illa, misturándose con arboledas e cultivos”. “A localización dos asentamentos ven determinada pola necesidade de buscar amparo fronte aos ventos dadas as características topográficas sa Illa.”. “As edificacións aparecen pegadas ao chan, case incrustada nel.”. “en grande parte dos casos a casa-vivanda e as súas construcións adxetivas aparecen localizadas paralelamente á liña do camiño seguindo algunha das curvas de nivel da ladeira”. “O centro da actividade social e económica de Ons atópase no lugar de Curro”. “No extremo suroeste da Illa, atópase o caserío de Pereiró no que cabe salientar aa presenza dun fermoso grupo de edificacións unidas entre medianeiras”. “os casais contaban con dúas dependencias – unha cocíña e un dormitorio – sen ningún tipo de comunicación interior.”



Barrio de Canexol. Illa de Ons

“A grande precariedade de medios con que se atoparon os habitantes da illa ao construír a súa vivenda supuxo a aparición dunhas edificacións sumamente elementais.” . “o escaso coñecemento das técnicas da construción foi causa dun acabado construtivo caracterizado pola súa tosquedade.” . “Xunto á casa-vivenda, en Ons como no resto da xeografía galega, atoparemos toda unha serie de construcións fruto das necesidades da economía dos seus habitantes.” “O hórreo é tamén en Ons un dos máis destacados elementos da nosa arquitectura popular”. “os hórreos de pedra aparecen por primeira vez na Illa, durante os anos da fame, cando os canteiros de Bueu acudían a Ons para traballar case a cambio de comida” . . .



Piorno. Barrio Canexol. Illa de Ons




EN TEMPORADA:
Caza
Lamprea
Angulas
-
AMPLIA CARTA

Restaurante

Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN




O ARQUIPÉLAGO DE SAN SIMÓN

-Breve aproximación histórica-

Por: José Antonio Orge Quinteiro

DESCRIPCIÓN

Aínda que o lugar que nos ocupa foi comparado cos lagos italianos ou cos fiordes noruegueses, basta con ascender a Monte Penide, á Peneda, a Cotorredondo ou ao Monte Faro de Domaio para que o viaxeiro comprobe, ao estender a súa mirada sobre o marco que forman o arquipélago de San Simón e a plácida enseada que leva o seu nome, que non ten parangón. O escritor neiorquino James A. Michener, referíndose ao mesmo, dixo: “ (...) *lo mejor y lo más bello que ofrece España y uno de los dos o tres mejores del mundo son sus rías, brazos de mar que penetran tierra adentro, como fiordos, con muchos peces y agua salada y bellos paisajes*”.



Arquipélago de San Simón - Redondela

O arquipélago de San Simón, situado ao fondo da ría de Vigo, está formado polas illas, que de norte a sur se denominan: San Bartolomé (Pedra Branca ou Lobeira), Santo Antonio, San Simón e San Norberto (O Cobreiro); a primeira e a última, por mor da súa pequena extensión, carecen de importancia. O conxunto insular ocupa unha extensión aproximada de 29.000 metros cadrados e pertence ao municipio redondelán.

A maior das illas é a de San Simón, da que colle nome o arquipélago. Pouco elevada, escarpada polos lados e unida por unha ponte á de Santo Antonio constitúe, xunto con esta, o marco da dilatada historia que a grandes trazos


relatamos a continuación; conformando este enclave un dos signos que mellor identifican a Redondela.

Segundo versan as antigas crónicas, a romanización desta vila e arredores foi debida á súa inmejorable situación estratéxica, xa que se atopaba na confluencia das vías romanas XIX e XX, esta última coñecida como “per loca marítima”; sinalando que San Simón foi coñecida co nome de Búrbida entre os romanos.

CRISTIANIZACIÓN

Despois do florecemento monacal que se produce durante o medievo, a cristianización da zona realízase de xeito rápido e trae como consecuencia a construción do primeiro mosteiro na Illa de San Simón, así como noutros lugares propicios ao retiro contemplativo nas illas de Toralla e Cíes. San Fructuoso de Braga e San Martín de Pannonia, chamado o Dumense, foron con seguridade os promotores dalgunhas destas fundacións. Non debemos omitir a importancia da igrexa de Cesantes (parroquia redondelá próxima a San Simón) no Concilio de Lugo, convocado por Teodorico II no ano 569.

A finais do século XII os Cabaleiros da Orde do Temple (Templarios) constrúen na illa unha igrexa á que denominan de San Simón, nome que perdura na actualidade. A Orde enriquece e protege rapidamente grazas ás



Ermida de San Simón

COLABORA:

DIPUTACION DE PONTEVEDRA



outorgadas por reis e papas e ás numerosas doazóns que recibían. O seu poder e riqueza foron tales que provocaron numerosas crises políticas que conducirían á súa supresión o 22 de marzo de 1312 polo Papa Clemente V, cedendo as súas posesións aos Cabaleiros Hospitalarios.

A Illa de San Simón e a Vila Vella de Redondela pasaron a pertencer á Coroa ata que, no ano 1370, o rei Enrique II as doa ao bispado de Tui.

A principios do século XVI, o franciscano andaluz Frei Juan Pascual, fundador dos PP. Recoletos de San José, chega a Galicia e, extasiado ante os primores naturais do enclave insular redondelán, aproveita a antiga igrexa dos Templarios para fundar o convento da súa reforma.



Mónumento aos Trobadores da ría de Vigo

Este cenobio deu novo nome á reforma: “*Custodia de los Pascualinos de San Simón*”, da Capucha ou do Santo Evanxeo, sendo este a casa matriz da Orde e el cabeza da súa Custodia. Os Pascualinos permaneceron en San Simón arredor de 66 anos ata que, en 1583 na Congregación celebrada en Toledo, decídese a extensión da Custodia, obrigando a incorporar os seus mosteiros aos Franciscanos Observantes. Pero o convento da illa, por mor do seu enclave xeográfico, foi a excepción, constituíndose en pedra mística

da relixión seráfica, permanecendo os relixiosos seis anos máis ata que, con motivo da chegada de Drake en 1598, abandonaron o mesmo.

En 1596, fuxindo das diferentes epidemias que azoutaban a toda a poboación na zona, os monxes beneditinos de San Xoán de Poio deciden instalarse na Illa de Santo Antonio, na que permaneceron ata 1601. É entón cando os franciscanos deciden volver, e volven a pesar da oposición exercida polos beneditinos. Os franciscanos permanecerán en San Simón ata 1702.

A LÍRICA GALEGA NO MEDIEVO

A mediados do século XII florece o lirismo medieval galego e, xunto á literatura escrita, ten unha grande importancia a cultura oral. O seus portadores son os trobadores e xogares. Trátase de recitadores, cantores e músicos ambulantes que divulgan en feiras, castelos, vilas, etc. un repertorio musical e literario.

Entre os cantores medievais da ría de Vigo podemos citar en primeiro lugar a Mendiño, seguido de Martín Codax, Xohán de Cangas e Nuno Pérez, que formaban o grupo de cantores de santuarios mariños.

De Mendiño só coñecemos o nome xogaresco, diminutivo de Mendo, sen apelido. Cremos que naceu nalgún punto da ría, posiblemente no lugar coñecido por O Mendo, nas parroquias redondelás de Quintela e Saxamonde, con vistas á Illa de San Simón. ¿Podería ser este o solar de Mendiño?

A única composición orixinal de Mendiño que se coñece é a exquisita cantiga 438, inserida no Cancioneiro da Vaticana, 822 do Colocci – Brancuti, cantiga de amigo: A “*Cantiga de San Simón*”, que é un dos máis fermosos froitos da nosa lírica medieval:

CANTIGA DE SAN SIMÓN

-Edic. de J.J.Nunes-1926-

Sedia-m´eu na ermida de San Simion
e cercaron-mi as ondas, que grandes son:
eu atendend´o meu amigo
eu atendend´o meu amigo!

Estando na ermida ant´o altar,
(e) cercaron-mi as ondas grandes do mar:
eu atendend´o meu amigo!
eu atendend´o meu amigo!

E cercaron-mi as ondas, que grandes son,
non eí (i) barqueiro, nen remador:
eu atendend´o meu amigo!
eu atendend´o meu amigo!


E cercaron-mi as ondas do alto mar,
non ei (i) barqueiro, nen sei remar:
eu atendend'ó meu amigo!
eu atendend'ó meu amigo!

Non ei (i) barqueiro, nen remador,
morrerei fremosa no mar maior:
eu atendend'ó meu amigo!
eu atendend'ó meu amigo!

Non ei (i) barqueiro, nen sei remar
morrerei fremosa no alto mar:
eu atendend'ó meu amigo!
eu atendend'ó meu amigo!

LOITAS E INVASIÓNS

Despois da incorporación de Galicia ao reino visigodo, as tropas musulmáns teñen certa presenza na zona. Son estas, no seu ataque a Pontesampaio (ano 997), as que provocan unha auténtica carnicería nas illas, perseguindo aos refuxiados da batalla.



Nos anos 1014 e 1032, a ría de Vigo sofre novas invasións: primeiro, os viquingos dirixidos por Olav Haraldson e, a continuación, os normandos ás ordes do conde dinamarqués Easl Ulf, ocasionando graves saqueos en toda a comarca redondelá, ata que son expulsados por Cresconio, bispo de Iria e Compostela.

Durante os séculos XIII e XIV toda a comarca acada unha grande plenitude económica, sendo Redondela o centro artesanal e comarcal máis importante da ría de Vigo.

Sen dúbida, o acontecemento máis relevante da historia galega no século XV é a revolta irmandiña. Ao longo deste século, a influencia señorial chega ao seu máximo apoxeo; as pugnas pola posesión de territorios sucédense constantemente e, nesta zona, enfrontaranse con caracteres de guerra desatada o arcebispo compostelán D^o. Alonso II de Fonseca e D^o. Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro Madruga). Aproveitando que Pedro Madruga era prisioneiro en Benavente, Fonseca e os seus aliados trataron de recobrar novamente as terras de : Tui, Baiona, Pontevedra, Redondela, Vigo, Caldas, etc., que foran usurpadas. Pero tan pronto como saíu da prisión, Madruga comezou de novo as súas andanzas, recuperando as vilas de Redondela e Vigo, tendo que intervir para a súa liberación os Reis Católicos.

É no ano 1507 cando xorde a primeira loita armada entre galegos pola pertenza de San Simón. Os veciños de Redondela expulsan ás forzas dos señores de Soutomaior que ocuparan a illa, deixando clara a redondelanidade de San Simón.

En setembro de 1702 penetra na ría de Vigo a "Frota da Prata" procedente de Nueva España (México) e Cuba cun importante cargamento de ouro, prata e mercadorías de grande valor. Busca refuxio na enseada de San Simón para evitar o acoso das naves anglo-holandesas pero, a pesar de todos os esforzos por evitar a batalla, esta resultou cruenta, encarnizada e terrible. A congregación franciscana sufriu os ataques e saqueos do seu convento que, no 1722, se converteu en casa de noviciado e recolección pero, como os asaltos e invasións se sucederon durante os anos posteriores, barallouse a posibilidade dun traslado a outro lugar máis seguro. Esta iniciativa non foi levada a cabo e os franciscanos volveron á illa restaurando e mellorando o seu cenobio que fora reducido a cinsas. En outubro de 1719 San Simón resulta atacada novamente e os relixiosos abandonan a illa de xeito repentino sen salvaren as xoias da igrexa, arquivo, retablos, imaxes... etc. En 1724 a Orde franciscana obtén licencia para o seu traslado a terra firme, sendo o duque de Soutomaior o que lles doe o lugar de Vista Real de Agrelo na parroquia redondelá de Cesantes (que nada ten que ver co solar onde hoxe radica o coñecido pazo de Torres Agrelo, moi próximo á citada paraxe). Este traslado non se produciu ata finais de 1746. A illa permanece entón abandonada e deshabitada ata que, por Real Orde do 6 de xuño de 1838, se concede permiso para a construción dun lazareto marítimo.

C./ Lepanto, bloque 3 - bj. 3
Teléf.: 981 312 929
Fax: 981 327 530
15406 FERROL

Francisco J. Cruz Senra



Electro Montajes Cruz, S.L.

Políg. Gándara, parcela 127
Teléf.: 981 312 736
Fax: 981 312 701
NARON

LAZARETO MARÍTIMO



España ante o cólera. O Lazareto galego de San Simón, un dos mellores do mundo

Dende 1826, data na que se establece por vez primeira a necesidade da construción dun lazareto na costa atlántica ata que se fai realidade en San Simón, son numerosas as disputas das diversas cidades costeiras sobre a localización final do cobizado lazareto. Destacamos aquí a figura de D^o. Nicolás Taboada Leal como auténtico artífice na consecución deste logro para a comarca de Vigo, defendendo ferventemente a idoneidade da súa construción, amparándose nunha dobre finalidade: dunha banda, a de mellorar a saúde pública; doutra, a de protexer os intereses comerciais e marítimos da zona.


A cidade de Vigo fortaleceu deste modo a importancia comercial do seu porto, o que facilitou o despegue económico de que foi obxecto ao longo do século XIX.

D^a. María Cristina de Borbón concedía por Real Orde de 6-VI-1838 a construción dun lazareto sucio nas Illas de San Simón; nesta R.O. podemos apreciar como prevalecía o interese comercial sobre o sanitario.

O 28 de outubro de 1838 sácanse as obras a poxa pública e é entón cando o adañeirado comerciante asentado en Vigo, D^o. Norberto Velázquez Moreno, presenta unha proposta na que se compromete á realización das obras precisas e na que esixe diversas condicións, entre as que destacaba o dereito exclusivo que tería o empresario para o subministro de utensilios ao lazareto, obrigando a todas as tripulacións a surtirse na súa casa comercial. O tempo límite para a execución das obras reducíase a quince meses, pero en realidade superouse amplamente. A proposta foi aceptada con poucas modificacións e o 15 de agosto de 1842 comeza a prestar os seus servizos cuarentenarios.



Estando xa o lazareto en pleno funcionamento, os enfermos dividíanse en dúas clases: os desafiuzados, que eran hospitalizados na Illa de Santo Antonio (illa da morte) e os sospeitosos ou recuperables, na contigua de San Simón. Case un centenar de persoas se ocupaban dos diferentes labores no referido Centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Delegación Provincial PONTEVEDRA

A poboación cuarentenaria alcanzou cifras importantes durante os anos 1842-1854, rexistrándose unha entrada de 2.439 buques e 46.000 persoas cun total de 82 defuncións. No ano 1854 o lazareto pasou a ser propiedade do Estado, ao quedar satisfeito das súas inversións e gastos o contratista Velázquez Moreno. Non debemos esquecer que San Simón estaba considerado como un dos mellores lazaretos do mundo.

Con motivo das sucesivas pragas de cólera morboasiático que afectaban constantemente a esta zona, as autoridades pontevedresas culpan a San Simón da penosa situación, polo que o Goberno ordena unha comisión para inspeccionar o Lazareto. Paralelamente constitúese na cidade de Pontevedra outra comisión composta por veciños, dende a que se preme ao Concello para conseguir a supresión do Lazareto de San Simón e establecer un na Illa de Tambo. Os vigueses replicaron de inmediato e, no fondo da disputa, intuíase a loita de intereses de cada unha das partes. Unha vez máis quedaba patente deste xeito a prevalencia de intereses económicos sobre os meramente sanitarios.

Ante un novo brote de cólera en España en 1884, o Goberno dispuxo que todas as embarcacións procedentes dos puntos infestados viñesen facer coarentena a San Simón, orixinando un enorme rebumbio na capital pontevedresa. O malestar provocado en Vigo orixinou a celebración dun transcendental mitin no teatro- circo Tamberlick da cidade, no que se decide nomear unha comisión de defensa do lazareto, e incluso se asumiu a misión de separarse de

Pontevedra e unirse a Ourense. A prensa de toda Galicia e do resto de España faise eco da tensión existente entre Vigo e Pontevedra. O bo sentido prevaleceu e o lazareto continuou en funcionamento ata o 23 de marzo de 1927.

PRISIÓN

Despois de estalar a guerra civil española de 1936, os cárceres da provincia, entre outros, estaban repletos de presos políticos e, ao obxecto de desconxestionalos, o xeneral Martínez Anido decide establecer en San Simón - aproveitando as instalacións do antigo lazareto- unha prisión, que prestaría os seus servizos dende o 1 de outubro de 1936 ata o 15 de marzo de 1943; chegando a acoller no seu lugar arredor de 2500 presos e pasando por ela máis de 4000 prisioneiros de guerra, soldados e cidadáns vencidos do Exército da República.

Con motivo das masivas expedicións de prisioneiros á Illa e como non cabían nos edificios e barracóns, tiveron que fondear nas proximidades un vello buque denominado Upo Mendi, que tamén chegou a desbordarse de prisioneiros, na súa maioría vascos e asturianos; a “vida” destes era aínda máis penosa que a dos illáns. Ao se chegar a data do interrogatorio, os reclusos eran conducidos á prisión provincial; os seus defensores só cumprían un papel rutineiro posto que as sentenzas estaban xa dítadas de antemán.

No ano 1938 o máximo responsable do Corpo de Prisións decide inspeccionar o sector e, quizais influenciado polas aparentes boas condicións de San Simón, propuxo trasladar á illa todos os vellos reclusos que enchían os cárceres españois. O resultado foi desastroso, xa que os anciáns procedentes de zonas cálidas, separados das súas familias cos achaques da vellez, a humidade do clima e a falla de medios, sufriron a máis dura etapa do seu cativerio. Moitos acabaron coas súas vidas pendurándose das árbores.

En xeral, as relacións entre os presos eran boas; había un excelente entendemento, dada a súa condición de presos políticos. Tamén a forza de convivir, coñecían as diferentes tendencias e corrupcións dos oficiais. Para realizar unha visita máis ou menos longa a un preso, cumpría valerse do tráfico de influencias



Desembarco de prisioneiros de guerra en San Simón

ACTIVIDADES “Pineiróns”
Agradecemento á:



ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARÍN
ILMO. CONCELLO DE MARÍN
CONCELLERIA DE CULTURA

por medio de recomendacións aos oficiais de prisións, militares ou monxas. A solidariedade fíxose patente nas mozas redondelás que, mediante a súa entrega e solidariedade, trataron de aliviar as penurias daqueles reclusos. Os paquetes con víveres e roupas que recibían os penados repartíanse xeralmente entre os amigos máis íntimos. Todos os días, a última hora da tarde, os oficiais de prisións facían o reconto dos reclusos. A continuación citábanse algúns que eran trasladados nunha motora para darlles o paseo. Este era o momento máis estremecedor para todos.

ALBERGUE NACIONAL

Despois de permanecer durante cinco anos as illas semiabandonadas, é no verán do 1948 cando a Secretaría Xeral do Movemento decide destinalas a Albergue Nacional, que funcionaría soamente durante a época estival, pernoctando nel membros da chamada "Guardia de Franco".

No seu terceiro ano de utilización a normalidade era evidente ata que, o 22 de agosto de 1950, sucedeu unha terrible traxedia que conmoveu á opinión pública en toda a nación, cando zozobrou a lancha denominada "Monchita" que trasladaba a 64 camaradas da Guardia de Franco a Redondela con motivo da celebración dun encontro amistoso de fútbol. O balance da catástrofe saldouse con 43 falecidos; a maior parte dos alberguistas eran de zonas do interior da península. Nos traballos de rastrexo participaron desinteresadamente varias embarcacións de pescadores da zona, colaborando coas forzas especiais destinadas para tal fin. A capela ardente instalouse no edificio do Auxilio Social, en Redondela, onde unha gran manifestación popular asistiu ás honras fúnebres, sendo declarado día de loito polo Concello da vila. En sinal de dó polas vítimas, o Albergue era clausurado o día 24 polo lugartenente da Guardia de Franco e outras xerarquías provinciais do Movemento. No 1958 erixiuse en O Cobreiro un sinxelo cruceiro en memoria dos falecidos.

COLEXIO-FOGAR

Por Orde Ministerial do 27 de maio de 1955 establécese en San Simón o "Hogar Méndez Núñez", cuxa finalidade era a formación básica de orfos de mariñeiros. A Dirección Xeral de Sanidade cede temporalmente a illa á Beneficencia, mediante un convenio que deixaba moi claro que, se fose necesaria a súa utilización, habería de ser convenientemente desaloxada e posta ao seu servizo nun prazo de corenta e oito horas.

O Fogar dispoñía da totalidade do terreo que ocupan as dúas illas cos seus edificios e instalacións. O persoal asignado estaba composto por un total de vinte e catro persoas entre directivos e auxiliares.



A idade mínima para ingresar no Centro era de dez anos. Chegou a acoller unha media de matrícula de oitenta alumnos. A pretensión dos mandos directivos era trasladar o alumnado á Escola Náutico-Pesqueira da Coruña, unha vez conseguido o certificado de escolaridade e iniciación mariñeira. Alí complementarían a súa formación e especialización. Esta iniciativa viuse truncada por unha Orde Ministerial do 9 de abril de 1963, decretando o peche do colexio-fogar e trasladando aos internos á Residencia



Traslado dun grupo de internos do Fogar ao peirao de Cesantes

“Santo Domingo Savio”, na vila de Redondela; quedando novamente San Simón deshabitada e sen actividade de ningunha clase ata a actualidade. Pasaría, daquela, a pertencer novamente á Dirección Xeral de Sanidade.

A XURISDICIÓN DAS ILLAS

O 23 de decembro de 1965 a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado ordena instruír as dilixencias oportunas para inscribir ao seu nome o arquipélago de San Simón no Rexistro da Propiedade de Vigo.

Sabedor desta noticia, o alcalde de Redondela, o Dr. Otero Rey, acorda dirixirse ao Rexistro da Propiedade de Vigo para facer constar a súa oposición a tal inscrición, posto que as illas pertencen á xurisdición de Redondela, e é no Rexistro da Propiedade desta vila onde debe efectuarse a súa inscrición.

A continuación acaecen dous feitos de transcendental importancia que irritan aos redondeláns: sacar en pública poxa as illas de San Simón e Santo Antonio por parte do Ministerio de Facenda, e publicar no B.O.E. un “Concurso de ideas relativo al planeamiento de las islas: Cíes, Toralla, San Simón y San Antonio” polo Concello de Vigo.


Á corporación de Redondela, despois de realizar un sen fin de xestións ao obxecto de xustificar a soberanía das illas, non lle queda outra saída que interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso administrativo contra o Concello de Vigo, sendo fallado definitivamente o 21-XII-1981 polo Ministerio de Administración Territorial a favor de Redondela. Concluía así unha longa historia de enfrontamentos entre os dous municipios veciños.

OS DIVERSOS DESTINOS

Independentemente dos destinos que tiveron ao longo dos anos as Illas de San Simón e Santo Antonio, dende o ano 1928 os “proxectos e suxestións” foron do máis variado: Aeroporto Nacional Marítimo de Galicia (estación de hidroavións), Orfanato da Mariña Mercante, Parador de Turismo, Parque Público (de uso xeral), Escola de vela ou Estación de Iates, Facultade de Ciencias do Mar (Universidade de Santiago), Casino, Centro para rehabilitación de toxicómanos, Cámping, Centro de Estudos Mariños, etc. A meirande parte destes proxectos, ao non contaren con recursos económicos suficientes, víronse privados de viabilidade.

É en 1986, cando á petición do F.R.O.M., as illas pasan a depender do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, realizando este organismo planos e proxectos para o prometido Museo do Mar e Instituto de Estudos Mariños. Pero a desexada idea viuse frustrada en grande medida pola pasividade e ignorancia do goberno local. A comarca redondelá, con seguridade, veríase favorecida de levarse a cabo o magnífico e logrado plan.

Deseño do proxecto para Museo do Mar e Instituto de Estudos Mariños



Sesión extraordinaria da Real Academia Galega presidida por Francisco Fdez. del Riego conmemorando o Día das Letras Galegas en San Simón. (17 - V - 1998)

Despois de permanecer arquivado durante dez anos o referido proxecto, é o distinguido redondelán D^o. Jesús Pérez Varela, titular da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o artífice de executar unha grande parte da idea inicial, incluíndo tamén a súa dedicación a actividades relacionadas co ocio e o turismo. Na actualidade, a totalidade dos edificios e a maioría das instalacións están totalmente restauradas. Dende 1998, ano no que se celebrou o Día das Letras Galegas dedicado aos trobadores medievais da ría, os inmobles recuperados albergaron diversos actos científico-culturais.

Pensamos que a recuperación dun dos símbolos máis emblemáticos e representativos de Redondela é, hoxe por hoxe, un feito constatable. Esperemos que sirva para uso, goce e proveito de todos, en especial dos redondeláns, e se convirta no detonador do engrandecemento local deste pobo.

Decembro-2004

- Para un mellor e máis amplo coñecemento, véxase ORGE QUINTEIRO, J. A., “Las Islas de San Simón”. Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1995 e 2002.

A ILLA DE CORTEGADA

Por: M.^a Eva Rodríguez Ferreiros

Se vas a Carril
ao mesmo chegar
verás Cortegada
deitada no mar.

E ten moita razón a cantiga, porque xusto en fronte do porto de Carril, no medio da Ría de Arousa, atópase deitada a illa de Cortegada. Illa cativa que case se colle coa man dende a costa e á que se pode chegar polo “Camiño do Carro” aproveitando a marea baixa, pois quedan ao descuberto os arrecifes de “Os Ventos”.




GALICIA - ILLA DE CORTEGADA - PONTEVEDRA - FOTOGRAFÍA REAL 1907.

A súa tradición histórica é grande, parece seguro que xa foi mencionada polo xeógrafo romano Plinio o Novo, e sabemos con certeza que nela houbo un hospital anterior ao ano 1334. Este hospital, chamado de Carril, estaba a carón dun pequeno santuario dedicado á Virxe de Cortegada. Entón recollía numerosos devotos que ían en romaría os días 25 de marzo ou o 15 de setembro e polo tanto tamén recollía as doazóns que facían. Sábese que o arcebispo de Vilagarcía, Fernando de Andrade, era un gran devoto da Virxe de Cortegada.

A súa fama milagreira chegou a ser tal, que arredor do 1660 parte dos exvotos ofrendados polos peregrinos, tiveron que ser trasladados á igrexa de Carril, porque na Ermida xa non collían. Non se coñece moi ben o motivo polo que foi abandonado dito hospital, pero sábese que foi en datas posteriores ao século XVIII.

Na costa sur estaba o pobo de Cortegada. Pobo que se mantivo vivo ata finais do XIX, momento en que a provincia de Pontevedra decidiu compra-la illa para regalarlla ao rei Alfonso XIII coa idea de facer un gran pazo que servise como residencia de verán do monarca. O proxecto non chegou a ser unha realidade e a bonita illa de Cortegada quedou convertida nun vedado de caza da Coroa.

A parte norte da illa é hoxe o maior bosque de Loureiros de Europa, por mor da despoboación e das especiais características climáticas da zona. Situada como está, case na desembocadura do río Ulla, recolle gran cantidade de depósitos areosos que fixeron dela unha illa fértil. Aquí acubíllase tamén o Mazarico Galego xunto con outras especies mariñas propias da Ría de Arousa. Sendo ademais un verdadeiro paraíso para os amantes da micoloxía.



Capela da Illa de Cortegada



ILLA DE AROUSA


Por: Manuel Chazo

Hai numerosos testemuños de que a Illa foi habitada dende os primeiros tempos do Paleolítico e da Idade do Bronce. Na praia dos Bufos localizouse unha necrópole romana.

Sufriu a invasión de Normandos e Sarracenos. No 912 pasou, a metade da Illa, a pertencer ó Mosteiro

primeira estaba na Illa de Sálvora onde a instalou Jerónimo de Hijosa no 1770.

Dende mediados do século pasado, o máis fermoso era observar, cando se abría a veda do marisco, a pesca da ameixa babosa dende as paredes do Vao ata as de Carballo e Bois.



Dende a punta do Vao de Arousa, extremo oriental desta Illa, avanza, formando un arco de convexidade pronunciada cara ao sur, unha estreita lingua de area pola que, na actualidade, pasa unha ponte. Esta lingua de area, que na baixamar queda en seco e cuxo extremo está a 600 m. e a 115° da punta Sartaxa ou, Rebadeira Grande, cubríase de dornas, botes e chalanas traballando ao rastro da ameixa.

O mesmo ocorría polo sur da lingua de area, na costa de San Miguel. Alí, case todas eran chalanas, unha mestura de embarcións cun chapotear continuo ó tirar o rastro con vara longa ó mar. Traían, nos copos do rastro, unha boa cantidade de ameixa; logo, para a venda, medíase por cacharro, medio cacharro e caixas de ameixa.

Beneditino de San Martín Pinario de Compostela, baixo a doazón do Bispo Sisnando tal como consta en documentos de dito mosteiro.


No ano 929 o rei Alfonso IV o Monxe de León, fundou na Illa un cenobio baixo a adoración do mártir San Julián.

A invasión da Illa no século XII polos musulmáns fai que Gelmirez ordee a construción de naves para a defensa da costa, converténdose a Illa en punto de encontro para repeler ó invasor.

O autor Labrada, a principios do século XIX, di: *“que las gentes de la isla de Aroza, se ejercitan con gran maestría en la pesca del congrio y pulpo, hasta un total de capturas de 800 quintales”*.

A partir de 1845 desenrolouse a industria do salgazón e pesca da sardiña, da que eran testemuñas as sete fábricas salgzoneiras. Así a fábrica de salgazón “Goday” inaugúrase en 1879, sendo a segunda que se implantou en Galicia; a

A Illa de Arousa foi testemuña das singraduras de moitos galeóns que viñan de recalada, despois de dedicarse á pesca da sardina, cara a Vilanova de Arousa.



HOMENAXE DA ASOCIACIÓN "ROBANDEIRA"

No verán do 2004 a Asociación D.C. Rabandeira fíxonos unha homenaxe aos membros do galeón <Joaquín> con motivo da botadura, no porto de Vilanova de Arousa, do "Nuevo Sofía", un galeón que repararan en O Grove.

Por desgracia, aos poucos días da homenaxe, finou o último patrón de Costa, con preto de 100 anos, Joaquín García Rodríguez. Mandara o "Industrial", veleiro de dous paos da empresa "Abalo, Ozores y Compañía" de Vilanova.

Coa información que lle facilitamos, a Asociación Rabandeira realizou un pequeno traballo na Revista de Cultura Marítima, con motivo do VI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia que se celebrou na Illa de Arousa do 2 ó 6 de xullo de 2003, co título de **"GALEÓNS DE VILANOVA DE AROUSA. Protagonistas da compra a flote nas Rías Baixas"**

Dito artigo paso a escribilo aquí e á vez facer un comentario sobre as fotos que o ilustran.



GALEÓNS DE VILANOVA DENTRO DA DÁRCENA, 1930

GALEÓNS DE VILANOVA DE AROUSA PROTAGONISTAS DA COMPRA A FLOTE NAS RÍAS BAIXAS

Por: José Luis Iglesias García

Asociación D.C. Rabandeira. Vilanova de Arousa.

Foto 1



TRIPULANTES DO GALEÓN «JOAQUÍN» FONDEADO Ó FE DO MONTE LOURO, ANOS 40

O porto de mar de Vilanova de Arousa deu abrigo á maior flota de galeóns que se dedicaban á compra de sardiña a flote para abastecer ás máis de vinte fábricas de salgazón que había na primeira metade do século pasado na vila.

Aqueles galeóns desprazábanse por todo o litoral dende Fisterra ata Baiona (sur). Aquelas costas estiveron adornadas durante moitos anos polas velas daqueles galeóns, que carrexaron milleiros de toneladas de sardiñas e xoubas nas súas adegas para as fábricas de salgazón.

¹O seu autor, José Luis Iglesias García, deu permiso para que eu o volvera a publicar nesta revista.

Foto 2

DESCARGA DO GALEÓN «JOAQUÍN» PARA A FABRICA DE SALAZÓN DE D. JUAN GONZÁLEZ POMARES, NOS ANOS 40



RÍA DE MUROS

A campaña de compra da sardiña soía comezar por Santa Marta no mes de xuño, xa que nese mes a sardiña xa tiña graxa. Os galeóns, xa arraxados, saían do porto con rumbo a Muros. Ó chegar, segundo o vento que fixese, buscábase un abrigo, ben fose Montelouro por dentro da ría e, se afrescaba ó nordeste, ó oeste de Montelouro na praia de Area Maior, que eran os dous fondeadoiros principais de compra. Os galeóns facían garda esperando polas bucetas de Muros e polas lanchas xeiteiras de Noia. Ao meterse a noite, izaban un farol de carburo ao pao do galeón, para que foran vistos polos xeiteiros e durante toda a noite aquilo era un clamor chamando dende o galeón ¡ A BORDO ! ¡ A BORDO !

Os xeiteiros pouco a pouco ían chegando. Procurando o mellor prezo, sempre preguntaban, ¿A como paga patrón?. Pouco a pouco, íanse cargando as adegas.

Co lance da luxada ao ir clareando o día ían chegando á praia da Area Maior as motoras do cerco, de Portosín e Porto do Son cargadas a plan de sardiña.

Sempre había algúns galeóns agardando por elas. Sempre se vía pasar algún galeón cargado. Ao rematar a faena coas adegas cheas e se o vento era propicio, ían enfiando cabo Corrubedo, facendo camiño para Vilanova e senón esperaban pola brisa do verán (Garroa).

No mes de setembro, xa que a sardiña viña máis para o sur, os galeóns ían comprar ás lonxas de Cangas, Vigo ou Baiona agardando polas motoras do cerco de Baiona e Cangas. Estas, ás veces chegaban a Leixoes para pescar sardiña.

Isto foi vivido polos tripulantes do Galeón “Joaquín” de Vilanova de Arousa, FOLIO. 4.451.L-3-LTA.3ª .

A comezos dos anos 40 o patrón era o Sr. Marcelino Chazo Martínez de Vilanova de Arousa e o motorista o seu fillo Manuel Chazo Cores, ao que lle agradecemos a información.

Foto 1.- Acababamos de fondear, viñamos de Fisterra e as xardas viran a sombra do galeón e xurdíron coa fame que tiñan. Puxémonos a pescalar, viñan a pares, en pouco tempo deixamos de pescar, xa non queriamos máis. A foto foi sacada por un mestre de Vilaxoan dende a popa do barco. Manuel e Marcelino Chazo ao fondo.

Foto 2.- Descarga do Galeón “Joaquín”. Manuel Chazo de pé sobre a borda, agochado Marcelino Chazo Martínez, pai de Manuel. Anos 40.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Na páxina web de Adegagaliza atopamos este documento asinado por Santiago Ortiz:
(www.adegagaliza.org/documentación/documentos/lit/parque_illas_atlánticas.doc)

Considerámolo moi interesante dende o punto de vista biolóxico pois, ata a data, moi pouca información había neste eido sobre as Illas que conforman o Parque Nacional.

Como podemos comprobar, o documento foi escrito antes de que foran, hai dous anos (2002), declaradas as Illas: Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada como as integrantes do Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas Galegas.

O INTERESE BIOLÓXICO DESTE FUTURO PARQUE: A FLORA E A VEXETACIÓN

Por: Santiago Ortiz

Probablemente unha das mais relevantes novidades producidas ultimamente en Galiza no campo do medio ambiente é a posible declaración das illas atlánticas como "Parque Nacional". Aínda que semella que nun principio as illas a incluír no devandito Parque eran as Cíes, Ons e Onza, Lobeiras e Sisargas, parece que finalmente ficou desbotada a inclusión desta última. Con este artigo pretendemos facer unha primeira avaliación do interese biolóxico que encerran estas illas no que se refire á súa flora e vexetación.

Desde o punto de vista fitoxeográfico estas illas están situadas no sector Galaico-Portugués da Provincia Cántabro-Atlántica, dentro da Rexión Eurosiberiana, onde fan parte do chamado piso ou horizonte bioclimático termocolino que é o mais cálido da Europa atlántica. Isto ocasiona que a nivel de flora e vexetación estas illas sexan por unha banda tipicamente atlánticas e

polo tanto presenten estreitas relacións con outras áreas atlánticas europeas, especialmente a través das costas occidentais francesas, das illas británicas e da cornixa cantábrica. Son exemplo disto plantas como *Rumex rupestris* Le Gall ou *Rumex acetosa* subsp. *biformis* (Lange) Castrov. & Valdés-Bermejo, esta última recentemente localizada en Cornualles, e asociacións vexetais como o *Bostrychio-Halimometum portulacoidis*, que coloniza os bordos das áreas asolagadas dos esteiros.

Por outra banda, estas illas gozan dunha relevante influencia mediterránea que basicamente lles chega a través da costa portuguesa. Exemplo disto son plantas como *Corema album* (L.) D. Don ou *Calendula suffruticosa* Vahl subsp. *algarbiensis* (Boiss.) Nyman e comunidades vexetais como a asociación de dunas secundarias *Iberidetum procumbentis* Bellot (1968).



Detalle de *Cytisus insulare* con flor e froito.
Foto: Juan Rodríguez Oubiña.

No que se refire á flora, o interese que presentan estas illas é moi destacable se temos en conta que os ecosistemas costeiros, nomeadamente os complexos praia-duna e os cantís, é onde, en comparación con outros medios, se acha o meirande número de plantas raras e ameazadas da Galiza. Tal e como podemos ollar na táboa 1, nestas illas podemos achar 19 especies e subespecies dun total de pouco mais de 100 que van ser recolleitas no Libro Vermello da flora galega que está actualmente en fase de elaboración, e delas 6 (serían 7 de estar xa publicada a descrición da especie *Cytisus atlanticus*) serán recollidas na Lista Vermella do Estado Español que está tamén en fase de elaboración e no que de xeito moi estricto só se inclúen aquelas especies e subespecies catalogadas como mínimo como vulnerables de acordo cos últimos criterios da IUCN (1994).

Entre todas esas plantas destaca *Rumex rupestris*, un endemismo atlántico que vive preferentemente en cantís e do que, aparte das escasas poboacións galegas centradas sobre todo nestas illas, só se conservan algunhas poboacións na Bretaña francesa e Cornualles amais de dúas poboacións en Gales.

Un caso similar é o de *Linaria arenaria*, unha planta que vive en áreas costeiras e da que, amais das escasas poboacións galegas, existen algunhas poboacións na costa occidental de Francia.

Con todo, probablemente a planta mais emblemática destas illas é *Cytisus atlanticus*¹, unha xesta recentemente descuberta pois se viña confundindo con *Cytisus striatus* (Hill) Rothm., unha xesta moi común en


Galiza. Coñécese polo momento nas illas de Ons, onde están as súas mellores poboacións, e Sálvora. Polo propio feito de ser esta unha planta leñosa que pode sobordar os 2 metros de altura e por ter unha área tan restrinxida é unha das plantas de meirande interese entre a flora rara e ameazada da Galiza, se non a que mais, polo que constituirá un dos valores biolóxicos mais relevantes do futuro Parque.

Outras plantas de interese presentes nestas illas son por, exemplo, *Centaureum scilloides* (L. fil.) Samp., *Iberis procumbens* Lange ou *Silene littorea* Brot.,

Desde o punto de vista da vexetación o interese destas illas semella menor que o da súa flora. Como corresponde á súa escasa superficie, a diversidade de hábitats e, polo tanto, de comunidades vexetais non é moi destacable. De todas as comunidades vexetais probablemente as de meirande interese son, ao igual que ocorría coa flora, as dos cantís e dos complexos praia-duna con asociacións de área de distribución reducida como os pasteiros graminoides aero-halófilos da asociación *Crithmo-Armerietum pubigeræ* e a asociación halocasmofítica *Dauco-Festucetum pruinosæ*, ámbalas dúas dos cantís. Nos complexos praia-duna sobrancean pola súa área reducida ás comunidades das dunas estabilizadas entre as que se poden recoñecer comunidades leñosas (*Iberidetum procumbentis*), pasteiros vivaces (*Violo-Silenetum littoreæ*) e pasteiros anuais (*Linario-Corynephorretum canescentis*) amais dunha matogueira que coloniza os puntos mais afastados da praia que, de

entre estas illas, só poderemos achar nas Cíes: o *Ulici-Coremetum albae*. De todas estas, as catro primeiras están presentes basicamente na Galiza e no Norte de Portugal mentres que as outras dúas son case exclusivamente galaicas.

Dunas del Barrio e praia de Canexol (Illa de Ons) onde crece a *Linaria arenaria* e que foi obxecto de estudo e posterior informe sobre o seu estudo por ADEGA (2003)



¹Foto páxina anterior, fonte: Bañares, A., G. Blanca, J. C. Moreno & S. Ortiz. 2003.

Atlas y libro rojo de la flora vascular amenazada de España. Taxones prioritrios. Ministerio de Medio Ambiente.

As comunidades vexetais que ocupan unha meirande superficie nestas illas son igualmente de área de distribución reducida: as matogueiras de toxo e carpazas da asociación *Cisto salvifolii-Ulicetum humili*, presente nas zonas costeiras do Sur da Galiza e Norte de Portugal. Esta aparece intercalada coas matogueiras moderadamente higrófilas da asociación *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*.


Polo tanto, e pese á práctica total ausencia do bosque potencial que neste caso sería unha facies termófila da asociación *Rusco-Quercetum roboris*, en conxunto podemos afirmar que o valor destas illas, no que atinxe á súa vexetación, non é en absoluto desprezable se temos en conta que a meirande parte da súa superficie está colonizada por comunidades vexetais singulares que, debido á súa reducida área de dispersión, merecen ser protexidas.

Nunha valoración global pódese dicir que aínda que moitas das especies e subespecies e asociacións vexetais destas illas están presentes noutros puntos da

costa de Galiza, aquelas albergan unha representación importante da flora e vexetación do noso litoral, de xeito moi especial algunhas das plantas de meirande interese desde o punto de vista da conservación como antes vimos. Se a isto acrecentamos as vantaxes comparativas que ofrecen as illas á hora de constituír unha área protexida pola facilidade de control de visitantes, contaminación, invasións de plantas alóctonas, etc., podemos concluír que a elección das mesmas para a constitución do Parque, aínda que posiblemente precipitada e pouco meditada pola administración, finalmente semella mais acertada do que nun principio puidese parecer ao menos desde a óptica da flora e a vexetación.

Aínda recoñecendo isto, é importante subliñar como teñen feito outros estudiosos do medio ambiente, que sería recomendable a inclusión no Parque doutras áreas costeiras continentais do entorno destas illas de similar valor ecolóxico.

Angélica Pachycarpa, na banda oeste da Illa de Ons



Hemicar, S.L.

Pintura al horno
Bancada de Carrocería



TALLERES

HEMICAR, S.L.

CHAPA - PINTURA - MECÁNICA


Avda. Médico Ballina, 5
LÉREZ - PONTEVEDRA

Teléf.: 986 870 045
Móvil: 689 300 438
Particular: 986 852 525

Táboa 1. Especies e subespecies presentes nas illas atlánticas que están recollidas no Libro Vermello da flora galega e na “Lista Roja de la flora española”, ambos en proceso de elaboración.


Especies e subespecies	Libro vermello Galiza	Lista vermella Estado Español
<i>Alyssum loiseleurii</i> P. Fourn. (?)	*	*
<i>Angelica pachycarpa</i> Lange	*	
<i>Antirrhinum majus</i> subsp. <i>linkianum</i> (Boiss. & Reuter) Rothm. (?)	*	*
<i>Armeria pubigera</i> (Desf.) Boiss.	*	
<i>Armeria pungens</i> (Link) Hoffmanns. & Link	*	
<i>Asparagus officinalis</i> subsp. <i>prostratus</i> (Dumort.) Corb.	*	
<i>Chaetopogon fasciculatus</i> subsp. <i>prostratus</i> (Hackel & Lange) Lainz (?)	*	*
<i>Corema album</i> (L.) Don	*	
<i>Cytisus insularis</i> S. Ortiz & Pulgar.	*	
<i>Leucanthemum merinoi</i> Vogt & Castrov.	*	
<i>Leucanthemum pluriflorum</i> Pau	*	
<i>Linaria arenaria</i> DC.	*	*
<i>Mibora minima</i> subsp. <i>littorea</i> (Samp.) S. Ortiz & Rodr. Oubiña	*	
<i>Otanthus maritimus</i> (L.) Hoffmanns. & Link	*	
<i>Rumex acetosa</i> subsp. <i>biformis</i> (Lange) Castrov. & Valdés-Bermejo	*	
<i>Rumex rupestris</i> Le Gall	*	*
<i>Scilla merinoi</i> S. Ortiz, Rodr. Oubiña & Izco	*	
<i>Spergularia australis</i> (Samp.) Prain	*	*
<i>Ulex europaeus</i> subsp. <i>latebracteatus</i> (Mariz) Rothm.	*	

Armeria pugnens. Habita nas Illas Cíes




Armeria pugnens. Habita nas Illas Cíes

Corema album. Habita nas Illas Cíes



Corema album. Habita nas Illas Cíes




COLONIAS REPRODUCTORAS DE AVES MARIÑAS NAS ILLAS MENORES DO ARQUIPELAGO DE SÁLVORA

Por: Estalísnao Fernández de la Cigña Núñez

INTRODUCCIÓN

Ó noroeste da grande illa de Sálvora, unha das maiores que constitúen o actual “Parque Nacional das Illas Atlánticas”, e a curta distancia da mesma, atópase un grupiño de illotes afastados por unha canle de pouca extensión e menor profundidade. Algunha destas illas adquiren polas súas características xeomorfolóxicas unha



Debuxo no que situámo-la illa de Sálvora e o resto das illas menores das que falamos no artigo: Os Cabaceiros, Noro, Herbosa, Gaivoteira e Vionta, que aparecen ó noroeste da grande e nunha liña que alóngase por máis de 2 km.

notable importancia local: falamos, entón, do Noro e da Vionta, principalmente, que, ademais, son as maiores deste conxunto que pasa moi desapercibido para a maior parte da xente, que simplemente os ignora. (Mapa)

Entre Sálvora e as súas illas menores fórmase un carreiro de mar tranquila e sosegada moi frecuentado

polos pescadores da ría de Arousa e que está considerado coma un viveiro natural de moitas especies que atopan aquí un lugar adecuado para se reproducir.

Comezámolas nosas visitas a estes afastados lugares xa no ano 1977, cando ninguén, aínda, as explorara, e seguimos visitándoas dun xeito case regular dende entón, publicando numerosos artigos e capítulos dos nosos libros nos que referenciabamos a fauna que nelas habita e falabamos, igualmente, da súa evolución. (Foto 1)

SINGULARIDADES DESTAS ILLAS MENORES

De sur ó norte, despregados nun liña de máis de dous quilómetros de longo que segue a dirección noroeste-sudeste atopamos algo máis de media ducia de illotes e rochedos que xunto a illa principal: Sálvora, protexen a ría de Arousa dos grandes temporais do terceiro e carto cuadrante. Os principais, reciben os nomes de Cabaceiro Grande, Cabaceiro Pequeno, Noro, Herbosa, Gaivoteira e Vionta. Están, todos eles, hoxe en día, integrados no recentemente creado “Parque Nacional” por formar parte do arquipélago de Sálvora, sendo, sen dúbida, ás illas menos coñecidas daquel territorio baixo a protección oficial do estado e aportan, á riqueza do Parque, as súas colonias de aves mariñas, que seguen a se-la sinal diferenciadora deste singular territorio.



Foto 1 – Niño de gaivota patiamarela *Larus cachinnans* cunha posta excepcional, xa que o normal é entre 1 e 3 ovos.



PANADERÍA - PASTELERÍA
AMADOR

LA GRAÑA
(Ctra. Bueu - Cangas)
Teléf.: 986 321 118
Despacho en Montero
Ríos, 101.
Teléf.: 986 323 120
Bueu

Vexamos, agora, as colonias asentadas en cada unha delas. (Foto 2)




Foto 2. Niño de corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* na illa de Noro cunha posta moi habitual: tres ovos.

1º. - OS CABACEIROS

Son dous rochedos (O Grande e mailo Pequeno) completamente lisos e sen vexetación ningunha, de aspecto cupuliforme e dun bonito color rosáceo que lle proporciona o feldespato que acompaña ó granito do que están formados na súa totalidade. O Pequeno, pola súa menor altura, é superado nos grandes temporais polas ondas do mar. O Grande, algo máis alto, presenta moi poucas fendas onde poder ancorar un niño con algunha seguridade, polo que ata moi recentemente sempre que nos achegamos a eles nunca fomos capaces de atopar criando a ningunha ave mariña. As primeiras gaivotas fixérono na primavera-verán de 2004, onde o noso colaborador José Manuel Oujo atopou dous niños da especie patiamarela *Larus cachinnans* nas partes máis protexidas do Cabaceiro Grande. Desembarcar neles sempre resulta moi complicado, pois con pouca mar que haxa non hai nin un só lugar onde poder achegarse cun mínimo de seguridade, xa que as rompentes os cercan por completo. Por outra banda, nada se atopa que chame a atención dun naturalista, pois por carecer, carecen mesmamente de calquera tipo de vexetación.

2º. - O NORO E A CURBINA DA FENDA

O primeiro dos agora nomeados trátase do máis alto de tódolos illotes que estamos a considerar, pois

levanta o seu cumio ata os 42 m de altura, presentando o aspecto dunha formidable pirámide truncada no seu vértice que destaca conspicuamente no horizonte desta parte da ría. Esta grande montaña, constituída por un conxunto de bloques graníticos que se foron desmoronando pola erosión, crearon unha serie de grandes corredores polos que se pode circular a pé, permitindo pasar dun lado ó outro da illa por medio dos seus túneles. Aseguraban as xentes de Sálvora que era a morada secular da Santa Compañía e que ó grito de "*Dios en ave*" trasladábase voando ata a aldea para inicia-las súas enigmáticas procesións que amedrentaban a todos cantos a vían no lusco fusco das noites tranquilas. Ó baixa-la marea aparece unha pequena praia de area fina na parte norte que se une a un rochedo de pouco tamaño ó que chaman Curbina da Fenda, pola que se pode acceder ó Noro con bastante seguridade, pois ofrece un abrigo seguro contra os embates do mar que son continuos.(Foto3)




Foto 3 - Dende a Herbosa divisámo-la illa do Noro: coa súa mole granítica que levanta 42 m.

PANADERIA  CAFETERIA

PANNES

Ezequiel Massoni, 22 - Teléfono 986 891 451 - MARIN

¡PÍDANOS PRESUPUESTO!

Preparamos, previo encargo: Buffets, empanadas, comidas y todo tipo de reuniones gastronómicas, familiares y amigables.

Saldrá satisfecho de nuestro Servicio




Foto. 4 – Na parte alta do Noro aparecen os corredores de enormes proporcións que permiten o paso dun lado ó outro da illa. Na foto: José Manuel Oujo (á esquerda) co autor do artigo no comezo dun dos corredores.

A ampla base de esta pirámide que o tempo nesgou, cuberta de mesta vexetación, que moitas veces impide o paso, formada principalmente por silvas e toxos, hai anos que foi ocupada polas gaivotas patiamarelas para criar ó seu abeiro. As primeiras visitas que realizamos a esta illa datan do ano 1977, pero as gaivotas empezaron a aniñar nela bastantes anos despois. No 1981 atopamos 45 niños, cantidade que foi aumentando co paso dos anos. Así, en 1990 contamos 47; en 1991, 57; en 1996, 103. A partires dese ano carecemos de datos. (Foto 4)

Debemos salientar que no ano 2002 atopamos por primeira vez os corvos mariños *Phalacrocorax aristotelis*

criando na parte rochosa da súa montaña, así como nos corredores que a traspasan de parte a parte. O total de niños que contabilizamos acadou as 25 unidades. (Foto 5)

3º. – A HERBOSA (Foto 6)

Ó norte do Noro áchase a Herbosa, de aspecto granítico nos bordos, pero con algunhas zonas de prado na parte central da illa que lle serven para bautizala. Se o Noro era alto e escarpado, a Herbosa e bastante baixa e cha. Atópase furada na mesma base por grandes galerías, onde o mar traballa con moitísima forza, refuxio seguro que acubilla as londras mariñas que aínda habitan neste arquipélago en relativa abundancia. Os seus pastos eran e seguen a ser de tan boa calidade que moitas veces os cervos que viven na illa de Sálvora cruzan a miúdo a nado a canle de algo máis dun quilómetro de ancho para vir a pacer nela. Cando Sálvora estaba habitada e os labregos da aldea a cultivaban na súa maior parte, a Herbosa era igualmente explotada polos caseiros do Marqués de Revilla, propietario exclusivo de todo o arquipélago que estamos a describir, repartíndose a herba segundo unha quenda establecida de antigo. Nesta illa, a única ave mariña que cría é a gaivota patiamarela que a ocupa na súa práctica totalidade: dende as chairas herbosas centrais ata os grupos rochosos do perímetro. As primeiras visitas datan do ano 1977, pero non será ata o ano 1981 no que atopámo-los primeiros niños: 25. Cantidade que foi en aumento segundo pasaba o tempo: 49, no 1990; 60 no 1991; esa mesma cantidade no 1996 e 75 no 2002.




Foto 5. Parella de corvos mariños cristados. O da esquerda leva no bico un peixe para alimenta-las crías.




Leña Verde

ZONA PEATONAL BANDA DO RÍO

BUEU

Teléfono: 986 323 483

Foto 6 – A Herbosa, amosando parte da chaira cuberta de vexetación e o perímetro exterior rochoso.



praias de area branca e fina, tanto ó leste como ó oeste, cercadas por un sistema dunar con abundante vexetación psamófila, e que vai tomando algunha altura ata rematar, na parte, norte nun rochedo en forma crista, chamado por esta razón O Galo da Vionta. Este illote é o maior do conxunto e resulta bastante visitado durante o verán, pola fermosura das súas praias, limpas e tranquilas, que permiten, ademais, un fácil acceso, sendo raro o fin de semana que non haxa varios barcos fondeados e varias dúcias de persoas das zonas limítrofes de Carreira, Aguiño e Ribeira que van pasa-lo día. (Foto 8)

Nesta illa atópanse criando dúas especies de gaivota: a patiamarela

4º. – A GAVOITEIRA (Foto 7)

Afastada por unha estreita canle da Herbosa atopámo-la Gaivoteira. Trátase tan só dunha rocha cupuliforme dalgunha altura, pero de moi pouca extensión, onde aniñan algunhas poucas parellas de gaivota patiamarela *Larus cachinnans* que conseguen asenta-los niños entre as fendas do rochedo, evitando desta maneira que o vento, que sopra insistentemente nesta zona, e o mar, case sempre alporizado, os podan desprender con facilidade. Os primeiros niños vémo-los, xa, no ano 1977, atopando 2; 5 no 1981; 6, no 90; outra vez 6 no 1991 e 5, no 1996. A pouca superficie do rochedo tampouco permite unha maior expansión desta mini-colonia limitada nas súas necesidades pola carencia de territorio.

5º. – A VIONTA

Ó baixa-la marea pódese pasar andando dende a Gaivoteira ata a mesma Vionta, illa moi areosa e con amplas

Larus cachinnans, a máis abundante, e maila escura *Larus fuscus*, bastante máis escasa. A primeira comezou a criar no 1990 cando atopamos 5 niños. Cántidade que aumentou a 10 no 1991; 136 no 1996; 149 no 1998 e 237 no 2002. Os primeiros niños de gaivota escura atopámo-los no 1996, cando localizamos 3. Cántidade que se repetiu no 1998. Ademais crían nos areais da praia occidental, polo menos, unha parella de píllara patinegra *Charadrius alexandrinus*.




Foto 7 – A Gaivoteira non é máis cunha grande rocha no medio do mar.

Ó norte da illa de Sálvora atópase unha torre baliza (pequeno faro), que sinala o paso seguro ós barcos de pesca que entran ou saen da ría, coñecida pola baliza do Sargo, onde criaron pola primeira vez, na primavera-verán de 2004, tres parellas de corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis*. Destacar, que nós saibamos, que é a primeira vez que, en Galicia, os corvos mariños criaron sobre as balizas, pois agora, co seu novo sistema de enerxía por placas solares, apenas son visitadas polos funcionarios encargados do mantemento dos métodos luminosos de axuda á navegación, atopando as aves a tranquilidade que precisan para levar adiante a cría sen grandes dificultades.

RESUME

Tres son as especies de aves mariñas que tódolos anos aniñan nas illas, illotes e rochedos que se achan na parte nor-occidental da grande illa de Sálvora. Son as seguintes:

- 1º. - A gaivota patiamarela *Larus cachinnans*, á máis abundante, cría no Cabaceiro Grande, O Noro, A Herbosa, A Gaivoteira e A Vionta.

- 2º. - A gaivota escura *Larus fuscus faino*, soamente, e en moi pequena cantidade na maior das illas: A Vionta.

- 3º. - O corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis* faino no Noro, onde empezou a criar no 2002, así como na torre Baliza do Sargo (A Vionta), na primavera do 2004.

Foto 8 – Máis de cen parellas da gaivota patiamarelas crían na Vionta. Exemplar defendendo o seu niño no Galo da Vionta.




BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

F. DE LA CIGOÑA, E. & J. M. OUJO. 1999. Fauna das augas galegas. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE) e Instituto Galego de Estudos Mariños (IGEM). 201 pp. Vigo.

F. DE LA CIGOÑA, E. & J. M. OUJO. 2001. Novas arredor da nosa fauna. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE) e Instituto Galego de Estudos Mariños (IGEM). 176 pp. Vigo.

F. DE LA CIGOÑA, E. & J. M. OUJO. 2002. Miscelánea zoolóxica. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE) e Instituto Galego de Estudos Mariños (IGEM). 123 pp. Vigo.



RUTA MARÍTIMA DO NORTE "ILLAS DE COELLEIRA, SANTA CRUZ E SAN ANTÓN"

Por: Lino Pazos Pérez

De vello venlle á costa galega a presenza dos peregrinos embarcados en todo tipo de buques cos que poder abordar o porto de A Coruña, lugar habitual onde recalaban os fieis que, procedentes do norte de Europa, viñan a prostrarse ante o sepulcro do *Apóstolo Santiago*.

Corría o ano 813 cando se descubriu en Compostela a tumba do que sería a luminaria que uniría ós pobos cristiáns, necesitados dun estandarte, contra o infiel. *Carlomagno* loitaba con tódalas forzas para formar unha flota capaz de acabar coa supremacía marítima dos países normandos (Noruega, Dinamarca, Suecia...) que se fixeran donos das augas que bañaban ós pobos costeiros, atrevéndose ata coas aldeas ou cidades que se levantaban no interior dos ríos navegables; mentres, *Alfonso II*, rei de Asturias, fillo de *Fruela* e neto de *Alfonso I*, batallaba cos musulmáns que intentaban facerse co montañoso país.

En canto se difundiu a nova da aparición do sartego do Apóstolo, os camiños que conducen a Compostela enchéronse de peregrinos que avanzaban cara a Santiago dende os máis recónditos lugares da cristiandade (aínda que o seu peregrinar non fora precisamente un camiño de rosas).

Non pasaba o mesmo a través dos mares, debido á agresiva actitude dos saxóns, que impedían o normal desenvolvemento das relacións de persoas e mercadorías nas augas comúns ás súas ribeiras.

Non sei si sería a primeira, pero a expedición inglesa que partiu de Dartmouth, Condado de Devon (na actual Gran Bretaña), en 1147, conducindo miles de devotos peregrinos, e que rendeu viaxe en A Coruña (dende este porto trasladáronse a Santiago de Compostela a onde

chegaron en xuño dese mesmo ano), baixo o mando do conde de *Faldes*, estaba composta por nada menos que duascenas naves de diversos países (estes buques tiveron nas súas derrotas as illas das que faremos un pequeno bosquexo e que representan unha mínima parte dese Camiño Marítimo utilizado por milleiros de convencidos seguidores do Apóstolo).



No século XVI foi *Drake* o encargado de crear a tensión necesaria para que poucos se atreveran a navegar nesas batidas augas. En menos de catro anos *Francis Drake*, nomeado Sir pola *Súa Alteza Real Isabel I*, atacou Cádiz, Vigo (e os seus arredores incluíndo a illa de Tambo na ría de Pontevedra) e A Coruña, onde tivo que desistir do seu empeño en domear a cidade gracias á enerxía que puxeron os seus defensores, aguillados pola furia de *María Pita*, que pasaría á historia como heroína.

Logo foron os piratas africanos os que trouxeron a intranquilidade a estas costas, facendo razzias das que non se libraban os navegantes que atopaban pola súa proa, como o

asalto de que foron obxecto uns mariñeiros por parte dunha fragata que ostentaba a bandeira inglesa, pero tripulada por mouros.

O feito sucedeu, segundo se pode ler no texto do exvoto que se conserva na igrexa de Santa María de A Pastoriza, Arteixo, A Coruña, no ano 1711. No cadro, pintado ó óleo sobre lenzo, figura a seguinte lenda:


El 15 de febrero de 1711, viniendo una fragata Inglesa con los Moros de Fes disparando sobre unos hombres, dando por la popa a la Chalupa, y le han muerto al Maestro de un balazo, y á Francisco Méndez le hirieron el brazo izquierdo del que echaba abundancia de sangre...

Nos últimos séculos (XVIII / XIX) a perigosidade da ruta mudou de personaxes reaparecendo os corsarios, sobre todo británicos, dándolle serias dores de cabeza ós peregrinos que se atrevían a cruzar o Canal da Mancha en sentido norte/sur.

Como xa dicíamos, na derrota trazada polos capitáns dos barcos que se aventuraban a viaxar dende portos europeos ata o de A Coruña, aparecían as illas de Coelleira e Santa Cruz, fondeando finalmente ó abrigo dos canóns da de San Antón.

Aqueles tiñan que ser tempos duros, pero os monxes viviron na insua un longo período de paz, sendo incluso tidos en conta polo bispo *Fadrique de Guzmán*, no ano 1489, cando decidiu unir os destinos de Quonicularia co mosteiro de San Martín de Mondoñedo, do que dependería a partir dese momento.

É precisamente nunha acta do Concello de Mondoñedo, redactada no século XVI, cando aparece a illa co seu nome actual. O topónimo, parece ser o máis axeitado, impuxéronllo pola cantidade de coellos



Illas Coelleira

ILLA COELLEIRA

A pequena illa de Coelleira, que emerxe a pouco menos de cincocentos metros da costa de Lugo, entre as rías de Viveiro e do Barqueiro, é un lugar enigmático por excelencia. Teríamos que remontarnos ó século XI para coñecer de cerca a vida que se desenvolvía no seu recortado perímetro. Un documento datado no ano 1005 polo que *Vimara Menéndez* fai unha doazón a favor do mosteiro de San Miguel de Quonicularia, na que interveu o bispo *Gonzalo*, é a primeira referencia escrita sobre a historia da illa.

Posiblemente xa existira o mosteiro de Quonicularia cando *Almanzor* arrasou media Galicia. Puidera ser que os asustados frades viran na illa un lugar seguro (como veremos equivocábanse) onde poder levar unha vida entregada ó rezo e a meditación.

que, levados alí polos monxes, reproducíronse de tal maneira que chegaron a ser un serio problema para as minguadas leiras de onde os frades sacaban o sustento.

O mosteiro refundárase no século XIV pola Orde dos Templarios, segundo conta a lenda, que accederon a esta apartada illa galega escapando da persecución do rei de Francia.

Eran momentos verdadeiramente difíciles para a Orde que defendera Xerusalén a capa e espada; *Felipe IV, o Fermoso*, despois de conseguir que o papa deixara Roma para instalarse en Aviñón en 1309, decidiu acabar dunha vez por todas cos Templarios, acusándoos de herexía. Moitos dos altos dignitarios da Orde foron sacrificados nas fogueiras que se acenderon por toda a Galia, aínda que algúns lograron fuxir.

Entre os que conseguiron salvar as súas vidas, estarían os cabaleiros que poboaron a illa Coelleira.


Perou unha noite, o señor de Viveiro que se consideraba propietario da insua acadou os medios necesarios para abordala con medio centenar dos seus vasallos máis aguerridos, pasando ós frades polo coitelo sen que estes puideran defenderse. Un deles, logrou refuxiarse nunha

das furnas que se abren nos cantís, levando consigo un cadro de *San Esteban*. Pasado o perigo o frade pasou a terra firme vestindo roupas segrares, dirixíndose a O Vicedo, onde estivo oculto nunha casa que aínda hoxe en día é coñecida como a *casa do paisano*.

O dono da Coelleira decatouse do mal que fixera, e como penitencia mandou dicir unha misa por cada un dos trinta e oito frades que asasinou na illa.

Na actualidade non queda nada en pé do antigo mosteiro (aínda que nunca se realizou un traballo arqueolóxico serio da illa), pero na cima do monte que domina a vertente norte, e que acada os oitenta e dous metros de altitude, erixiuse un faro para axuda á navegación.

Illa e castelo de Santa Cruz




O sinal acendeuse o 30 de maio de 1846, vivindo os fareiros na casa apegada á torre que sustenta a lámpada ata o ano 1935, no que se automatizou o faro. Hoxe en día os necesarios controis son levados a cabo polos técnicos da próxima Estaca de Bares.

ILLA DE SANTA CRUZ

Bordeando a costa, camiño do Portus Magnus Artabrorum (aquele que *Cesar* visitou coa súa flota), despois de pasar a premonitoria Marola, da que se di que: *quen pasou a Marola, pasou a mar toda*, atópase outro dos illotes apegados a terra ó que a historia lle reservou un lugar preeminente na defensa de A Coruña. Trátase da illa de Santa Cruz, situada a poucos metros da enseada do mesmo nome, no Concello coruñés de Oleiros.

Utilizada polos mariñeiros do pequeno portiño dedicado á pesca da sardiña, a illa de Santa Cruz foi fortificada no século XVI, despois de que *Drake* asediara a cidade herculina, sen conseguir facerse con ela, aínda que os barcos ingleses camparon ás súas anchas pola baía, chegando a desembarcar tropas en plena praia de Oza.

Castelo de Santa Cruz



Devalábase o ano 1589 cando unha flota composta por oitenta navíos, e uns once mil homes, partía de Plymouth al mando de Sir *Francis Drake* dirixíndose cara a Portugal co fin de prestar o seu apoio ó pretendente a coroa portuguesa *Antonio prior de O Crato* (mosteiro do Alentexo). Á volta recalaría en A Coruña.

A situación privilexiada da illa de Santa Cruz, fronte ó castelo de San Antón ó que lle correspondía a defensa da cidade (a escasos catro quilómetros en liña recta), levaría a *Felipe II* a considerar a necesidade de levantar unha fortaleza nese punto.

As obras, a cargo do xeneral *Diego das Mariñas*, consistentes en construír un castelo con ameas e adarve onde se situarían os canóns necesarios para a defensa da ría, comezaron no ano 1594, rematándose no 1640.

Aínda as instalacións estaban en obras cando os serventes das pezas tiveron que poñer a proba a súa

Faro – Torre de Hércules. A Coruña



pericia como artilleiros. En 1639 una parte da flota francesa do almirante *Sourdis* intentou atacar A Coruña, sendo rexeitado polo fogo cruzado dos canóns de San Antón e Santa Cruz.

O paso do tempo levou á illa ata o século XIX, no que volveu ser obxecto de desexo, esta vez por parte do mariscal *Soult, Duque de Dalmacia*, que tomou a cidade de A Coruña e os seus arredores en 1809, instalando un cuartel para as tropas no castelo de Santa Cruz.

A idea napoleónica dunha Europa unida baixo a bandeira francesa fracasou en Galicia cando o *Marqués da Romana* derrotou ás do mariscal gavacho, tendo este que retirase camiño de León.

De novo o castelo quedou baleiro, e bastante esnaquizado. Así o debeu de atopar o xeneral *Cavalcanti* (estaba casado cunha filla de dona *Emilia Pardo Bazán*) cando o mercou co fin de dedicalo a súa vivenda. Ó carecer de descendentes, e por testamento, o militar doou a fortaleza á arma de Cabalería en 1938, utilizándose como residencia de verán por orfos do corpo. Na actualidade o castelo de Santa Cruz é propiedade do Concello de Oleiros, que xestionou a súa compra ante o Ministerio de Defensa, pasando a súa titularidade o 25 de abril de 1989.


Soamente hai que asomarse ás *arpilleiras* da fortaleza de Santa Cruz para, aguzando a vista se o día é bretemoso, ollar as murallas defensivas do castelo de San Antón, próxima recalada do noso imaxinario buque que leva ó seu bordo peregrinos dende as costas británicas.

Torres do castelo de Santa Cruz



ILLA DE SAN ANTÓN

Situada a tiro de pedra de A Coruña, a insua bautizada co nome do Santo Antón pronto foi fortificada, dada a excelente posición que tiña para defender a baía que se formaba ós pés mesmo da cidade.



Illa e castelo de San Antón

A carón da pequena illa fondeou a *Escuadra Invencible* (1588), esa que estamos acostumbrados a escoitar que foi derrotada polos elementos (non é toda a verdade). Tamén San Antón foi testemuña da súa recalada, en estado calamitoso.


Nese mesmo ano iniciáronse as obras para a construción na illa dunha fortaleza, necesaria dada a precariedade de defensas con que contaba A Coruña, cidade que comezaba a despuntar en canto ó tráfico marítimo. Tan só un ano despois, en 1589, *Francis Drake* (facía oito anos que a raíña o convertera en Sir polos bos resultados das súas andanzas) fondea na enseada de A Coruña estragando todo o que se lograra facer en canto a infraestruturas defensivas (como xa vimos cando falamos de Santa Cruz).

O propio monarca *Felipe II* toma medidas tendentes a acelerar as

obras encargando ó *Marqués de Cerralbo*, Capitán Xeneral de Galicia, do seu control. O enxeñeiro Real, *Tiburcio Spanochi*, toma as rendas do proxecto e, xunto co seu axudante *Pedro Rodríguez Muñíz*, remodela todas e cada unha das fortalezas galegas.

A lenda negra do castelo, construído sobre a totalidade da illa de San Antón, comezou no ano 1686 cando as súas instalacións se converten en cárcere onde cumpren cadea homes de tanto prestixio como o xeneral *D. Antonio Villaroel*, *Melchor de Macanaz* ou o mariño italiano *Alessandro Malaspina*. Durante os anos da dictadura de *Franco* o castelo albergou presos, tanto políticos como militares, cerrando as súas portas como prisión no ano 1960.

En 1968 inaugúranse nas instalacións do castelo, completamente remodeladas, o Museo Arqueolóxico e Histórico, no que se atesouran importantes coleccións referentes á arqueoloxía e historia da cidade herculina.



Illa e castelo de San Antón

CASTELO E ILLA DA INSUA

Por: Antón Ferreira Lorenzo

Hai máis de catorce mil anos, durante a Glaciación de Wurm, o esteiro do Miño non se parecía en nada a como o coñecemos hoxe nesa imaxe que podemos contemplar desde a cima do monte Santa Trega ou de San Antón, en Caminha (Portugal).

Daquela, espesas capas de xeo cubrían o continente europeo e a península Ibérica non se libraba dos glaciares.

O curso do río Miño era máis fondo e a costa situábase ata máis alá dos seus límites actuais, pois o mar tiña descendido con respecto á actualidade, segundo algúns autores, ata corenta metros por debaixo do actual nivel.

As dunas do piñeiral do Camarido non existían e o que hoxe é a Insua non era máis que a continuidade do monte Santa Trega formando o seu un picouto máis ó sur.


Cos desexos, hai once ou doce mil anos, sucederá todo o contrario: o nivel das augas elévase, incluso por riba do nivel actual asolagando aquel picouto do sur; formarase un novo brazo do río Miño, entre o Monte e o Terroso, que converterá o Santa Trega nunha illa e que desembocará polas actuais praias de Fedorento e Area Grande (A Guarda).

Posteriormente, as augas do océano irán descendendo e desaparecerá o brazo norte do río Miño. A acumulación dos sedentos van restando profundidade ó río, pero a desembocadura seguirá sendo aínda moi ampla, tal e como se reflicte nunha carta portuguesa de 1501 (elaborada por Pedro Reinel, hoxe desaparecida), aínda que, paseniñamente, se irá colmatando dando lugar ás formacións dunares do Camarido, en Portugal, ou do piñeiral de Camposancos, na Guarda. Pero aínda, en 1654, no Mapa do Reyno de Portugal, o piñeiral de Camarido estaba dividido en dous, formando outra illa de area entre a Insua e terra firme.

A Insua é un topónimo que, segundo A.B. Gouveia, é a forma curta do latín *ínsula*, co significado de illa. Trátase dun conxunto rochoso de apenas dúas hectáreas de superficie que se atopa na desembocadura do Miño,

entre A Guarda e Caminha, á que pertence, separada de Moledo apenas por 300 metros. Tamén é coñecida como a Insua Nova, sendo a Insua Vella o conxunto rochoso que aflora na maré baixa ó norte da Insua.

Segundo algúns estudosos, Posidonio escribiu que na foz do Miño existía una illa con dous peiraos e Estrabón menciona que nesta illa, entón chamada Illa Peláxica (segundo identificación do profesor e historiador portugués J. Leite de Vasconcelos que estudou o poema de Rufo Fausto Avieno *Oræ Maritimæ*), se daba culto a Saturno. O lugar cristianizouse coa denominación de Santa María da Insua, para os portugueses, e Santa María de Carmes, para os galegos.



Antes de ser ocupada, dise que era empregada polos baleeiros para descuartiza-las baleas no areal. De feito D. Afonso IV concedeu, en 1340, a Afonso Domingues todas as baleas do reino, desde a foz do río Miño ata o Guadiana.

Mais, aínda se fala que antes de se funda-lo convento, existía na illa unha ermida baixo a advocación da Nosa Señora da Salva ou Señora da Boa Viagem, nome que lle daban os pescadores e mareantes portugueses acudindo, cada 8 de setembro, moitos peregrinos e romeiros á Insua.

CHEGAN OS FRADES

Cando se produce o Cisma de Occidente (1378), debido a que os reinos de Galicia, Castilla, León, Aragón e Navarra apoiaron ó Papa de Avignon, Clemente VII, algúns franciscanos galegos e asturianos, da Observancia Menorita, obteñen do Papa Bonifacio IX, o 6 de abril de 1392, autorización para instalarse en Portugal, que se mantiña fiel ó Papa de Roma, iniciándose, na illa, as obras de construción dunha casa terrea con "oratorio, torre sineira, refectorio e outras divisións necesarias" baixo a dirección dos fundadores do convento Frei Diego Arias, Frei Gonzalo Mariño e Frei Pedro Diego, fundadores da primeira Casa de oración que "máis propio lle era o nome de pobre cabana que de convento", segundo escribiría, moitos anos máis tarde, Frei Pedro de Jesús María José. A presenza dos frades motivou que o historiador guardés, o coengo Juan Domínguez Fontenla denominase a illa como San Francisco da Insua.



Restos do antigo mosteiro. Illa da Insua

Logo de sete anos na Insua, obedecendo as instrucións de D. João I, abandona a illa para fundar novos conventos, entre eles o mosteiro de Alenquer, na Extremadura portuguesa.

Este rei, e mesmo a corte portuguesa, protexían o Convento ata tal punto que D. João I prohibiu, en 1419, que as casas de Caminha, pertencentes os frades, fosen ocupadas polos forasteiros. Estas casas eran empregadas polos relixiosos cando se desprazaban á vila para rezar, xunto co pobo, pregarias, para confesar e facer caridade, e nelas pernoctaban cando o mar impedía o regreso á

Insua, pero, dado que raramente eran habitadas polos frades, estes permitían a súa ocupación.

En 1436 D. Duarte concedeu privilexios ó convento e D. Afonso V desculpou o pago de impostos a quen o servise.

As condicións de vida dos monxes non eran nada fáciles e algúns relixiosos abandonan as súas celas, chegando a contar, en 1437, con só dous frades legos: Frei Álvaro da Rosa e Frei García Baz. A orde franciscana consegue novos privilexios ó longo dos séculos: así, en 1441 a Cámara de Caminha lles dispensa de pagar tributos e lles concede o dereito de recoller cunchas para fabricar cal, sendo confirmados, tales dereitos, polos reis, ata que, en 1471.

Por orde de Jorge de Sousa, primeiro vicario que coñecemos, realízanse obras de mellora como a ampliación da capela, a construción de novas celas e a división da casa, o que supón a incorporación de novos membros, ata doce, entre eles Frei André da Insua, que chegou a ser Xeneral da orde franciscana, Frei Francisco, Frei Marcos e Frei Pacífico de Matosinhos. Seis anos máis tarde, os relixiosos elixen como sucesor de Jorge de Sousa a Frei Afonso de Barros.

No primeiro século da existencia do convento, eran moi poucos os sacerdotes sendo máis importante, en número, os frades legos. Dedicábanse uns e outros, á oración, pero tamén a traballar na horta e a desenvolver outros traballos da casa. A abstinencia era rigorosa; viño só podían bebelo algúns frades.

A Duquesa D^a Isabel, irmá do rei D. Manuel, tivo especial afecto polo convento, e ofreceu unhas pinturas que reproducían o Nacemento de Xesús e a Adoración dos Reis Magos, que serviron de retablo nun dos altares laterais. Ó parecer tales pinturas pertenceran a raíña D^a Isabel, muller de D. Manuel, e procedían de Flandres.

O convento recibiu tamén a protección dos mesmos reis, como xa vimos máis arriba, que chegan, incluso, a visitalo, dada a santidad que irradiaba: así o 15 de novembro de 1502, don Manuel I, "O Afortunado", embárcase en Caminha para orar á Virxe na capela da Insua, o mesmo que seu fillo, D. Luis, en 1548; e o señor de Ceuta e Gobernador de Caminha, en 1512. Outros personaxes foron D. Jaime, Duque de Bragança, e D. Fernando de Menezes, Gobernador de Ceuta e Senhor de Caminha. E, en 1627, Matías de Albuquerque, Gobernador de Pernambuco.

Os Marqueses de Vila Real e Senhores de Caminha, foron outros protectores do Convento, o mesmo que os seus sucesores. Así, en 1534 determínase que os sábados se entregasen 160 arráteis de vaca; no Nadal, en Pascoa e Pentecostés, un bo carneiro ademais dun porco no Nadal. En xaneiro, 15 alqueires de aceite, e na Cuaresma 5 alqueires de castañas. D. Pedro de Menezes aínda ordenou que fosen abastecidos do viño necesario.

A aquelas visitas rexias e señoriais, hai que engadir as de ilustres relixiosos: o santo arcebispo de Braga, Frei Bartolemu dos Mártires, e o Bispo da Guarda, D. Afonso Furtado de Mendoça, que máis tarde sería nomeado Arcebispo de Braga.

O 23 de xullo de 1580 unha flota galega, con 300 soldados, en apoiou do rei Felipe, ocupa este illote, construíndo unha torre e un muro que o mar e as crecidas do río, tirarían. En 1602, o Convento é atacado por uns corenta corsarios ingleses, pero antes de que estes desembarcaran, os monxes tiveron tempo de saír da illa ó atoparse na mesma o barqueiro, levando con eles os cálices e os mellores ornamentos, e en 1606, sufriu un novo saqueo por piratas luteranos de La Rochelle que roubaron un cáliz, unha custodia de prata e as roupas das celas, conseguindo esconder os relixiosos o Sacramentado e dous cálices. Neste ataque foi cando a imaxe da Madalena levou un golpe no rostro.

Diante desta situación de inestabilidade, moitos relixiosos deciden abandonar o Convento, e inician a construción, en 1618, do convento de San Antonio, en Caminha, quedando reducida a illa a un oratorio aínda que volverán a Insua por solicitude do 1º Duque de Caminha, D. Miguel de Menezes e do mesmo pobo.

A FORTALEZA


O señorío de Caminha e o convento pasaron a ser propiedade da Coroa, a mediados do século XVII pola conspiración do marqués de Vila Real contra o rei D. João IV, sendo executados o nobre e o seu fillo, que era segundo duque de Caminha.

Coa intención de protexe-la entrada da barra, punto estratéxico, dada a guerra contra España, pero tamén como medida de protección do convento fronte ós ataques corsarios, o rei João IV mandou construír a fortaleza empregándose as mesmas pedras do rochedo sobre o que se levantou o convento.

A fortaleza ten forma de estrela de cinco puntas con cadanseu baluarte defensivo, iniciándose as obras en 1649 e rematando en 1652. Ó norte, na á deste lado, atópase unha campá que ten gravados dous salmos nunha especie de cinta que discorre pola campá, e na porta principal atópanse as armas dos Limas, por estar a construción baixo as ordes do Gobernador das Armas da Provincia do Minho, D. Diogo de Lima. No patio inferior da construción principal existe un pequeno claustro con dobre columna.

O primeiro gobernador da fortaleza da Insua foi Domingos Mendes Aranha. Dase, entón unha difícil coexistencia entre os frades e a guarnición militar.

A ámbolos dous lados da porta principal que dá acceso ó interior da fortaleza, figura gravada na pedra a seguinte inscrición “A piedade do muy alto e poderoso monarca, el Rey D. João IV, ministrado pela intervenção e a asistencia de D. Diego de Luna Nogueira, General e Bisconde de Vila Nova de Cerveira, Gobernador de



Vista aérea. Castelo da Insua


Armas, e exército da provincia Entro-Douro e Minho dedicarão esta fortificação a Serenissima Rainha dos Anjos N^a. S^a. De Insua para asylo e defensão dos relixiosos da primeira regra serafica que assistan nos continuos jubilos desta Senhora, debaixo de cujo patrocínio se asegura a defensa desta costa. Fez-se a obra na era de 1650”. En 1690 dótese de dous canóns de bronce, montados sobre unha base de ferro, segundo recorda a lenda gravada en ambos “Armas reais de D. João IV Rey de Portugal. Sendo Tenente General Ruy Correia Lucas Martins Es. 1649”. En 1670, amplíase o convento, construíndose un andar elevado (ata entón só dispoña da planta baixa), con cinco celas.

En 1676, volven a realizarse obras de ampliación do convento, e en 1707, constrúense a sala capitular, novas celas e o retablo do altar. Dez anos máis tarde, grazas a intervención de D. João V, reedifícase a igrexa, e se lle incorpora un teito abovedado de pedra e o coro alto.

A fortaleza coñecerá novas obras de reparación, en 1793 e 1795, ano este no que os frades abandonan a Insua, aínda que volverán a ela anos despois.

En 1807, durante o reinado de Carlos IV, desembarcaron forzas españolas producíndose a 1ª ocupación da Insua, e, coincidindo coa invasión francesa, voltaría a ser ocupada en 1808.

Agás estas invasións puntuais, a Insua foi sempre portuguesa, incluso cando quedou unida á costa galega por unha lingua de area que permitía o paso a pé ata o seu interior.



Castelo da Insua dende a Guarda

Cando, en 1834, por un Decreto do goberno, extínguense as ordes relixiosas en Portugal e dominios portugueses, excláustranse os frades e nacionalízanse os seus bens, o convento pasa a integrarse no patrimonio nacional portugués, e a guarnición militar continuará aínda ocupando a fortaleza.

En 1910, a fortaleza da Insua é declarada Monumento Nacional, e pasa ó Ministerio de Finanzas (1940) e, en 1987, dependerá xa do Instituto Portugués do Patrimonio Cultural.

LENDAS, MILAGRES E OUTRAS CURIOSIDADES

Cóntase lendas e milagres acontecidos na illa. Como a desaparición dos sargos do mar da Insua debido ós improprios proferidos por un comandante da armada galega. Dise que na illa non hai ratos nin animais “ponzoñentos” segundo escribe Frei Pedro de Jesús “Tense por gran prodixio outra marabilla e é a de non criarse nela bicho ponzoñento. Se algún chega coas inundacións non dura moito tempo. O non haber aquí ratas é un milagre continuado que aínda hoxe causa admiración”.

Outra lenda sinala a existencia dun pasadizo secreto que comunica a illa coa praia de Moledo (Portugal), pero ninguén, aínda, descubriu onde se atopa a entrada ou a saída deste misterioso corredor.

Cóntase que un tal Francisco Gonçalves, pescador e barqueiro na Insua, fixera voto a Nosa Señora de entregar unha lamprea, como esmola ós relixiosos, por cada doce que pescase. Aconteceu que logo de pescar doce, a seguinte non a deu como tiña prometido, quedándose coas trece. Dise que, nos trece días seguintes, mentres os outros pescadores fixeran unha gran colleita, el non pescou ningunha lamprea como castigo por incumplir a promesa.


Neste mesmo sentido, nárrese outra promesa incumplida. A de dous homes que prometeran entregar ó convento a primeira lamprea que pescasen. Pero levados pola cobiza, mudaron de parecer ó comprobar que esa primeira lamprea era dun maior tamaño que as demais, de modo que decidiron entregar unha das outras lampreas. Pero tan pronto decidiron cambiar, a primeira

lamprea, que era a de maior tamaño, caeu ó río e veu saír a praia, onde a tomaron os relixiosos.

Entre outros milagres de sona está aquel relacionado coa falla de auga. Os frades subsistían das esmolos dos pescadores do río Miño, sen embargo, a falla de auga doce facía insostible aquela situación. Conta Frei Pedro de Xesús María Xosé (“Oríxem e Progreso do Real Convento de Santa Maria da Insua de Caminha”), que “estaba Frei Diego Arias inmensamente satisfeito da fermosura do lugar, pero tiña grande tristura pola falla de

auga. Escoitou a Nai de Deus as súas fervorosas oracións e sobrevivíndolle un plácido sono, aparecéuselle a Virxe María en forma de belísima doncela, indicándolle o lugar onde cavando atoparía a fonte que tanto desexaba. Fíxoo así, conseguindo encontrar boa auga” na hoxe chamada por moitos “Fonte Milagrosa”.

Outro milagre fala das pedras que antes de caer sobre os frades, detíñanse no aire ata que aqueles se apartaban da súa traxectoria, ou aquel outro milagre que se refire á invasión da Insua por corsarios ingleses o 13 de outubro de 1602: entón Frei Jerónimo de San Juan colleu o Cáliz Sagrado e escondeuno nunha das mangas do seu hábito; logo, axudado por outros frades, baixou do seu pedestal a imaxe de Nosa Señora. Frei Jerónimo, que pola súa idade non podía camiñar tan a prása como as circunstancias o requirían, acompañado dos demais frades, retirouse por detrás dunha das rochas desaparecendo milagrosamente da vista dos corsarios que arrasaron a pequena illa e, non atopando a ninguén, abandonárona volvendo a ser visibles Frei Jerónimo e os seus irmás frades.



Vista aérea. Castelo da Insua

E aínda se narra aquel que, segundo as crónicas, no Convento e, sobre todo, na igrexa, non se oía o mar por moi bravo que estivese, de modo que os frades non se inquietaban, dedicándose ós asuntos espirituais polos que se retiraran á illa.

Igual que algunhas igrexas e santuarios galegos conservan imaxes atopadas no mar, tamén, neste entorno da Insua sucedéronse feitos semellantes. Mariñeiros portugueses e galegos que se atopaban faenando nestas latitudes, descubriron aboiano no mar un arcaz de madeira, disputando uns e outros a súa pertenza, xa que ambos querían izalo a bordo das súas respectivas embarcacións.

Dise que o arcaz se inclinaba cara a parte portuguesa, convindo os mariñeiros galegos en renunciar a el. Cando abriron o arca, no seu interior comprobaron que había un Cristo no Horto, en madeira policromada, con manto real de púrpura, coroado de espiñas e as mans atadas, e dous cálices de prata ademais dunha custodia. O Cristo no Horto sería logo o Patrón da Confraría do Bom Jesus dos Mareantes.

INVOCACIÓNS

A Nosa Señora da Insua (a Estrela do Mar, dos pescadores) invócase en situacións graves. Os mariñeiros, nas tormentas, e todos cando a saúde falla. Pero tamén para encontrar obxectos perdidos, curar situacións de esterilidade e traer a chuva en períodos de seca, só por citar algunhas situacións que reclama o crente e fiel devoto.

LIGAZÓNS COA PRAIA DE MOLEDO

A data máis antiga de que se ten documentación menciona o ano 1575 como o primeiro no que a Insua se uniu coa praia de Moledo mediante un brazo de area que permitiu o paso a pé desde terra firme. Posteriormente documentáronse outras unións: 1582, 1629, 1708 (neste ano relata o manuscrito de B. do Porto: "...pasaban a pé homes e mulleres de Moledo e algúns relixiosos e soldados, e como estas noticias corren por toda a terra, viñeron noutros días numerosas xentes a cabalo e en carros. Algunhas señoras, por romaría ou devoción, descalzábanse e pasaban, chegándolle a auga aos nocellos". Oito días despois o areal desfíxose e novamente a Insua desligouse da costa), 1895, 1899, 1947 (data da que se conserva unha

fotografía na que se pode ver os caminhenses, e carros tirados por bois adornados con flores, cruzar á illa. Durante os días, en que permaneceu a ligazón, foron moitos os que se achegaron á Insua celebrándose, incluso, unha misa na capela do convento), e a última vez foi na primavera de 2001, pasando milleiros de persoas, á Insua.

Tamén se documenta, como máis arriba se dixo, algunha unión coa costa española, segundo dá conta Frai Pedro de Jesús quen di que o P. Juan Póvoa deixou escritos desta unión, e advertía ós frades que “tivesen coidado coas cabras de Camposancos que soían vir a comer a herba dos muros e as viñas que na horta do convento había”.

O EXPOLIO

O abandono en que quedou sumida a illa motivou actos vandálicos e de latrocinio. Toda a talla barroca da capela e os magníficos azulexos do século XVII, desapareceron. De non ser por xentes preocupadas, como é o caso do funcionario da Cámara Municipal de Caminha, Raúl do Carmo Reis de Sousa, que salvagardou imaxes, pinturas e alfaias, hoxe non restaría nada das pertenzas do convento.

Hai algúns anos contaba un pescador afeccionado da Guarda, ser testemuña de como un pescador portugués, logo de coller madeira, posiblemente dun retablo, fixo unha fogueira con ela.

No ano 2000, a Cámara Municipal de Caminha organizou no Museo Municipal desta vila portuguesa, unha exposición co título “Insua no caminho dos

mareantes”, na que se puideron contemplar moitos dos obxectos recuperados do convento fundado por Frei Diego Arias, en 1392.


OS ÚLTIMOS INQUILINOS DA ILLA

A guardesa Carmen Portela e o seu marido, Viriato Alves dos Santos, foron os últimos habitantes da Insua. El era o fareiro, e antes fórao seu pai.

Durante 28 anos a illa foi “súa”: o matrimonio, e os seus nove fillos, compartiron este espazo de maio a outubro, segundo escribe Marta Fernández Pedrera, que os entrevistou. En outono e inverno, era Viriato quen se achegaba coas garrafas de gas para alimenta-lo faro, ata que se instalou unha placa solar que puxo fin a unha tradición familiar.

Bibliografía consultada ou relacionada polos autores que escribiron sobre a Insua¹:

- Fray Diego Arias: “Cronica da Santa e Real Provincia da Inmaculada Conceição de Portugal” (1392)
 Frai Pedro de Jesús María José “Oríxem e Progreso do Real Convento de Santa María da Insua de Caminha”
 Frai Pedro de Jesús María José: “Crónica da Real Provincia da Inmaculada Conceição de Portugal”. Vol II. Santa María da Insua de Caminha. 1760
 Manuel Busquet Aguilar: “A Insua”. En Revista de Cultura Regionalista e de Turismo. Ano X, agosto de 1968. Viana do Castelo.
 Carlos Pereira Callixto: “Apontamentos para a Historia da Insua”, en O Caminhense, 1976 a 1986
 Bastos Moreira: “Forte da Insua”, en Xornal do Exército. Ano XIX, nº 231. Lisboa, 1979
 Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez: “La fortaleza da Insua en la desembocadura del río Miño”. Faro de vigoo, 5 de maio de 1985
 Carlos Pereira Calixto: “Apuntamentos para a historia de Insua”. O Caminhense, varios números.
 Joaquim Borges de Macedo. Porto, 10 novembro 1986.
 Luis Felipe Aviz de Brito: “A desembocadura do río Minho nos tempos antigos”. Editorial Caminia. Caminha, 1989.
 Joao Azevedo “Forte da Insua um monumento a proteger”. En O Caminhense 28-06-96
 O Caminhense: varios números.
 Antón Ferreira Lorenzo e Luis Dorado Senra: “Guía del Monte de Santa Trega y su Museo”. Anabam. A Guarda. 1998
 Marta Fernández Pedrera: “Un fuerte entre A Guarda y Caminha”. Voz de Galicia, 9 de maio de 1999
 Teresa G. Barcia: “Frailes y militares en aguas del Atlántico”. Faro de Vigo 17-X-1999.
 Isabel Ruivo: “Dos milagres que a Senhora fez...” en Insua no caminho dos mareantes. Cámara Municipal de Caminha. 2000.
 Catarina Dias: “A Insua”. En Insua no caminho dos mareantes. Cámara Municipal de Caminha. 2000.
 Abel Domingues: “Património da Confraria dos Mareantes”. En Insua no caminho dos mareantes. Cámara Municipal de Caminha. 2000.
 José A. Uris Guisantes: “A Insua”. Libro-programa das Festas do Monte. A Guarda. 2000
 A. B. Gouveia: “A Insua o Alfoz de Caminha”. 2 febreiro 2001



Castelo da Insua, dende Camposancos

¹Este artigo foi sacado da páxina Web: Galicia-suroeste.com, con permiso destes



LATEXOS DUN AROUSÁN ("MUXICAS")

Por: EV. Calo¹

3

Ai miña Virxe do Carme, Virxe do Carme bendita. A quen a alma se lle tronza, pensando nos milleiros de historias sen contar polos marinenses que un día navegaron derrotas alén das Illas de Ons e de Onza. Cantas ausencias e distancias, suores, fames e melancolías padecidas. Cantos dramas amorosos e traxedias silenciadas. Canta morriña. Sobran palabras.

8

Fuches á Illa de Tambo, fuches e non viches ren, as ruínas dun Lazareto, que máis de cen anos ten. Fuches á Illa de Tambo, fuches e non viches nada: as ruínas dun vello mosteiro, e a Fonte de San Miguel, "a da espadaña dourada".

171

Amáis doutras, catro fermosas illas ten a Ría, do poeta berce nai, do poeta a máis amada. Catro illas a de Arousa, "Miña Terra", "Terra meiga", "Miña fada"; SÁLVORA a da boca da Ría, a da TOXA luxuriosamente enfeitada; a máis populosa, a HOMÓNIMA de Concello de seu, e a micolóxica CORTEGADA.

285

Non sei de que nos temos que laiar se posuímos as mellores leiras de España, ou acaso as RÍAS GALEGAS non son as máis fermosas hortas, os máis feraces eidos. Que teñen os nosos políticos de costas gobernando esta obxectiva realidade. Acaso ignoran eles que con mellor política pesqueira a esgalla se multiplicarían peixes e mariscos, que con mellor política turística e menos retranca, nada lle teríamos que envexar ás Costas do Sol e Canarias, ás Costas Brava e Branca.

390

Fronte a TAMBO, a rentes do mar, dende o Peirao de Cruceiros da nosa Escola Naval, ben sabe este poeta o que é pescar chocos, luras, robalizas, douradas; como non, ter pantalóns e camisas escandalosamente lixadas. Ben sabe el por experiencia que para as manchas lavar, nada mellor que decontado e ao pé do peirao fretar o tecido coas augas salgadas do mar. Mellor ca ninguén, que para tinturas indelebeis "das que nin dios se salva", as que producen os borros do desamor nas invisibeis rúas da alma.

577


Ao luscofusco, abandonando o peirao, enfilando a boca da Ría, velaí vai o vello xeiteiro, meu vello amigo. A pescar, si, á ardora ou ao xeito: tranchos, bocareus, rinchas, chinchos, sardiñas a oito. Velaí vai el navegando cara a ONS pouco máis de nove millas, cando as gaivotas deitadas están encol dos areais ou das pallas verdellas dos cons, dos cantís e das illas.

836

Velaí vai para os teus devanceiros, MARÍN, o agasallo do meu cantar; para os que mandamos por PAIO GÓMEZ CHARIÑO SEVILLA conquistar foron aos sarracenos na época medieval. Si, voulle eu hoxe cantar, aos que tras a sonada vitoria e tornados ao fogar, na honra de San Clemente mosteiro ergueron na ILLA DO SANTO DO MAR.

874

Toneladas e toneladas de pegañento chapapote, moreas e moreas de negligencias e mentiras, "MAREA NEGRA SEN PAR", as fermosas ILLAS ATLÁNTICAS DE ONS, CÍES E SÁLVORA viñeron asolagar. Foi nesta ocasión O PRESTIGE o impune agresor que GALIZA de novo veu ferir, degradar. Imos ver agora que vai ser das nosas xentes traballadoras, que obradoiro teñen nas rías, a súa fortuna no mar.



Illa de Tambo, dende a praia de Lourido

¹EV. CALO é o pseudónimo de EDUARDO VÍCTOR CASTRO LÓPEZ. Docente, marinense de adopción, este vilagarcián de berce é autor de cinco libros coa denominación xenérica de LATEXOS DUN AROUSÁN: "Testemuños", "Micopoemario" e "Fervenzas e devalos" (POESÍA). "Muxicas" e "Lenda de Mariamanta" (PROSA).



AS ILLAS DA RÍA DE PONTEVEDRA LUGARES DE PEREGRINACIÓN

Por: Laureano Mayán Taboada

A ría de Pontevedra foi durante longos anos, durante séculos, testemuña de incesantes peregrinacións de xentes que, procedentes dos máis dispares lugares da Terra, acudían a render culto aos santos da súa devoción, ben para agradecer favores recibidos, ben para solicialos.

A illa de Tambo, baixo a advocación de San Miguel; a illa do Santo, baixo a advocación de San Clemente e logo San Diego, e a illa de Ons, co seu patrón San Xoaquín, foron centros espirituais de fama mundial.

Lamentablemente, os templos en Tambo e Santo desapareceron e só ruinosas paredes confirman a súa antiga e bela historia. Tan só San Xoaquín, na illa de Ons, ten presenza física, en forma de imaxe, e é o único receptor de culto co que se conta.

ILLA DE TAMBO

Situada a 2,5 Km. de Marín e a 1 Km de punta Chancelas á que estivo unida por unha franxa areosa e unhas lousas de pedra que, con marea baixa e limpa, aínda non fai moito tempo se advertían. Pertence municipal e eclesiasticamente a Poio. Foi, en tempos, propiedade da Igrexa, de particulares, do Ministerio de Defensa e actualmente do mencionado Concello poiense.


Un amplo abano de apelativos, topónimos e significados designan esta illa. Dende “tortuga perezosa”, “ballena varada”, “esmeralda”, “sombreiro de ministro”, “pavo cebado” (é unha persoal opinión á vista da fotografía aérea que se mostra)...

Desígnaselle como “aduana”, “parada”, “descanso”, “delgado”, “tumba”,...

Sen ter en conta a orde cronolóxica chamóuselle; Thalavo, Talavo, Tanavo, Talamón, Tumba, Tumbo, Tymbos, Tombos, Tombo, Tamba, Taamba,...

Uns historiadores din que na illa houbo culto ao deus Tameóbrigo, o cal implicaría a existencia dun templo. Outros afirman a existencia dun templo a Neptuno. Hai quen opina que a primeira fundación foi obra de San Martín Dumense, no século VI e outros manifestan que foi San Fructuoso o que levantou unha igrexa dedicada a Santa María de Gracia (no ano 1502 o templo chamábase así). Non obstante, dise que no ano 632 o Arcanxo San Miguel aparecéuselle a San Aubert, bispo de Braga, quen fuxindo dos suevos refuxiouse na illa, e mandoulle construír unha igrexa no sitio no que atopase un touro roubado, atado. O local sagrado debería ocupar todo o espazo que o touro pisara. Dúas enormes rochas impedían realizar a obra e o Santo volve a aparecerse a un home a quen ordena retirar as pedras que move coma se de ningún peso se tratara.

De San Fructuoso dise que foi quen fundou un mosteiro en Poio (ano 525) e que dirixíndose en barca á illa, esqueceuse de amarrala e esta foi afastándose da orela. Para recuperala camiñou sobre as augas ata facerse con ela...



Illa de Tambo



Vinilo

Bar de copas e conciertos
Rúa da Praza OGROBE

San Miguel



A disparidade de opinións existentes, non deixan claro se na illa existiron dúas igrexas ou ben a igrexa tiña dúas capelas, dedicadas unha á Virxe de Gracia e outra a San Miguel.

A illa, que sufriu os embates de piratas e corsarios, en máis dunha ocasión, non puido soportar o ataque da armada inglesa, ao mando do almirante Francis Drake, no século XVI, sendo arrasada. Destruíron a igrexa e as súas imaxes, aínda cando a Virxe de Gracia foi botada ao mar e recollida por mariñeiros de Combarro e hoxe pode venerarse na ermida da Renda.

A devoción a San Miguel comeza no ano 1635 e vén dada porque os seus milagres, salvo raras excepcións, producíanse en lugares próximos ás costas e de aí que se considere avogado de navegantes e pescadores. Os favores do Santo tamén foron requiridos cando a peste invadiu a localidade marinense.

En 1697 realizábase unha procesión, coa imaxe do Santo, polo mar. En 1705 adquirese unha imaxe que se

atopa no vello templo de Marín e no ano 1749 a igrexa da illa dedícase ao Santo. Dise que no día da súa festa, a auga retirábase dúas veces para que a xente puidera ter paso, de ida e volta, a terra firme.



ILLA DO SANTO

De propiedade particular, pertence municipalmente a Marín e eclesiasticamente a Ardán. Antigamente pertenceu a Cella e, tamén, a Santo Tomé de Piñeiro. Esta illa coñécese a través dos tempos, polos nomes de San Cremengo, San Cremengo do Mar, San Clemente e máis popularmente polo nome epigrafiado.

Nesta illa, segundo a lenda, a primeira igrexa foi construída en 1248, en agradecemento ao Santo Clemente, cando Sevilla foi retomada aos mouros, sendo rei Fernando III de Castela, o mesmo día da festividade do Santo. Naquel entón, tripulantes marinenses formaron parte da tripulación das naves que comandaba Paio Gómez Charino.


San Clemente está considerado como patrón dos naufragos. Fiel colaborador de San Pablo, está considerado, por algúns autores, o terceiro sucesor de San Pedro, na Silla de Roma. Outros historiadores sitúano como cuarto e, incluso, algúns, como o segundo. Mártir en tempos de Trajano, atopou a morte no Mar Negro, unido o seu pescozo a unha áncora que o arrastrou na súa caída. De aí que lle atribúan prever catástrofes mariñas, afastar tormentas e salvar naufraxios.

Illa do Santo



Teléf.: 986 731 956

O GROVE (Pontevedra)



San Diego



San Clemente

Dons, Deonios, Donios, Donons, Deos, Donions, On...

Pertenceu á igrexa compostelá, por doazón do rei Alfonso III, sobre o ano 898 e xa estaba habitada. Pasou a propiedade de particulares no século XVI. Pertenceu a diversos organismos do Estado e, actualmente, á Xunta de Galicia.

Hai historiadores que sosteñen que no século IX había unha igrexa dedicada a San Martín, sobre a cal, parece ser, existiu un mosteiro beneditino. Do seu emprazamento non se sabe absolutamente nada, aínda cando se conserva unha sepultura antropomorfa que dá a entender a presenza de monxes de diversos mosteiros galegos que se desprazaban á illa para meditación e rezos na igrexa.

A illa foi saqueada en varias ocasións e dise que os monxes fuxían por pasadizos que

comunicaban con Onza, a Lanzada e incluso con Tambo.

A finais do século XVI foi saqueada por piratas e corsarios queimando a igrexa que era templo parroquial. Arránxase en 1810. No ano 1969 esta vella ermida deixa de empregarse, aínda cando continúa existindo rodeada dos panteóns do cemiterio da illa. No ano 1970, en Semana Santa, sofre un incendio queimándose varias imaxes, entre elas a moi venerada Virxe dos Milagres. En 1960 constrúese a nova igrexa na que se veneran as imaxes de San Xoaquín (patrón da illa), San Ramón Nonato, San Antonio Abad, Virxe dos Remedios e Virxe do Carme.



San Xoaquín

A festividade do Santo celébrase o 23 de novembro.

Sobre a primitiva igrexa construíuse outra no século XVIII e no seu interior venerábanse as imaxes de tres santos: San Clemente, San Telmo (patrón dos mariñeiros) e San Diego. Da imaxe de San Telmo nada se sabe pero as dos outros dous santos consérvanse na igrexa de Ardán. Son de madeira e datan do século XII.

Parece ser que a imaxe de San Diego puido ser traída dende Andalucía por algún particular.

Foi San Diego, irmán e colaborador franciscano que se caracterizou pola súa axuda aos pobres. Non se coñece o por que da súa devoción, pero cobrou notoriedade e chegou a eclipsar á profesada a San Clemente. Aínda que cando a súa festividade é o 13 de novembro, por razóns de seguridade do tempo, celébrase en maio. No ano 1980 celebrouse na praia que se coñece, así mesmo, por Praia do Santo, a última misa e procesión na súa honra.

Unhas ruinosas paredes é o que queda da igrexa desta illa á que pode accederse andando, coa marea baixa.

ILLA DE ONS

Distante de Punta Faxilda (Sanxenxo) 6 km. e de Bueu 14 km. pertenceu, municipalmente, a Sanxenxo no ano 1837 e dende 1844 pertence ao Concello buenense e eclesiasticamente a Beluso.

Conta, así mesmo, cunha ampla variedade de nomes, ao longo da súa historia, figurando en documentos os de: Aones, Agonida, Aunios, Doos,

Descoñécese o por que da advocación a San Xoaquín. Nome que significa “home engrandecido por Deus”. Esposo de Santa Ana e pai da Virxe María atribúeselle o seu nacemento (segundo unha tradición traída a Europa polos corsarios) en Galilea. Hai historiadores que o sitúan en Nazaret e outros de Xerusalén. Era home rico e facendado. A súa relixiosidade, sufrimento e confianza no Señor e o favor concedido por El, cando tras vinte anos sen ter descendencia consíguela milagrosamente cun só bico, mantendo Ana a súa virxindade.

Xoaquín encarna a figura do home xusto, probado primeiro e bendicido ao final. O seu culto difundíuse en Oriente en tempos de Justiniano.

Fai anos, na illa celebrábanse tres días de festas dedicadas a San Xoaquín, virxe dos Remedios e San Ramón. Actualmente, aínda que en procesión saen todas as imaxes, o culto dedícase a San Xoaquín e aínda cando a súa festividade é en xullo acostúmase a realizala no mes de agosto, sen día determinado.

UN CASO, AO MENOS CURIOSO: SAN MARTÍN DUMIENSE E SAN MARTÍN DE TOURS.

Todos sabemos que Galicia está marcada de “San Martiños”. Numerosas aldeas, pobos, cidades,..., teñen baixo a súa advocación a San Martín. No noso comentario xa facemos referencia a que tanto na illa de Tambo como na de Ons, houbo templos dedicados a San Martín. E, velaquí o curioso do caso.

San Martín Dumicense, ou Bracarense, como tamén se lle coñece, foi monxe, fundador de mosteiros e apóstolo. Bispo de Dumio (Portugal) e arcebispo de Braga, metrópole á que pertencían todas as dioceses de Galicia. É denominado como “Gran apóstol de los suevos en Galicia”. Naceu en Panonia (Hungría) cara ao ano 510, chegou a Galicia no 550. Faleceu en Braga e foi soterrado en Dumio, ata que en 1606 foi trasladado a Braga.

Foi un auténtico pastor de almas e despois da súa morte foi venerado como Santo. Está considerado como o reformador do calendario cristián e quixo fixar o Ano Novo o 21 de marzo ao considerar que, nesta data, a noite era igual que o día na súa duración.



Vista xeral da Illa de Ons

San Martín Dumiense realizou en Galicia un gran labor de evanxelización. A súa festividade lévase a cabo o 20 de marzo.

Con respecto a San Martín de Tours podemos resaltar o feito curioso de que, tamén, naceu en Panonia pero no ano 317. Fillo dun oficial romano que obrigou ao seu fillo a ser soldado e prestou os seus servizos como militar durante 25 anos. Durante este período, en Amiens (Francia) atopou a un pobre a quen deu parte do seu manto. Sendo soldado recibiu o bautismo e deixou o servizo, posiblemente a raíz dun milagre... Sentiu a vocación de predicar e evanxelizar. En Tours é elixido bispo, pero viviu coma un monxe. Realizou numerosos milagres e opúxose aos bispos que non vían ben que fora soldado e logo sacerdote.

Curou a lepra do fillo do rei Carriarino quen pagou en ouro o seu peso. San Martín aceptou o ouro pero pediulle a súa conversión, e a de todos os seus nobres, ao cristianismo, ao que accedeu.

Falece no ano 397. Simboliza a máxima básica dos primeiros cristiáns, proclamando que a salvación eterna

só estaba ao alcance dos pobres. O seu culto esténdese por todo o mundo e a basílica de Tours continúa sendo meta de peregrinacións. San Martín de Tours, parece ser, é o primeiro Santo non mártir. É, tamén, sen dúbida algunha, o máis famoso de tódolos "San Martín".

A súa festividade celébrase o 11 de novembro.

Resulta sorprendente, ou cando menos curioso, que o denominado "Dumiense" con presenza e labor en Galicia, a penas teña lugares baixo a súa advocación e que esta circunscríbese, xeralmente, ao de "Tours".

Din que "la fe mueve montañas"... Estes pequenos montes, arrodeados de auga, que temos na nosa ría: Tambo, Santo e Ons, foron capaces de mover a fe de millóns de persoas ao longo dos séculos. E isto non hai quen o mova... A historia continúa viva. Outra cousa é que, fisicamente, non se fora capaz de conservar o que os nosos devanceiros, con sacrificio, esforzo e fervor crearon e que por desidia se perdera. Hoxe temos outras perspectivas máis optimistas, e cada vez é maior a preocupación e o interese por conservar aquilo que forma parte da nosa historia... da nosa vida.



San Martín de Tours



San Martín Dumiense

A ILLA DE ONS: UN BREVE REPASO HISTÓRICO SOBRE A SÚA PROPIEDAD

Por: Fernando Miranda Almón
(Inspector de pesca do M.A.P.A)

UNHAS NOTAS HISTÓRICAS¹:

Para entender as actuais circunstancias da illa é necesario dar algunhas pistas sobre a súa situación ó longo do tempo. Existen indicios do seu poboamento en torno ó século IX, aínda que parece certo que a vida nel non era fácil e resultaban frecuentes os despoboamentos a causa das constantes incursións por mar.

No 898 a illa de Ons pasa a ser propiedade do Cabido Compostelán por doazón de Alfonso II, pero o frecuente despoboamento e a falla de atención por parte da Igrexa propician, no século XVI, a ocupación por parte da Casa Señorial dos Montenegro en circunstancias descoñecidas.

Ó longo dos séculos realizáronse algúns intentos de repoboación que non fructificaron a causa da inestabilidade defensiva da Illa polo que, nos anos da Guerra da Independencia, plantéxase a posibilidade da súa fortificación. Así a Xunta Provincial de Armamento e Defensa da Provincia encarga a Don Salvador López estudar esta posibilidade.

As obras comezan en 1810 e para a súa realización a Xunta de Armamento nomea a Francisco Genaro Ángel que, a pesar do cese da construción en 1813, mantense como home forte da illa percibindo as súas rendas.

Estas prerrogativas pasarán ós seus testamenteiros Francisco Estévez Riobó e Sebastián Graña. Entre eles, o Cabido Compostelán e os herdeiros dos Montenegro reabriranse as polémicas. A Igrexa pronto terá que deixar a loita por mor da desamortización en 1835; no seu abandono será

seguida polos testamenteiros de Francisco Genaro, quedando Joaquina Montenegro como dona das illas de Ons e Onza.

Os herdeiros da familia Montenegro, Fernando Quiñóns de León e Mariana Whyte, repartíranse a propiedade das illas. En 1919 venderanas a Manuel Riobó Guimeráns e Manuel Bernadal por 300.000 pts., que emprazarán nela unha fábrica de salgazón.

Don Didio, herdeiro desta sociedade e fillo de Manuel Riobó, exercerá de dono da illa. Os colonos debían pagarlle


unha renda ademais de ter que venderlle as súas capturas de polbo, dando lugar a unha economía de subsistencia complementada polas labores agrícolas das mulleres.

Ó estalar a Guerra Civil as envexas nos negocios pásanlle factura a Don Didio Riobó Bustelo que, denunciado por masón e perseguido pola Garda Civil, refuxiouse na illa onde rematou por aforcarse o 3 de outubro de 1936. A súa morte deixa sen pagar a débeda causada pola hipoteca da illa en 1929, en tempos de Manuel Riobó.

A EXPROPIACIÓN:

En 1943 o Estado expropia a illa con finalidades defensivas, no que algúns historiadores ven a posibilidade de que se pensase nela como base para submarinos alemáns en plena II Guerra Mundial, mentres que outros consideran que a intención era fortificala dada a súa situación estratéxica².

Antiga rectoral e escola. Barrio de Canexol



¹Sobre este tema en maior amplitude véxase: FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, Estanislao. "Illas de Ons e Sálvora: historia natural e humana e outros traballos"

²Uns anos máis tarde, na "Renta de colonos de Isla de Ons del año agrícola 1949-50" Realizada pola Xefatura de Propiedades Militares da Praza de Vigo, aparecen citados 63 colonos con rendas que van dende as 19,60 ptas. por un ferrado (en Bueu un ferrado equivale a 472 m2) ás 980 ptas. por 50 ferrados. Este documento atópase no Arquivo Provincial de Pontevedra.

O fin da II Guerra Mundial o interese militar na illa decae e no 64 ábrese o expediente³ de traspaso ó Ministerio de Agricultura. O primeiro documento deste expediente do que temos constancia data do 23 de setembro de 1964 e trátase dunha comunicación do Delegado de Facenda en Pontevedra sobre a visita dun representante do Instituto Nacional da Colonización con intención de afectar a Illa de Ons ó Ministerio de Agricultura.

Uns días despois, Don Luís Artime Prieto, rexistrador da propiedade, expide a certificación acreditativa da inscrición da illa a favor do Estado Ramo do Exército. Nela consta a valoración da illa nun millón de pesetas “segundo presuposto redactado o 27 de maio de 1941 pola Comandancia de Obras e Fortificacións do Corpo do Exército de Galicia, segundo expediente de expropiación”⁴.

Segundo este mesmo documento a renda anual de Ons e Onza sería de 21.400 pesetas cobradas a través dun cabezaleiro dependente da Xefatura de Propiedades e do Goberno Militar de Pontevedra. Ademais deste cargo, ocupado por Don Jesús Acuña López, a autoridade era exercida sobre os 468 veciños por un Alcalde Pedáneo, representante do Concello de Bueu, e por unha Xunta Parroquial nomeada para a administración do alumado público.

O día 2 de novembro de 1964 reúnense en Pontevedra o Delegado de Facenda e o Enxeñeiro Xefe da Delegación Rexional do N.O. de España do Instituto Nacional de Colonización para proceder á entrega das Illas de Ons e Onza. Coa acta de entrega de 9 de novembro de 1964 finaliza este proceso aínda que continuará pendente no Rexistro da Propiedade ata 1965. O traspaso realízase ó Instituto Nacional de Colonización que pasará por aquel tempo a chamarse Instituto Nacional de Reforma e Desenrolo Agrario (IRIDA).

O 2 de maio de 1978 faise cargo o Instituto Nacional para a Conservación da Natureza (ICONA) permanecendo así ata o traspaso á Xunta de Galicia.

³Os documentos ós que se fai mención tamén se atopan no Arquivo Provincial de Pontevedra.

⁴O mesmo documento especifica que en Ons existen “ademais da casa principal composta de varias dependencias e a capela baixo a advocación de San Xoaquín, unha fábrica de salgazón co seu almacén e outras casas de menor ou menor extensión que utilizan os labradores (...). No cume (...) atópase emprazado un edificio destinado a faro actualmente en curso de ampliación”.

OS ÚLTIMOS ANOS:

En 1984 pasou a mans da Xunta a través da Consellería de Agricultura, polos Reais Decretos 167/81 do 9, 1234/83 do 20 de abril e 1535/84 do 20 de xuño.

No seguinte ano a Xunta fixou unhas normas destinadas ós visitantes, coa intención de salvagardar a natureza das



illás, mediante a Orde do 3 de xullo de 1985.

Dadas as especiais circunstancias da Illa, a Xunta tamén publica a Lei 5/2001 de 28 de xuño de Réxime Xurídico das concesións na illa de Ons que, sobre a situación dos colonos recoñece no seu preludio que é: “certamente peculiar (...) permaneceron nunhas condicións xurídicas sumamente incertas e de perfís só asimilables ó precario (...) esta situación non puido regularizarse a pesar dos intentos no seu momento realizados polo Instituto Nacional de Colonización, dada a natureza demanial⁵ das illas”.

En torno ó tema da propiedade afirmase “As illas de Ons e Onza son bens de dominio público de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia incluídos no Plan de Ordenación de recursos Naturais das Illas Atlánticas...” (art. 1)

No seu preludio afirma que o seu obxectivo é o de posibilitar que os illáns que detentaron determinados inmobles podan ostentar un título xurídico estable, que lles permita continuar as súas situacións de posesión. Esta actividade segundo a citada lei, realizaríase a través de concesións administrativas e dereitos que non serían transmisibles *inter vivos* pero si *mortis causa* os herdeiros forzosos. Estas concesións terían unha duración máxima de 99 anos prorrogables de mutuo acordo e quedarían suxeitas ó pago dun canon de ata o 2% sobre o valor dos inmobles. Ó finalizar as concesións os inmobles e todas as súas accesións reverterían á Administración sen que o concesionario tivese dereito a percibir indemnización.

⁵Bens de carácter demanial son bens de dominio público. Propiedades administrativas formalmente sometidas ó uso e servizo público, por expreso recoñecemento e delimitación feita pola propia administración.



**Embarcaciones
Motores marinos
Mantenimiento
Invernaje y guardería
Accesorios
Servicio técnico**

Avda. de Orense, 50 - Teléf.: 986 883 931 - Fax: 986 880 095 - 36900 MARÍN (Pontevedra)

MARINER FORCE QUICKSILVER merCruiser YANMAR

En calquera caso os 98 inmobles que existen na illa non chegaron a rexerse por esta lei a causa da ausencia dun regulamento que desenrole a lei 5/2001 e actualmente a declaración como Parque Nacional establece unha situación xuridicamente diferente á que existía no 2001.

A declaración como “Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas” prevista na Lei 4/1989, realízase ao traveso da Lei 15/2002, de 1 de xullo. A declaración atende as singulares características de flora fauna e paisaxe e co fin de conserva-la integridade dos ecosistemas presentes nas illas incluíndo tanto as zonas terrestres como as mariñas. Hai que salientar que xa as illas estaban protexidas polo Decreto 274/1999 de 21 de outubro polo que se aproba o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais das Illas Atlánticas.

En canto ó tema da propiedade nesta lei contemplase que “a Administración competente poderá exercer o dereito de tanteo e retracto⁶ na transmisión onerosa inter vivos⁷ e dereitos no interior do Parque Nacional”.


Dende ó momento no que se declara Parque Nacional a súa xestión foi compartida polo Estado e a Comunidade Autónoma a través dunha comisión mixta. Ademais existe un Director Conservador nomeado pola Xunta e un Padroado adscrito ó Ministerio de Medio Ambiente (art. 6 e 7 da Lei 15/2002).

Pero a sentenza do Tribunal Constitucional 194/2004, de 10 de novembro de 2004, sobre os recursos plantexados polas comunidades de Aragón e Andalucía modifica este panorama. Dita sentenza obriga ó Estado a transferir ás Comunidades Autónomas os parques nacionais, polo que a Xunta terá competencia exclusiva sobre o parque nacional das Illas Atlánticas e polo tanto sobre a illa que nos ocupa. Este cambio non se producirá dun modo inmediato ó ser necesario o desenrolo dun marco lexislativo autonómico de xestión que segundo a Ministra de Medio Ambiente non se producirá ata finais do 2005.

⁶O dereito de tanteo implica a preferencia que a lei outorga a unha persoa física ou xurídica para adquirir un ben con preferencia a outro suxeito e polo mesmo prezo. O dereito de retracto é un dereito de carácter subsidiario que posibilita ós seus titulares adquirir a propiedade dun ben con preferencia a un terceiro (que é o comprador) no caso de que o propietario do ben procedera á venda.

⁷A transmisión onerosa inter vivos e aquel cambio de propiedade entre persoas físicas ou xurídicas que resulta lucrativa para o transmisor.

En todo caso o Estado mantén competencia na aprobación do Plan Director así como na existencia dunha Rede de Parques Nacionais con un Consello no que deben participar o Ministerio e os padroados.



OS RIOBÓ:

No ano 2002, un xuíz do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid ordenou a devolución do arquipélago a familia Riobó tras un recurso de reversión. O fallo sinala que o Estado e a Xunta terán que devolver o *en natura* ou, no seu caso, procedendo a unha indemnización⁸. O maxistrado Juan Ignacio González Escribano estimou o recurso no que se aducía que as illas non foran utilizadas nunca para os fines militares cos que se xustificara a expropiación. Esta sentenza non é actualmente de aplicación pois está recorrida.


Realmente a cuestión da propiedade non interfere na cualificación como parte do Parque Nacional “Illas Atlánticas” ó mesmo que non interfere no caso das de Sálvora e Cíes que comparten a titularidade pública coa privada.

REMATANDO:

Como conclusión, no que respecta a propiedade na historia recente da illa de Ons, podemos distinguir tres partes interesadas. Dunha banda a Xunta de Galicia que como depositaria do interese público, ten o deber de conservar o “patrimonio natural e cultural de indubidable valor científico, recreativo e educativo”⁹ da illa garantindo o goce público e preservándoas para as xeracións futuras. Doutra a familia Riobó que trata de facer valer os seus dereitos históricos. E finalmente os illáns, que viven coa insatisfacción de non ter a posibilidade legal de ser donos das terras e casas nas que viven.

⁸Segundo a taxación pedida pola familia Riobó o valor da illa de Ons roldaría os 42 millóns de euros.

⁹Exposición de motivos da Lei 15/2002, de 1 de xullo.



Auto-Escuela Marín

Jaime Janer, 10 - Telfs.: 986 88 10 32 - 986 88 14 80 - Marín



UNHA PARADA NA RUTA ATLÁNTICA ILLA DE ONS: O SOLPOR DUNHA COMUNIDADE ETNOGRÁFICA ÚNICA

Por: Celestino Pardellas de Blas

Cando a mediados dos anos setenta cheguei á Illa de Ons, atopábase habitada en máis dun 70%. Era unha comunidade moi pechada e posuía unha cultura popular interesantísima, desenrolada ó traveso de case cento setenta anos de soidade e illamento.

Os medios de comunicación, agás algunha radio, non chegaran e os visitantes, en toda a época estival, non pasaban do cento.

Iniciar unha amizade era tarefa moi difícil, pero, ó logralo, mergullábase nun mundo antropolóxico onde costumes, crenzas, ritos,..., parecían retrotraerse varios séculos atrás. Era fascinante, e envolvíate de tal xeito que, no intre de marchar, custaba axeitarse de novo ó ritmo da península.

Na Illa de Ons atopabas esa cultura popular que para Vicente Risco era *“O conxunto de crenzas, coñecencias, ritos, usanzas sociais, métodos de traballo e producións úteis, literarias e artísticas, que un pobo determinado posuí en común, e que non aprendeu na escola nen nos libros, senón que os recebeu nunha xeración da outra por tradición, calquera que sexa a camada, clase ou estamento social no que se atopen,... A xente da aldea, os non estudados,..., posúen unha cultura non escrita, non escolar, que non é propiamente inferior, senón antiga, e, por sé-lo, ten valores propios, equivalentes, noutra orde de cousas, aos da nosa cultura moderna, e que a fan digna de ser conservada, canto menos, na lembranza¹.”*



Peirao da Illa de Ons, un día de temporal

Pero esa cultura popular illán comezou a perderse a partir de finais dos anos 70, cando por mor da falla dun peirao que dera abrigo á nacente flota de barcos que ían substituíndo ás dornas, os armadores-patróns e posteriormente os mariñeiros, con todas as súas familias, víronse na obriga de emigrar cara a portos con máis protección, como foi o caso de Bueu, na súa maioría, Portonovo e Cangas.

Fernando Alonso Romero² en febreiro de 1982 comentaba no I Coloquio de Antropoloxía de Galicia: *“Mais a verdade,..., que se a entidade*

cultural de Galicia se está a perder é porque nós, os galegos, deixamos que se perda, quizais por ignorancia do que ocorre, quizais por falta de visión de futuro, quizais por comodidade. Mais cada día asistimos con tristeza á lamentabel destrución dalgún valor cultural; unhas veces é un monumento que se arruína, ou unha paisaxe que se adultera, ou unha fábrica que envenena paseniño, ou un edificio que se levanta sen beleza nengunha destruindo o entorno, e, de seguir así, chegara un día no que, para coñecer a realidade cultural galega haberá que recorrer aos poucos libros que existan sobre a cultura que Galicia tiña no seu pasado, como lamentabelmente teño que facer eu agora para falar da cultura popular da illa de Ons...”

¹Dato sacado de: Alonso Romero, Fernando. “O Ocaso da Cultura Popular na Illa de Ons”. I coloquio de Antropoloxía de Galicia. Museo do Pobo Galego. 4 – 6 febreiro 1982. Separata do Seminario de Sargadelos nº 45 – 1984. Nota ó pé: Risco, Vicente. “Etnografía, Cultura e espiritual, Historia de Galiza, dirixida por R. Otero Pedrayo. Akal (1979).

²Alonso Romero, Fernando, op cit.

Xa pasaran varios anos dende que comezara a decadencia cultural da Illa de Ons cando Alonso Romero participaba neste Coloquio, pero, o que era máis grave é que esa importantísima cultura popular illán estaba sen estudar; todo quedaba nunhas notas que no ano 1934 escribira Álvaro das Casas nunha estancia na Illa de dez días. Todo un universo de lendas, crenzas, ritos, contos,..., cancionero, etc. quedaba sen tratar por verdadeiros especialistas. Aquí, por desgracia, nin tan sequera poderemos recorrer ós libros que nos falen desta cultura única.

Eu, alentado polas charlas do meu mestre de antropoloxía no Instituto de Pontevedra, o chorado don Alfredo García Alén e, xa na Illa, pola entusiasta estudosa etnográfica Ana Liste, intentei, dentro da miña modestia investigadora, recompilar o máis posible sobre esta engaiolante e característica Comunidade etnográfica e antropolóxica da Illa de Ons.

Paso a relatar unha ficticia conversa entre illáns, nada lonxe da realidade que se vivía e que podías escoitar, por aquelas datas, nas tabernas ou nas casas illáns á hora de tratar estes temas, cuns exemplos de narracións contadas realmente por illáns sobre as súas crenzas en relación co mundo das supersticións, das meigas, das envexas, dos malos aires, malos ollos, dos conxuros,...

AS HISTORIAS DE MANUEL, FRANCISCO E ANTONIO

Non tiña espertador nin mirara o reloxo, pero Manuel xa sabía que era a hora de erguerse para ir ó mar. Ás apalpadadas, foi ata a cociña, prendeu a lámpada de carburo e, de seguida, botou uns paos nas cinzas da lareira, aínda prendidas dende a noite, e puxo enriba o trébedes pequeno

Eran as seis da mañá cando saíu da casa co cesto de vimbio para o quiñón, as grádellas³ para as liñas, un anaco de pan de bola que fixeran o día anterior no forno e un pouco de chourizo para tomar ó mediodía.

Era noite pecha e, no canto de baixar polo camiño principal que ía ó peirao, sempre collía unha pequena corredoira que pasa por detrás da súa casa. Daba máis volta, pero con iso evitaba o pasar por diante das casas da señora Maruxa e da de Carme, pois sei que tiñan <malos ollos> e eran moi envexasas.

Unha vez contara:

“Saíra de casa e, cando pasaba rente á da señora Carme, saíume ó camiño e me dixo:

- ¿Non irás para o mar con esta marusía?.


Eu mirei para o mar e vin que estaba calma chicha, polo que respondín, medio en broma:

- Xa ves, hai que gañar cartiños

- Pois non é día, –

contestoume ela – o mar, cando tira, é perigoso.

Sen facerlle moito caso marchei cara a praia. Botámo-la dorna ó mar e, cando ía vogando para a punta do peirao, batín co remo nunha pedra e rompeu a pa.



Corredoiras illáns

para poder quenta-lo leite que a muller lle deixara preparado.

³Grádella: Cadrado, de entre 20 – 40 cm. de lado, formado por catro paos e onde se envolve a tanza para pescar.

Pedinlle un a Camilo, que non ía saír, e, de novo, puxen proa cara á beirada para botar un lance ós polbos coa raña⁴.

Pasara unha hora e aínda non sentira o primeiro e, case sen dar-me tempo a reaccionar, comezara a levantarse o mar. Voguei cara ó peirao e, coa marusía que xa había, vinme negro para poder entrar á praia, ¡Pasei medo! ¡Moita mala sorte xunta!

Dende aquela, cando vou ó mar, non paso por diante da casa de Carme nin pola de Maruxa, teñen <malos ollos>.”

Ó chegar á Volta do Prado, atopouse con Francisco quen, co sorriso nos beizos, díxolle:

- Que, coma sempre, fuxindo “delas”.

- ¡Cala o! Ti, xa sei que es moi valente, pero cando foi dos bois, non dicías o mesmo.

- ¡Home xa! Pero cos animais é distinto, pois a eles atácanlle os <malos aires>.

- E tamén os <malos ollos> - díxolle Manuel -.

- Mira, non sei, cos animais é distinto.

Francisco tiña dous bois e os veciños chamábano para irles a traballar as leiras, e logo pagábanlle, uns con cartos e outros con millo, patacas,..., e ata algúns con polbo.

Un día fóralle a traballar a Ramón e aconteceu o seguinte:

“Ramón falara con el para ver o mellor día para irlle á veiga a sementa-las patacas. A noite anterior ó día que quedara para irlle a traballar, houbo unha

forte marusía e trouxo á praia moito golfeiro⁵.

Cando Francisco ía co gando e o arado cara ás terras de Ramón, atopou con María, unha muller que tiña fama de bruxa e pediulle que lle fora á praia co carro para levarlle golfeiro a súa casa antes de que foran outros da Illa a el.

Francisco, díxolle que quedara con Ramón, que o estaba a esperar, e que ó rematar, non lle importaba ir polo golfeiro e así tamén collería para el.

Cultivando a terra nas Xabreiras



A sementeira levoulle tempo e, cando foi á praia, xa o apañaran outros veciños.

Polo motivo que sexa, un dos bois, a partir daquela, deixou de comer durante varios días, ¡morría seco!.

Francisco pensou que collera un <mal aire> e, guiado pola súa nai e outras veciñas que xa desconfiaban, foi a Cangas xunto <unha muller desas⁶> para que lle dera un remedio.

Foi aló, e despois de cumprir con todo o que lle mandou a meiga, ó pouco tempo, o boi enfermo, sandou”.

⁴Raña: Aparello formado por un pao duns 18 cm. de longo por 3cm. de ancho, ó que se lle coloca unha pedra nun extremo agarrada por un sedal. A esta pedra se lle ata un cangrexo ou nécora. Pode tamén levar un par de anzois. Vaise arrastrando polo fondo ata que os polbos amárranse a el coa intención de apañar o cangrexo. Nese intre ízase.

⁵Algas que arrinca o mar e van parar á praia e que empréganse para botar ás terras.

⁶Xeito de chamar na Illa de Ons ás meigas.



Pescando aos polbos coa Raña.

Francisco insistía en que, o del, non eran cousas de bruxas, senón que o bicho lle collera un <mal aire>. Non quería recoñecer a posibilidade de que, María, lle puidera botar unha maldición, como comentaban a maioría dos veciños, por non irlle ó golfeiro e quedar sen el.

Xa chegaran a Curro e, ó carón da igrexa, xuntouse a eles Antonio, que ese día ía ir ós remos da dorna de Manolo para a pesca do polbo ó “espello”.

Como seguían coa teima das bruxas, Antonio tamén entrou na conversa:

-Eu, con todo o que me pasou a min e máis a miña familia, prefiro non toparme con elas.

Recorda – díxolle a Francisco - o que lle aconteceu a miña curmá.

Antonio pasou a relatar:

“Un da Illa quería ser o mozo da miña curmá, pero ela non o quería, non lle gustaba. Tanto a nai del coma a súa irmá, morrían pola miña curmá.

Pero, había outra muller da Illa que andaba detrás del. A nai dela quería como mozo para a súa filla. Como el non lle facía caso, a nai morta de envexa pola miña curmá e, co fin de que morrera, sacoulle as areas dos pés de onde ela pisaba e púxoas no fumeiro a arder; conforme ían secando as areas, ía secando a miña curmá.

A pobriña, ¡morría seca!, ata xa tivera dúas visitas do acompañamento. Tiña moitos pesadelos de noite, parecía que a collían para levala, estaba moi mal; faltáballe só unha visita para morrer.

Foi daquela que veu unha xitana á Illa e chamárona. Ó mirala, dixo que ninguén a tocara que alguén que a quere mal a ten así.

A xitana saíu da casa, foi ó monte na procura dunhas herbas e fíxolle un remedio e a miña curmá, de alí a uns días, sandou...”

Francisco, despois de escoitar a Antonio, volveu sobre o mesmo.

- Mira, pode ser, non vou a porfiar contigo por iso, pero cando falamos de mariñeiros, non. Sempre temos a mesma lideira, os malos pescadores, a botarlle a culpa ás bruxas ou ós trasnos e, sen embargo, os bos, nunca teñen problemas con ninguén.

- ¡Oes! – dixo Manuel – coma min, non hai ninguén ó “visto”⁷ nin ó “espello” e sen embargo, mira o que me pasou.

- Porque dis ti que é así – replicou Francisco –


- Un momento Francisco – dixo Antonio - ¿Queres dicir que o defunto do teu pai era mal mariñeiro?

- ¿Por que dis iso?

⁷Xeito de pescar ó polbo na preamar. Intentando miralo dende a dorna cando está a comer no mexilón.

- Porque, cando foi daquela que batera cunhas rochas, despois pasara moitos días sen pescar nada e case afoga ó escorregar e caer ó mar dende a dorna, ben que foi na procura da <varera> a Vigo para que viñera a <varea-la dorna>, porque coidaba que estaba enmeigada.

- Xa, Antonio, xa, iso eran cousas dos vellos de antes.



Dornas varadas na praia das Dornas

Antonio pasou a contar o asunto de chamar ás <vareras>⁸:

“Cando algún mariñeiro pasaba algún tempo sen pescar, entón ían a <terra> (á península) na procura da <varera>.

Así ocurriulle ó Fentos. Levaba unha semana sen pescar nada e coidou que a dorna estaba enmeigada e dixéronlle que tiña que vareala.

Faláronlle dunha muller en Cangas. Foi alá, pero non a atopou e tivo que ir a Vigo.

Quedoulle en ir ós dous días. Díxolle que puxera a dorna quilla arriba e que a tapara para que non lle caera o orballo.

Cando chegou, parou na casa deles e alí esperaron ata ás 12 da noite. Mentres, nun caldeiro mesturou unhas plantas que trouxera, con auga do mar e allos machucados.

Chegadas as 12 de noite, foron á praia, tiñan tamén que ir o patrón máis o mariñeiro que fora con el os últimos días. Destaparon a dorna, mollaron as mans e os pés coa auga do caldeiro e logo, a <varera>, botouna por riba da dorna.

De seguida empezou a bater nela, cunha silva macha, durante uns minutos á vez que berraba uns rezos. Cando remataba, había que botala ó mar e deixala alí fondeada ata o día seguinte.”

Levaban un tempo de leria na praia e a marea xa estaba a subir dende había unhas dúas horas, polo que decidiron saír. Entre catro homes foron botando as dornas ó mar e partiron cara ó lugar escollido para comezala faena.

Vogaron os dous ata chegar ó lugar elixido, logo Antonio encargouse dos remos mentres que Manuel era o responsable do “espello” e, polo tanto, das capturas.

Durante as case seis horas que durou a faena e, xa na cadeira, con máis de 50 kg de polbo, puxéronse de novo os dous ós remos e, vogando paseniño, comezaron o regreso. A tranquilidade do mar facilitaba a manobra e, como seguían coa teima da mañá, Antonio sacou o conto:

- Mira que esto dos feitizos e das bruxas, son cousas do demo, e tolean á xente.

- Home, acordas a lea que se montou cando foi daquelas mulleres que estaban no tolde⁹ en Melide e que foran a lavar ó río do Cucorno.

Non me vou a acordar, a que se armou.

⁸Pardellas de Blas, Celestino (1999): “O Costume de <Varea-las dornas> na Illa de Ons”. AUNIOS, nº 0. Asociación Cultural “Pineiróns”. O Grove, pp 19 – 20.

⁹Xeito de chamarlle á tenda de campaña.

OGANDO, S.L.
AUDIO - VIDEO
SERVICIO TÉCNICO
VÍA DIGITAL


Telefonica
MoviStar

Dr. Touriño, 8 - Teléf. 986 883 957 - Fax 986 884 271 - 36900 MARIN

O <Aire da Regra>¹⁰:

“Esa xente viña a lavar ó lavadoiro e dixeron que o río é delas, ¡pero poden coller o aire os nosos fillos!, ¡si!, o aire ese que seca ós rapaces, coma ás pallas, polas súas partes... E é porque lavan a roupa sucia, a roupa de andar malas, e ata os sete anos lles poden pegar o aire ese das mulleres. Despois vostede vai lavar e lles pegan o aire ós nenos na roupa e despois hai que pasar moito traballo e levar ó neno á artesa, e onde <unha muller desas que coñecen>... Hai que metelos dentro da artesa e por riba dela pasar unha saba nove veces; e ten que dicir esas palabras ata que o sangue quede na saba. Os médicos non o curan, por iso berramos con elas.


Cando o aire ameaza, imos ó cemiterio, ou empregamos artesas, cazolas, "sarténs",..., ou vamos a lugares elevados dende os que se mire o mar. Alí se levan ós nenos e se lles cambia de roupa para que o aire se quede entre a usada e botamo-lo fóra movendo a roupa con forza, con xestos esaxerados e bruscos, e vai quedar entre a maleza ou polos tellados...”



Lavadeiro da praia de Melide

- Iso de empregar a artesa para quitar o <aire> ós meniños, acórdome eu, - dixo Manuel - :

“Non se podía tocar ó neno co <mal de aire> nin para facer o conxuro, supoñían que o simple feito de querer ou realiza-lo rito era máis que suficiente.



Mestura terra - mar. Piorno - Dorna

Agora lévanos á artesa, e ía unha muller ás pedras do mar, ó amencer. Alí collía algas moi en silencio, desas lisas, verdes e planas, colocando á esquerda da artesa nove bochos (algas en forma de bolas) ben atados para o fume da lareira, e á dereita, outros nove bochos ben atados. Despois ían ó mar coa lúa chea durante nove días seguidos: E ían tirando os bochos, de costas ó mar, unha a unha, moi a modo e dicindo polo baixo:

Ola del Mar Sagrado,
quítale el mal de muerto,
de vivo o excomulgado ...

¹⁰Liste, Ana (1981): “Galicia: Brujería, superstición y mística”. Penthalon ediciones.p. 80.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Política Linguística




ILLAS DE SAN SIMÓN

Por: Pepy Clavijo

Robinson Crusoe ao comezo do seu diario describe o bo e o malo de atoparse nunha illa deserta: “*Estou desterrado nunha illa horrible, sen esperanza de saír dela, pero estou vivo e non afogado*”; a soidade non é boa nin nunha illa, nin nunha cidade rodeado de moita xente e sen embargo só.

As illas para algunhas persoas forman un mundo distinto. Sen embargo, para os que naceron nelas ou fai tempo que viven alí, non existe ningunha diferenza, organizan a súa vida do mesmo xeito que os doutra comunidade; a única diferenza é que para saír dela ten que ser, forzosamente, por mar ou por aire. Pero ¡son tan bonitas!

Illa de San Simón. Cadro de E. Cabaleiro



En Galicia temos illas maravillosas que nos invitan ao descanso e á contemplación e en todas elas, ao igual que en moitas que coñezo, existe unha lenda ou máis.

Para o meu artigo deste ano na querida revista “AUNIOS” elixín a illa de San Simón que, coma inmenso barco varado, destaca a súa silueta na ría de Vigo.

Pertence á parroquia de Cesantes (Redondela), fronte á punta de O Cabo; nun principio eras dúas illas: a de San Simón e a de San Antonio, ata que no século XIX (1830) uníronse por unha ponte. Ten 250 metros de longo por 84 de ancho, cun litoral escarpado. Preto hai outras dúas illas:

a de San Bartolomé e a de San Norberto e un pouco máis separadas atópanse as Herbedosas xa en termos de Vilaboa.

Conta a lenda que cando Deus fixo o mundo, estaba tan cansado que apoiou a súa man na terra de Galicia e os cinco dedos formaron as rías, pero aínda lle quedaba barro entre os dedos e ao sacudir a man sobre o mar, apareceron as pequenas illas.

Comparte a illa de San Simón unha lenda similar á da Toxa: Una cabaleiría morría e o seu dono abandonouna a súa sorte. Ó cabo de certo tempo apareceu relucente e sá a causa das augas beneficiosas que rodean á illa.

Nos séculos XII ao XIV estivo habitada polos cabaleiros do Temple; despois chegaron os frailes franciscanos procedentes de Andalucía que aproveitaron as ruínas da antiga igrexa ata 1589 que tiveron que abandonala pola chegada do pirata – corsario Francis Drake que sementou lume e violencia nesa ría, chegando, segundo a lenda, a darlle de comer ao seu cabalo no altar maior da igrexa. En 1596 ocupan a illa durante 5 anos os monxes procedentes do Mosteiro de Poio (benedictinos) fuxindo dunha epidemia que azotou Galicia nesa data.

Xa en 1602 volven os franciscáns pero ao fin deciden abandonala debido ás continuas invasións, fundando un convento no lugar de Agrelo (Cesantes) que destruírán os franceses cun colosal incendio.


Foi espectadora da famosa batalla de Rande, acontecemento de grande importancia na Guerra de Sucesión Europea (1701 – 1714). O Padre Feijoo describe cun versos o combate e di nunha estrofa:

“Chorei cando vin de fóra
ganadas as baterías
e aínda o bronce de elas chora
vendo perder nunha hora
traballo de moitos días”.

Tamén foi, a illa de San Simón, empregada como lazareto para aqueles que chegaban enfermos a bordo dos seus barcos e debían gardar corentena antes de desembarcar.

Os enfermos dividíanse en dous grupos: os que estaban en peor estado, ocupaban a illa de San Antonio e

Ponte e Illa de San Antonio.



os que convalecían eran confinados na de San Simón. A comida servíaseles nuns cestos especiais e as súas roupas, eran lavadas con auga fervendo e secadas nun saínte rochoso, que aínda se lle chama o “muelle das monxas”. O lazareto deixou de funcionar en 1910 pois xa había vacinas que non facían necesario o illamento.

Co andar do tempo, esta illa sería testemuña de máis acontecementos non desexados, o terror e os asasinatos sucedéronse nos anos da posguerra española, nos que este arquipélago converteuse en campo de concentración onde morrían a diario tal cantidade de presos que o pequeno cemiterio viuse desbordado e tiveron que empregarse para soterramentos o de Pereiró en Vigo e o de Lavadores.

Dende o ano 1986 a illa pertence ao Estado, depende do Ministerio de Agricultura e Pesca e as visitas están prohibidas. Sen embargo, sería moi interesante que a illa fose aberta ao público, fose cuidada e se conservara como un museo da Natureza para disfrutar tanto nenos como maiores.

A illa de San Simón recibiu piropos de poetas e pintores. Chamárona: “Illa do amor e da morte”, “Piedra rústica de la religión seráfica” e tamén “La isla de los pájaros”.

Non podemos esquecernos de Mendinho que dicía dela:

“Sedia-m´eu na ermida de San Simón
y cercaron-mi-as ondas que grandes son”.


Eu mesma escribín un poema dedicado á Illa, un día luminoso no tren que me traía de Vigo a Pontevedra e que invitaba á poesía:

Illa de San Simón
modelo de pintores
inspiración de poetas
illa dos meus amores.

Soña quedas na ría
só tes a compañía do mar
moito a min me gustaría
poderte un día debuxar.

Os trobadores che cantan
agora e na antigüidade
máis existiu un tempo infame
que non se pode esquecer.

Illa de San Simón
agarimosa como ningunha
cunha lingua de amor
xuntándose na túa ancostura.



Edificio da Illa de San Simón

AS ILLAS GALEGAS EN INTERNET

ILLA DE A CREBA

Interesante sobre esta Illa é o Relatorio que, no I CONGRESO DE CULTURA POPULAR MARIÑEIRA e na Mesa redonda celebrada nel sobre: “ O MAR NA CULTURA GALEGA”, e co título: “As Crebas, economía e cultura do lixo do mar”, deu Francisco X. Fernández Naval, de onde entresaco a parte correspondente á Illa de A Creba.

AS CREBAS, ECONOMÍA E CULTURA DO LIXO DO MAR

Por: Francisco X. Fernández Naval

Na Ría de Muros – Noia existe a **Illa da Creba**, que como Quebra aparece recollida nos documentos de Xelmírez, primeiro arcebispo de Compostela, alá polo século XII. A súa situación, a medio camiño entre a boca e o fondal da ría, provocaría que contra ela quebrasen as correntes, deixando na súa costa abundantes despojos. Pero se lembramos a idea da causa ou provocación dos naufraxios, quizais poderíamos atopar unha razón do seu nome na lenda que sobre a illa recolle Vicente Risco: “na



Creba había mouros que tiñan un templo do seu falso deus. Os cristiáns matáronos deixando só a filla do xefe. Esta invocou ao demo, que levantou unha tempestade, afogou aos cristiáns e separou a illa da terra. A moura

converteuse nun culebrón arrodeado de feras que afundían os barcos. Os cristiáns foron onde un santo home que lles aconsellou bendicir a illa e erguer a eirexiña da Nosa Señora da Creba”.

Sóño, lenda ou verdade, o certo é que ata ela entraban os piratas do sur e do norte, sarracenos e normandos, que ancoraban as naves ao seu abrigo, para logo penetrar terra dentro, dificultando as comunicacións e o abastecemento de Santiago de Compostela.

En 1115 os árabes atacaron Noia dende ela, polo que Xelmírez decidiu contratar expertos italianos, encargándolles o deseño e construción de galeras, apropiadas para a navegación pola ría, co obxecto de defender o litoral de Compostela, sempre ameazado, dando lugar así á que se considera a primeira armada peninsular.

Sábese tamén que houbo nela ermida e ermitán, acaso herdeiro do home santo da historia. O ermitán coidaba da ermida e da imaxe da virxe e sábese que entre a illa e terra firme houbo unha ponte que permitía o paso a pé.

Os mariñeiros e viaxeiros do carreto – barco de pasaxe que facía a ruta Noia – Muros ao pasar por diante da illa saudaban á virxe, pola que sentían unha grande devoción e moitos cantaruxaban a copla popular:

“Indo polo mar abaixo
o aire rifoume a vela;
Nosa Señora da Creba
díume o pano para ela”.



MAQUIEIRA

PESCA DEPORTIVA

Plaza de España, 4
Teléf.: 986 851 814

PONTEVEDRA



POEMAS MAGNÍFICOS DE MIRO VILLAR
EQUINOCIO DE PRIMAVERA, 1998

FOI NAS ILLAS LOBEIRAS

Foi nas Illas Lobeiras co mar por testemuña
do amor louco no entorno nun mínimo deserto
que escoitamos na noite cantos de desconcierto
a ecoar lonxe na serra, nos penedos da Ruña.

E fumos temerosos dun medo que rabuña
interrompendo os beixos coa dúbida do inceerto
do coñecer se a lenda puidese ter de certo
que os lobos descendaran como a xente supuña.

E na nosa incerteza non tivemos de conta
da fronteira das augas para coutar o medo
protexidos por ondas e cons de afiado gume.

Mais a nosa cegueira mudou logo en luz pronta
descubrinto que os urros proviñan do rochedo
no que faro Cee ronxe para as naos dende o cume.

(Ausencias Pretéritas, 1992)





Illa de Lobeira e distintas imaxes do seu faro.



Casalote
CAFETERIA

REVOLTA - NOALLA - TELF.: 986 74 55 18






ONS, ONZA, LOUXO E SAN XULIÁN DE AROUSA NO CATASTRO

Por: Francisco Calo Lourido

A colección histórico-documental dos arquivos provinciais máis consultada é moi posible que sexa o Catastro do Marqués da Ensenada. Os historiadores úsana como unha fonte primaria utilísima por mostrar unha foto fixa, ou mellor unha ecografía, que nos aproxima á realidade de mediados do século XVIII. Pero tamén moitos alleos á práctica da Historia recorren a ela por razóns que

Barrio de Canexol. Illa de Ons. 1975



teñen máis de económicas que de científicas (por exemplo, lindeiros dos montes en man común...). En Pontevedra realizouse o Catastro no ano 1751 e, no seguinte, foise facendo o da provincia. Con tódalas reservas coas que nos debemos aproximar a uns documentos que tiñan como finalidade última a de servir de base catastral, é dicir, de inventario sobre o que cotizar a facenda, o que espontaneamente invita ó ocultismo, imos facer nós agora unha pequena singradura por el, recorrendo catro das nosas illas pontevedresas e contribuíndo así a este número monográfico sobre as illas galegas.


Na parte correspondente á Xurisdición da Lanzada hai unha descrición das illas de Ons, Onza e Louxo, máis coñecida hoxe como A Toxa. As tres teñen en común o feito de non contar con habitantes nese ano de 1752. Vexamos o que delas se nos deixou dito, traducindo unicamente o orixinal español ó galego.

“**Illa de Ons.** Tamén é pertencente a esta Xurisdición a Illa nomeada de Ons, situada no Mar

da Lanzada, na bocana da Ría de Pontevedra, e a poñente da freguesía de Noalla, que é a terra firme máis inmediata, e dela a outra Illa haberá media legua de mar, a cal, segundo tradición xeralmente recibida, foi poboada e constitúe unha freguesía anexa a esta Xurisdición, de cuxa parroquia e doutros edificios se conservan actualmente os vestixios e monumentos, e terá de N. a S. unha legua, de

L. a P. un cuarto e de circunferencia dúas leguas e media, e todo o seu terreo está inculto: parte do chan produce pasto, do que se aproveitan, xeralmente, cantos queren levar a ela gando mular e bravo (*cerril*); pero non de la nin vacún, polo medo de que llelo rouben as embarcacións inimigas que adoitan facer augada na dita Illa, así como resgardarse nela contra o temporal; outra parte produce toxo, que tamén utilizan os que queiran collelo, tanto os veciños deste partido, como os da outra banda do mar, rozando (*leñando*) nela uns e outros en comunión; e producirá, cada ano, dous mil carros de toxo.

Illote de Onza. Asemade pertence a esta Xurisdición outro illote nomeado de Onza, inmediato ó antecedente, e ó mediodía del, que terá un cuarto de legua de circunferencia, cuxo terreo é inútil e o máis del pedregoso, a excepción de tal ou cal mancha que produce pasto para algún gando mular que se queira expor nel.



Illa de Onza

Illa de Louxo. Igualmente hai outra illa, nomeada Louxo, situada ó Leste da vila e Porto de San Martiño do Grove, distante de terra cincuenta pasos. Terá un cuarto de legua de latitude e media legua de lonxitude, a cal está cultivada e pertence ós veciños de dito porto, que a teñen dividida entre eles en pezas de labranza e doutras especies, e cada un declarou e expresou as súas na súa respectiva relación”.

Esta descrición textual do Catastro fai innecesaria calquera comentario. Queda claro que as tres illas estaban, nos mediados do S. XVIII, absolutamente despoboadas; pero, máis ou menos esporadicamente ou de xeito máis habitual, os veciños de Noalla e Bueu (“da outra banda do mar”) ceibaban gando nas illas de Ons e Onza e aproveitaban o toxo que medraba espontaneamente. Non figura nin o nome do propietario nin o da familia Montenegro, feudataria desde principios do S. XVI; pero seguiría pertencendo á Igrexa de Compostela, que a recibira en doazón de Afonso III, xunto coa súa igrexa de San Martiño, o 6 de maio do ano 899, así como a illa de Arousa, coa igrexa de San Xulián, a de Sálvora, tamén coa súa, e a Igrexa de San Vicente do Grove¹. Cómpre facer notar que, naquela altura, estas illas, O Grove tamén o era,



estaban habitadas por labregos, non por mariñeiros, e foron abandonadas en moitas ocasións por mor das sucesivas incursións devastadoras de normandos, sarracenos e ingleses². Outro tanto podemos dicir da illa de Louxo, que aparece citada na doazón que a nai de San Rosendo fixo ó mosteiro de Celanova, en 938, e na que figuran, entre outras, media vila de Bueu, unhas pesqueiras no Grove e 30 salinas, que están nunha corte (denominación usual para o conxunto de tallos salineiros) na illa de Loyxo (sic)³.

Nestes tempos, nos que a agricultura mudou escandalosamente neste noso país, no que as terras se deixan a monte e os tractores substitúen as vacas, hoxe estabuladas, o aproveitamento do toxo non ten xa utilidade ningunha. Por iso resulta difícil de valorar a importancia que os 2 000 carros, que de Ons se sacaban cada ano, tiñan para as terras de Noalla e Bueu. A illa do Grove estivo, desde moi cedo, dividida en dúas freguesías, unha labrega (San Vicente) e outra mariñeira (San Martiño). A pouca terra cultivable que os habitantes desta última tiñan complementábase cos menos de dous quilómetros cadrados desta illa de Louxo⁴, chan e con manancial que logo sería aproveitado, como é ben sabido, con fins terapéuticos.



ACTIVIDADES “Pineiróns”

Agradecemento á:



CONCELLO DE O GROVE


CASA DE CULTURA DE O GROVE

A **Illa de Arousa**, metida dentro da ría, pouco afastada da costa e con boa topografía para a práctica agrícola, atopábase moi poboada, cando nas fins do ano 1752 se estaba alí a realizar o Catastro. Entre a veciñanza, había labradores puros, mariñeiros igualmente puros e labradores mixtos, que dedicaban tres meses do ano ós traballos da pesca. Cómpre facer unha aclaración ó respecto. Entendo por labradores puros aqueles que se dedican exclusivamente ó traballo das terras, aínda que, esporadicamente, baixen ás praias na procura de argazo ou de marisco para consumo propio; por mariñeiros puros entendo aqueles que viven exclusivamente do traballo do mar, aínda que posúan algo de terra que complementa a súa alimentación ou a do porco ou galiñas que procuran criar. Os labregos mixtos teñen terras e facenda, pero, naqueles meses de menor actividade, nos que sobran brazos no campo, procuran unha complementariedade económica e alimentaria no mar. Neste breve artigo, ocupareime, en exclusiva, dos que tiñan algunha relación importante coa pesca.

No *Interrogatorio* do Catastro, dísenos que había na Illa 47 mariñeiros e 46 labrego-mariñeiros, estes con dedicación ó mar de tres meses anuais. Os medios de produción cos que contaban eran 7 lanchas xeiteiras e 49 dornas. Dos aparellos non se fala, pero necesariamente terían que ser liñas, xeitos, nasas, cordas (palangres), betas, tramallos e rañas ou garabetas, que lles permitirían matar sardiña, faneca, congro, pescada, pinto, maragota, polbo e crustáceos. Había tres embarcacións, amais das citadas: unha barca de pasaxe e un patache ou barco de cuberta, co seu bote auxiliar, no que se “veneficia sardina al Reyno

de Portugal”. Era a barca propiedade do cura de San Xulián, D. Benito Pérez del Castillo, e traballaban nela catro homes: Andrés Franco, Francisco de Outeiro, Joseph de Otero e Domingo de Otero, sendo os tres primeiros do lugar da Igrexa e, cando menos os dous primeiros, labrego-mariñeiros e o último do lugar da Torre e mariñeiro. Esta actividade reportáballe ó cura, a efectos catastrais, 141 reais anuais e 37 a cada un dos tripulantes.

O patache era propiedade de Joseph Mougán, labrego-mariñeiro, de 50 anos, casado, con dous fillos, Matías e Victoriano, de igual dedicación, e unha filla. Andan a bordo, facendo a ruta de Portugal con sardiña, os tres, xunto cun fillo de Carlos Señoráns, outro de Dominga Fernández e un terceiro, Manuel Benito, fillo de Manuel de Leiro. Pódese dicir que o armador era un home con posibles, ó que se lle adxudican dous quiñóns polo barco (400 reais por ano), un cuarto de quiñón polo bote (50 reais), máis o quiñón del e dos fillos (600 reais); cada un dos tres mariñeiros levaban, obviamente, o seu quiñón de 200 reais por ano. O total que, no Catastro, se lle adxudica de utilidade ó patache suma, xa que logo, 1 650 reais ó ano. Sabemos que, amais deste traballo de transportistas, pescaban igualmente nas lanchas xeiteiras, cobrando, como tódolos mariñeiros, un real e medio por día, utilidade que se lle adxudica a todos, tanto que traballen en dornas como na lancha do cura ou nas do xeito. O que non se di en ningures son os días de traballo anuais que se lle adxudican ós mariñeiros; pola contra, ós labrego-mariñeiros eran tres meses. Sabemos que, en Padrón, ós tripulantes das dornas calculábenselle seis meses.



Illa de Arousa. 1983

Da lectura do *Persoal de Legos, Estados e Real de Legos*, non sempre absolutamente coincidentes, pódense tirar múltiples datos e conclusións. Vou eu agora fixarme, unicamente, nuns aspectos moi concretos. No *Real de Legos*, vemos que o número de lanchas, que no *Interrogatorio* eran 7, serían seis e media, o que evidentemente é un erro, e as dornas sumarían 51, dúas máis das que figuran no documento anterior. Constatamos tamén que as lanchas sardiñeiras, como aquí se lles chama, pertencían 4 delas ós labrego-mariñeiros e 2 e media (figura a media de Domingo Rial García, pero falta a outra media) a mariñeiros. Das 51 dornas, 26 eran de labrego-mariñeiros, 22 e media de mariñeiros e 2 e media non consta (figuran no *Real de Legos*, onde se citan os bens;

caso de Andrés de Cores, casado, de 50 anos e propietario dunha casa dun andar (dun “alto”) no lugar de Igrexario, con bastante terra, unha dorna, unha lancha xeiteira, dous bois, unha xovenca, unha vaca con cría, tres ovellas e dous porcos. Isto semella máis propio dun labrador, polo que non admira que a este traballo se dedique en exclusiva o seu fillo, tamén casado e, posiblemente, o criado menor que ten. Máis normal é o caso de Andrés de Sampedro, 50 anos, casado e cun fillo tamén mariñeiro, posuidor dunha casa no lugar da Igrexa (tamén dun andar), algo, moi pouco, de terra, unha dorna e un porco. Este podíase ser un exemplo de mariñeiro puro. Veño de citar dúas casas de un andar das sete que aparecen no relatorio, sendo todas as demais, de mariñeiros e de labrego mariñeiros,

terreñas, é dicir, de planta baixa. Das outras catro, unha é a do labrego-mariñeiro Domingo de Dios, no lugar da Igrexa, home de 40 anos, casado, con tres fillos menores unha filla e un criado maior labrador; ten moita terra, unha lancha xeiteira, dous bois, unha becerra, dous porcos e dúas ovellas. Outra, no lugar da Torre, é de Ignacio de Dios, labrego-mariñeiro de 38 anos, casado, cun fillo menor e unha filla e dono de bastante terra, unha vaca con cría e un porco. Manuel de Leiro,



Dornas. Illa de Arousa. 1984

pero non no *Persoal de Legos*, onde se fai constar a profesión e a familia). Do anterior, aínda coas pequenas inexactitudes que fixen notar, podemos deducir que a capacidade inversora dos terrestres é superior á dos propiamente mariñeiros, xa que, aínda que por pouco, teñen a maior parte das embarcacións, cando só andan nelas tres meses ó ano.

En liñas xerais, vese unha maior riqueza entre os labrego-mariñeiros, como xa constatamos no citado Joseph Mougán, dono do patache; pero poderíamos mencionar moitos outros que eran propietarios de moita terra e facenda e que decidiron investir tamén no mar. Os máis pobres de todos os que figuran nos relatorios son os mariñeiros puros, pero entre estes tamén atopamos algúns con moitos bens,

seguramente labrador puro, pois figura aquí só por ter un fillo, Manuel Benito, que anda ó mar no patache de Joseph Mougán, ten casa dun andar na Torre, bastante terra, dous bois de labranza e dous porcos. O devandito Joseph Mougán ten tres casas, dúas en Pedra Serrada e outra no lugar da Torre; pero as tres son terreñas.

Certamente rico era o mariñeiro Miguel Suárez, de 40 anos, casado, cunha casa dun andar na Torre e outra máis, terreña, no mesmo lugar. Ten moita terra, unha dorna, unha vaca a medias en poder de Juan Ramos, outra en poder de Antonio Suárez, unha xovenca en poder de Lucas de Cores, dous bois, unha vaca con dúas crías, un porco e unha porca con dúas crías. Viven con el, amais da muller, a sogra, unha sobriña e un criado maior labrador.

Toda a poboación estudada estaba distribuída en catro lugares: 28 (17 labrego-mariñeiros e 11 mariñeiros) na Igrexa, 16 (7 labrego-mariñeiros, 7 mariñeiros e 2 incertos) na Torre, 9 (6 labrego-mariñeiros, 2 mariñeiros e 1 incerto) en Pedra Serrada e 3 (1 labrego-mariñeiro e 2 mariñeiros) en Igrexario. Dos demais non consta a residencia, por carecer de vivenda. Insisto en que só estou a estudar o que teña algunha relación co mar, non os campesiños puros. O número de veciños ou cabos de casa era de 70 (33 mariñeiros e 37 labrego-mariñeiros) e o total de persoas que conforman estes grupos estudados é de 305, correspondendo 170 ós labrego-mariñeiros e 135 ós mariñeiros.

Nun primeiro achegamento á cantidade de terra que cada veciño posúe, constatamos unha supremacía, lóxica, a favor dos labrego-mariñeiros, dos que 30 teñen moita fronte a 4 con pouca. A proporción entre os mariñeiros é de 14 con bastante, mentres que 12 teñen pouca ou ningunha. Novamente, vemos que as sumas non se corresponden coas cantidades do *Interrogatorio* (47 mariñeiros e 46 labrego-mariñeiros) nin do *Persoal de Legos* (33 veciños mariñeiros e 37 labrego-mariñeiros), por ser sacadas do *Real de Legos*, onde figuran os bens móbiles e as fincas rústicas e urbanas, de aí que a suma de veciños sexa menor: 60 que teñen algo, fronte a 33 que só dispoñen da súa forza de traballo, botando así a cantidade total de 93. Porcentualmente, teñen bastante terra o 65,2 % dos labrego-mariñeiros fronte ó 29,7 % dos mariñeiros. E aqueles supéranos tamén en cantidade de embarcacións.

A documentación constata tamén a práctica habitual de ter facenda á ganancia. Menciónanse 8 casos, cun total de 18-19 animais (non cadra a información), e nesta actividade si se produce un empate: catro de mariñeiros e catro de labrego-mariñeiros. O boi, vaca ou xovenca a medias están, case na súa totalidade, ó cargo de labregos puros. Este sistema practicouse ata

tempos moi recentes nos portos de mar, sendo un xeito habitual de capitalización e diversificación de bens, e sospeito que podería tamén ser unha manifestación das ansias do mariñeiro de ter propiedades en terra.

Con respecto á importancia económica da pesca na Illa, dispoñemos, segundo o Catastro, do seguinte: Cada mariñeiro, o mesmo os 47 de dedicación exclusiva como os 46 que só traballan tres meses ó ano, reciben de utilidade a cantidade de un real e dezasete marabedís (real e medio) por día de faena, os quiñóns do patache e do seu bote suman 450 reais por ano e o total das lanchas e dornas 11 340 reais por ano. A utilidade de 51 marabedís (real e medio) ó día que se regulaban a cada mariñeiro era certamente baixa, xa que, na altura, a dun peón era de 68 (dous reais), e, aínda que se compensara co quiñón de peixe, que tamén levaría para a casa, seguía sendo inferior á que se anotou en case tódolos portos veciños; así, en Padrón, Carril, Vilagarcía, Vilamaior, Vilanova, O Grove, Noalla, etc., por citar só portos limítrofes, eran 2 reais os que se regulaban; en Cambados, pola contra, regulaban



Illa de Arousa. 1984

igualmente real e medio ós das dornas, mentres que a utilidade dos das lanchas era de 3 reais. Se no *Interrogatorio* de Padrón se di que as dornas só traballaban seis meses ó ano, dos demais portos non se indica nada.

BAR LONXA

PORTONOVO

Teléf: 986724333

ESPECIALIDAD


* ALBARIÑO

* PESCADITOS

* MARISCOS

EL PUERTO. CÓMODA TERRAZA

Dorna. Illa de Arousa. 2004



Aínda poderíamos seguir extraendo máis datos desta fonte documental, como o número de membros das unidades familiares, a cifra de animais domésticos, a extensión das terras de cultivo, etc. Teño en preparación un traballo de conxunto sobre toda a costa da provincia de Pontevedra e nel serán tratados outros moitos aspectos e, sobre todo, poderase ver o noso mar de xeito global, ó tempo que se farán notar as diferenzas entre portos⁵.

¹O documento de doazón, da Era DCCCCXXXVII (899 d.C), menciona, entre outras, "... insulam Aones cum ecclesia Sci. Martini; insulam Arauca cum ecclesia sci. Iuliani ibi fundata; item insulam Saluare cum ecclesia ibi sita, et ecclesiam sci. Vincentii in insula Ocobre cum dextris suis" (LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1898): Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Tomo I. Santiago, Apéndices, páx. 47.

²Lembremos o artigo que publiquei nesta mesma revista, dando conta dunha cacería que os de Portonovo fixeron sobre os mouros que deron á costa na illa de Ons, naquel primeiro de maio de 1634: CALO LOURIDO, Francisco (2002): "Unha cacería de mouros na illa de Ons". Aunios. Nº 5. Asociación Cultural-Gastronómica PineirÓns, O Grove, pp. 52-54.

³Di así o documento, do 27 de febreiro de 938: "In Morratio medietatem de villa Bueo cum domos et intrinsecis eius... In Saliense in insula que dicent Loyxo XXX salinas que sunt in una corte ab integro. Piscarias de Ograva illas que fuerunt de regalengo quas nobis concessit rex domnus Hordonius..." (ANDRADE, José M. (1995): O Tombo de Celanova: Estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII). Tomo I. Consello da Cultura Galega. Santiago, doc. 4. Con respecto ás pesqueiras do Grove, penso que se trataría dunha especie de comboas ou cercados, máis ou menos permanentes ou de quita e pon. Remito ós interesados en coñecer as primeiras referencias cronolóxicas dos portos galegos a CALO LOURIDO, Francisco (2003): "Achegamento á pesca, ós seus protagonistas e ós seus territorios (S. XII-XVI)". In CALO LOURIDO, F. (Coord.): Actas do Simposio de Historia Marítima do Século XII ao XVI. Pontevedra e o Mar. Concello de Pontevedra, Pontevedra, pp. 19-42.

⁴En todas partes é, hoxe, coñecida a illa como A Toxa, manténdose o vello topónimo nun dos hoteis alí emprazados. É sabida a tradición que narra a orixe da explotación das augas termais cloruradosódicas, a partir de 1842, na curación dun asno sarnoso que foi alí abandonado e, pouco tempo despois, veuse que estaba san.

⁵FONTES: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Catastro do Marqués da Ensenada. Caixas 548 (Interrogatorio Xurisdición da Lanzada), 556, 653 e Libro 147 (Interrogatorio, Persoal e Real de Legos de San Xulián de Arousa).

Faro Punta Cabalo, Illa de Arousa. 2004

